# PROGRAMACIÓN CURSO 2019-20

## DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA E HISTORIA

XH - IESGTB

IES GONZALO TORRENTE BALLESTER
PONTEVEDRA

# ÍNDICE


**I.- INTRODUCIÓN** **3**
1.- Contexto 4
2.- Composición do departamento 4

**II.- ESO** **5**
1.- Introdución 6
2.- Contribución da materia ás competencias clave 7
3.- Relación da materia cos obxectivos (LOMCE) 8

1º CURSO **9**
1.- Contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe.
Relación coas competencias e os obxectivos. 10
2.- Secuencia e temporalización 13

2º CURSO **14**
1.- Contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe.
Relación coas competencias e os obxectivos. 15
2.- Secuencia e temporalización 19

3º CURSO **20**
1.- Contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe.
Relación coas competencias e os obxectivos. 21
2.- Secuencia e temporalización 24

4º CURSO **25**
1.- Contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe.
Relación coas competencias e os obxectivos. 26
2.- Secuencia e temporalización 31

**Cuestións a considerar en ESO** **32**
1.- Procedementos e instrumentos de avaliación 32
2.- Criterios de cualificación 33
3.- Estándares básicos 35
4.- Os temas transversais 35
5.- Metodoloxía didáctica 35
6.- Materiais e recursos didácticos 36
7.- Medidas de atención á diversidade 37
A) Adaptacións curriculares
B) Programas de mellora da aprendizaxe e o rendemento
(PMAR – 3º de ESO)
8.- Actividades de recuperación de materias pendentes 37
9.- Atención ao alumnado repetidor e ás súas distintas características 37
10.- Actividades complementarias e extraescolares 37
11.- Contribución da área de Xeografía e Historia ao proxecto lector 38
12.- Contribución ao Plan de integración das TIC 38

**III.- BACHARELATO** **39**
1º CURSO. HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO. **40**
1.- Introdución 41
2.- Obxectivos do Bacharelato 42
3.- Contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe.
Relación coas competencias e os obxectivos. 43

4.- Temporalización 51
5.- Orientacións metodolóxicas 51


XH - IES GTB

2º CURSO. HISTORIA DE ESPAÑA. **52**
1.- Introdución 53
2.- Contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe. Relación coas competencias e os obxectivos. 54
3.- Temporalización 65
4.- Orientacións metodolóxicas 65
5.- Cuestións a considerar 66

2º CURSO. XEOGRAFÍA. **67**
1.- Introdución 68
2.- Contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe. Relación coas competencias e os obxectivos. 69
3.- Temporalización 79
4.- Orientacións metodolóxicas 79
5.- Instrumentos de avaliación. Criterios de cualificación 80

2º CURSO. HISTORIA DA ARTE. **81**
1.- Introdución 82
2.- Contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe. Relación coas competencias e os obxectivos. 83
3.- Temporalización 99
4.- Instrumentos de avaliación. Actividades de recuperación. Criterios de cualificación. 99
5.- Orientacións metodolóxicas 101
6.- Materiais e recursos didácticos 101

**Cuestións a considerar en Bacharelato** **102**
1.- Instrumentos de avaliación 102
2.- Criterios de cualificación 102
3.- Estándares básicos 103
4.- Materiais e recursos didácticos 103
5.- Actividades de recuperación de materias pendentes 104
6.- Actividades complementarias 104
7.- Alumnado de 2º Bacharelato de cambio de modalidade ao pasar de 1º a 2ºBacharelato 104
8.- Relación da programación 2ºBacharelato coa ABAU 104

**IV. MATERIAS DE LIBRE CONFIGURACIÓN** **105**
1. PAISAXE E SUSTENTABILIDADE 106
2. TÉCNICAS DE COMENTARIO DE TEXTOS HISTÓRICOS 112
3. AMPLIACIÓN DE HISTORIA DE ESPAÑA 117

**V. INDICADORES DE LOGRO. MODIFICACIÓNS NA PROGRAMACIÓN** **126**
1.- INDICADORES DE LOGRO: AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE E DA PROGRAMACIÓN 127
2.- MODIFICACIÓNS NA PROGRAMACIÓN CON RESPECTO AO CURSO 2018-19 129

**VI. APROBACIÓN DA PROGRAMACIÓN** **130**
1.- Aprobación da programación 131

**ANEXO I. Síntese do PEC**

**ANEXO II. Estándares básicos ESO e Bacharelato**

**ANEXO III. Ponderacións por materias ESO e Bacharelato**

XEA IES GTB

# I. INTRODUCIÓN

XH - IES GTB

## 1.- Contexto.

Unha programación de Departamento debe ser a ferramenta que guíe o traballo en cada curso e cada centro concretos. Como tal, debe estar baseada na análise do alumnado e a comunidade educativa ao que vai dirixida. No noso caso, contamos cunha recente análise do contexto, realizada no marco da actualización do PEC acometida no ano 2013, e cuxas conclusións sintetizamos no ANEXO I.

Parte fundamental do contexto é o marco lexislativo no que nos movemos, caracterizado desgraciadamente na actualidade pola sensación de provisionalidade derivada da existencia dunha lei orgánica "suspendida" e un horizonte pouco claro en relación cunha hipotética reforma xeral do sistema educativo. É por isto que a presente debe ser unha programación especialmente flexible e aberta, que entendemos como un instrumento en permanente revisión e perfeccionamento; as modificacións ou melloras que se podan ir acordando en reunión de Departamento serán oportunamente recollidas en acta e engadidas provisionalmente en anexos que se incorporarán ao corpo xeral do documento xa a partir deste curso escolar.

## 2.- Composición do Departamento.

CRISTINA OGANDO DÍAZ, PES. Xefa de Departamento. Impartirá: Hª da Arte de 2º de Bacharelato (2 grupos), Xeografía e Historia de 1º de ESO (2 grupos) e Voluntariado Escolar de 1º de Bacharelato (materia dependente do departamento de Biblioteca) (1 grupo). Total: 15 horas.

Mª MONTSERRAT GARCÍA-LASTRA MERINO, PES. Impartirá: Historia de España de 2º de Bacharelato (4 grupos), Xeografía e Historia de 4º de ESO (1 grupo), Ampliación de Historia de España de 2º de Bacharelato (1 grupo) e Paisaxe e Sustentabilidade de 1º de ESO (1 grupo). Total: 17 horas.

Mª do CARME CARRAL CORBACHO, PES. Impartirá: Xeografía e Historia de 2º ESO (3 grupos) e Hª do Mundo Contemporáneo (2 grupos). Total: 17 horas.

ANA MARTÍN FERNÁNDEZ, PES. Impartirá: Xeografía e Historia de 3ºESO (4 grupos), Xeografía de España de 2º de Bacharelato (2 grupos). Total: 20 horas.

ALBERTO VEIGA PUENTE, PES. Impartirá: Xeografía e Historia de 1º ESO (4 grupos), Xeografía e Historia de 4º ESO (2 grupos) e Técnicas de Comentario de Textos Históricos de 1º de Bacharelato (2 grupos). Total: 20 horas.

Total de horas propias do departamento: 88 horas.
Horas dependentes doutros departamentos: 1 (Voluntariado Escolar, dependente do departamento de Biblioteca).

Niveis con máis dun profesor:

- Xeografía e Historia 1º ESO:
  - CRISTINA OGANDO DÍAZ (2 grupos)
  - ALBERTO VEIGA PUENTE (4 grupos)
- Xeografía e Historia 4º ESO:
  - Mª MONTSERRAT GARCÍA-LASTRA MERINO (1 grupo)
  - ALBERTO VEIGA PUENTE (2 grupos)

XH - IES GTB

# II. ESO

XH - IES GTB

## **1.- INTRODUCIÓN**.

O coñecemento da sociedade, a súa organización e funcionamento ao longo do tempo é esencial para poder entender o mundo actual. Coñecer o espazo onde se desenvolven as sociedades, os recursos naturais e o uso que se deu a estes, apórtanos datos sobre o pasado e permítenos anticipar algúns dos problemas do futuro.
As disciplinas de Xeografía e Historia son dous importantes eixes vertebradores para o coñecemento da sociedade, xa que contemplan a realidade humana e social dende unha perspectiva global e integradora e ofrecen unha maior capacidade para a estruturación dos feitos sociais; sen embargo a sociedade actual, cada vez máis complexa, require da intervención doutras disciplinas como a Economía, Socioloxía, Ecoloxía ou Historia da Arte, que aportan análises diferentes e complementarios, para a mellor comprensión da realidade social.
Na ESO, a materia de Xeografía e Historia pretende profundar nos coñecementos adquiridos polos estudantes na Educación Primaria, favorecer a comprensión dos acontecementos, procesos e fenómenos sociais no contexto no que se produce, tendo sempre en consideración as diferentes escalas de estudo (mundo, Europa, España, Galiza), analizar os procesos que dan lugar aos cambios históricos e seguir adquirindo as competencias necesarias para comprender a realidade do mundo no que viven, as experiencias colectivas pasadas e presentes, a súa orientación no futuro, así como o espazo no que se desenvolve a vida en sociedade.
A xeografía é un coñecemento que permite comprender a manifestación dos intereses e proxectos das persoas e dos grupos sociais nun determinado medio ambiente. Achega ao alumnado aos principios de interacción das sociedades coa súa contorna física, e posibilita que poida valorar a actuación das mulleres e os homes no espazo e as potencialidades e restricións do medio. Favorece tamén que o alumnado poida adquirir un maior grado de conciencia en relación coa organización espacial das sociedades, as súas dimensións demográficas, económicas ou sociais, os modos de intervención e os seus posibles impactos. Por outra banda, a historia é unha forma de coñecemento que permite situarse de forma crítica ante a interpretación das accións dos seres humanos, considerados como seres sociais e temporais. Entendemos a historia como a explicación dos cambios e das acumulacións que a sociedade experimenta ao longo do tempo; unha ciencia que considera o presente como un obxecto de estudo en constante diálogo co pasado, na que os acontecementos e as accións individuais explícanse nunha relación mutua coas estruturas, coas formacións sociais, políticas, económicas, ideolóxicas ou culturais. A comprensión dos feitos e fenómenos sociais no contexto en que se producen e a análise dos procesos de cambio histórico na sociedade, adquiren sentido na valoración, comprensión e enxuizamento dos trazos e problemas centrais da sociedade no momento actual. Desde esta perspectiva, é conveniente proporcionar ao alumnado un coñecemento global necesario para a interpretación da realidade actual como construción humana no curso do tempo e como marco xeral para a comprensión do tempo histórico.
O mundo actual esixe persoas ben preparadas, conscientes das súas responsabilidades con elas mesmas e cos demais. A súa formación hase facer con rigor facilitándolles aqueles coñecementos e axudándoas a desenvolver aquelas capacidades que lles permitan situarse no seu mundo e participar na súa construción.

XH - IES GTB

**2.- CONTRIBUCIÓN DA MATERIA ÁS COMPETENCIAS CLAVE.**

O aporte da Xeografía e Historia ao desenvolvemento das competencias clave é moi relevante. Deste xeito poderiamos dicir que a través da materia desenvólvense competencias que na práctica funcionan como propias: as Competencias sociais e cívicas en relación con contidos propios tanto da Historia como da Xeografía e a Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía en Xeografía; a Competencia de conciencia e expresións culturais ten unha presenza destacada pola relación que o estudo das manifestacións artísticas e a evolución do pensamento e da cultura teñen na Historia, e de maneira específica, na Historia da Arte. A importancia que a materia ten para o desenvolvemento da Competencia sentido da iniciativa e espírito emprendedor evidénciase na dimensión conceptual de dita competencia posta en relación con coñecementos de xeografía e historia económicas, pero tamén na dimensión máis procedemental dela. O desenvolvemento das competencias de Comunicación lingüística, Dixital e de Aprender a aprender impregnan todo o currículo da Xeografía e Historia pois presentan unha dimensión instrumental que nos obriga a telas presentes ao longo dos catro cursos da ESO.

Estas materias unen ao carácter instrutivo o contextualizador, axudando a centrar unha información dentro dunha perspectiva social. A área de ciencias sociais resulta fundamental para o desenvolvemento das **competencias sociais e cívicas**, posto que facilitan as relacións dentro dun modelo de sociedade cada vez máis plural, e así mesmo a comprensión da realidade social. É ben coñecido o papel que as ciencias sociais xogaron na conformación das identidades sociais e territoriais. Na medida en que constrúen as categorías de tempo e espazo social permiten a construción de tempo e espazo persoal no alumnado. Pero, para que estas categorías se traduzan no desenvolvemento dunha competencia social democrática e posibiliten unha interacción responsable co medio, teñen que incorporar a visión de que o mundo en que vivimos é froito das decisións que tomaron os nosos antepasados máis ou menos libremente. Esta visión permitiralle ao alumnado adquirir a conciencia de que o futuro está condicionado polas nosas decisións e actuacións, e adoptar, polo tanto, unha posición comprometida e responsable ante este.

A **competencia conciencia e expresións culturais** supón apreciar, comprender e valorar as diferentes manifestacións culturais e artísticas materiais e inmateriais, utilizalas para o enriquecemento persoal e estimalas como elementos do patrimonio cultural de que dispoñemos e que resulta necesario preservar. A contribución da área concrétase facilitando a selección e coñecemento de obras de arte relevantes, tanto polo seu significado na caracterización de estilos e artistas como polo seu papel como representación dos valores da sociedade que os creou.

No mundo actual é innegable a importancia que ten a **competencia dixital** para a comprensión dos fenómenos sociais e históricos. Poder contar con certas habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar a información e transformala en coñecemento. As TIC resultan imprescindibles na sociedade da información en que vivimos, aumentan as posibilidades de comunicación e axilizan os intercambios, mesmo poden propiciar formas de traballo cooperativo que abarquen espazos físicos e sociais cada vez máis amplos, que son precisamente os que interesa coñecer desde esta área. En todo caso, debe insistirse en que a información é preciso saber utilizala, xa que por si mesma non produce unha forma axeitada de coñecemento. Por iso, é necesario comprendela e integrala nos esquemas previos de coñecemento e, así mesmo, capacitarse para a transmisión desta información do xeito máis eficaz posible.

Na medida en que a linguaxe é un vehículo imprescindible de comunicación no proceso de ensinanza aprendizaxe, a **competencia en comunicación lingüística** resulta central. A lingua é o principal instrumento para organizar o pensamento, para aprender e para explicar. Co discurso é posible describir, narrar, disertar e argumentar, e así mesmo, adquirir un vocabulario preciso e específico das ciencias sociais que deberá asumir o alumnado, como tamén a capacidade para utilizalo e xeneralizalo correctamente. Esta competencia implica o dominio das habilidades de ler e escribir diferentes tipos de textos cada vez máis complexos e que resultan fundamentais como elementos de información social e histórica. Trátase de ser capaces de expoñer clara e sistematicamente as ideas, argumentando con rigor e precisión.

A **competencia para aprender a aprender** supón iniciarse na aprendizaxe e continuala dun xeito autónomo. Do que se trata é de ter ferramentas que faciliten a aprendizaxe e de atopar repostas que se correspondan cun coñecemento racional, asumindo que poden ser diversas e que é posible atopalas desde distintas perspectivas metodolóxicas.

Na correspondente publicación do Diario Oficial de Galicia non se contempla a contribución da Xeografía e a Historia á **competencia Matemática e científica** nin á de **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor**. Porén, o departamento considera que os contidos xeográficos e estatísticos se vinculan directamente á competencia matemática e científica, mentres que a segunda plásmase en tódolos momentos nos que se require da organización do traballo tanto individual como colectivo.

## 3.- RELACIÓN DA MATERIA COS OBXECTIVOS (LOMCE)

As asignaturas da área de Xeografía e Historia son especialmente relevantes na consecución dos obxectivos da ESO. En **tódolos niveis** traballase para que o alumnado poda alcanzar os obxectivos marcados na lexislación; mantemos a redacción da norma (mesmo a letra inicial), pero reordeándoos en bloques segundo a súa relación coa nosa área.

I. OBXECTIVOS DIRECTAMENTE VENCELLADOS COS CONTIDOS DAS MATERIAS. Son aqueles que, debido á propia definición dos contidos tratados nas materias de Xeografía e Historia, son evidentemente desenvolvidos en todos e cada un dos niveis da ESO. No caso do obxectivo f), a configuración da materia como suma de dúas, ás veces paralelas e ás veces superpostas, implica xa o seu tratamento; ademais, son constantes na aula as referencias ao desenvolvemento científico ou a aplicación dos coñecementos adquiridos noutras áreas (matemáticas, ciencias naturais...).

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus **dereitos** no respecto aos demais, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos, exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a **igualdade** de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da **cidadanía** democrática.
c) Valorar e respectar a **diferenza** de sexos e a **igualdade** de dereitos e oportunidades entre eles. **Rexeitar** a **discriminación** das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. **Rexeitar** os **estereotipos** que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como **rexeitar** a **violencia**, os **prexuízos** de calquera tipo, os comportamentos sexistas e **resolver pacificamente os conflitos**.
j) **Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural, coñecer mulleres e homes** que realizaron achegas importantes a cultura e sociedade galega ou a outras culturas do mundo.
l) **Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas**, utilizando diversos medios de expresión e representación.
k) Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa **saúde**, o **consumo**, o coidado dos seres vivos e o **medio ambiente**, contribuíndo á súa conservación e mellora.
m) **Coñecer e valorar** os aspectos básicos do **patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia,** participar na súa conservación e mellora e **respectar a diversidade** lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara o exercicio deste dereito.
n) Coñecer e valorar a importancia do uso do noso **idioma** como elemento fundamental para o mantemento da nosa **identidade** e como medio de relación interpersoal e expresión de **riqueza cultural** nun contexto plurilingüe, que nos comunica con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

f) Concibir o **coñecemento científico** como un saber **integrado**, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.

II. OBXECTIVOS RELATIVOS A CUESTIÓNS INSTRUMENTAIS. Centrados nas competencias lingüística, dixital, de aprender a aprender ou de sentido da iniciativa e espíritu emprendedor, consideramos que se atopan no núcleo do noso quefacer; neste sentido, por exemplo, concedemos crecente importancia ó tratamento da información, comentario de textos, etc. Aplicamos por exemplo rúbricas para a cualificación de traballos escritos realizada en colaboración co departamento de Lingua e Literatura Galega.

h) **Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito**, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

b) Desenvolver e consolidar **hábitos** de disciplina, **estudo e traballo individual e en equipo** como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da **aprendizaxe** e como medio de desenvolvemento persoal.
e) Desenvolver destrezas básicas na **utilización das fontes de información** para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a **participación**, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, **planificar**, **tomar decisións e asumir responsabilidades**.

## 1º CURSO

XH - IES GTB

## 1.- CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE. RELACIÓN COAS COMPETENCIAS E OS OBXECTIVOS.

| Xeografía e Historia. 1º ciclo ESO. 1º curso. | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | **Bloque 1. O medio físico** | | | |
| b<br>e<br>f<br>g | B1.1 A Terra: A Terra no Sistema Solar. | B1.1 Coñecer o Sistema Solar e establecer as relacións entre os movementos da Terra e a existencia das estacións e do día e da noite, e comprender a súa importancia na distribución dos climas e da Biota. | XHB1.1.1 Interpreta como inflúen os movementos astronómicos na distribución da radiación solar e nas zonas bioclimáticas do Planeta. | CAA<br>CMCTT<br>CD |
| | | | XHB1.1.2 Analiza un mapa de fusos horarios e diferencia zonas do planeta de similares horas. | CAA<br>CMCTT<br>CD |
| b<br>e<br>f<br>g | B1.2 A representación da Terra. A escala e a linguaxe cartográfica | B1.2 Identificar e distinguir os diferentes sistemas de representación cartográfica, tanto en soporte analóxico como dixital e as súas escalas. | XHB1.2.1 Clasifica e distingue distintas proxeccións e compara unha proxección de Mercator con unha de Peters. | CAA<br>CMCTT<br>CD |
| b<br>e<br>f<br>g | B1.3 As proxeccións e os sistemas de coordenadas. As imaxes satélite e os seus principais usos. | B1.3 Analizar e identificar o mapa e coñecer as imaxes satélite e os seus usos principais. | XHB1.3.1 Clasifica e distingue tipos de imaxes satélite e mapas. | CAA<br>CMCTT<br>CD |
| b<br>e<br>f<br>g | B1.4 A localización. Latitude e lonxitude. | B1.4 Localizar espazos xeográficos e lugares nun mapa ou imaxe satélite, utilizando datos de coordenadas xeográficas. | XHB1.4.1 Localiza un punto xeográfico nun planisferio e distingue os hemisferios da Terra e as súas principais características. | CAA<br>CMCTT<br>CD |
| | | | XHB1.4.2 Localiza espazos xeográficos e lugares nun mapa utilizando datos de coordenadas xeográficas. | CAA<br>CMCTT<br>CD |
| b<br>e<br>f<br>g<br>h | B1.5 Os trazos principais do relevo do mundo. O Clima: elementos e factores. A diversidade climática no planeta. | B1.5 Localizar no mapamundi físico as principais unidades do relevo mundiais e os grandes ríos e as grandes zonas climáticas e identificar as súas características. | XHB1.5.1. Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo europeo e mundial. | CAA<br>CMCTT<br>CD |
| b<br>e<br>f<br>g<br>h | B1.6 Medio físico do mundo e de Europa: relevo e hidrografía. | B1.6 Ter unha visión global do medio físico, europeo e mundial e das súas características xerais. | XHB1.6.1 Localiza nun mapa físico mundial os principais elementos e referencias físicas: mares e océanos, continentes, illas e arquipélagos máis importantes, ademais dos ríos e as principais cadeas montañosas. | CAA<br>CMCTT<br>CD<br>CCL |
| | | | XHB1.6.2 Elabora climogramas e mapas que sitúen os climas do mundo e reflicten os elementos máis importantes. | CAA<br>CMCTT<br>CD<br>CCL |
| b<br>e<br>f<br>g<br>h<br>k | B1.7 O medio natural europeo. Principais trazos | B1.7 Ser capaz de describir as peculiaridades do medio físico europeo. | XHB1.7.1 Explica as características xerais do relevo europeo. | CAA<br>CMCTT<br>CD<br>CCL<br>CAA |
| b<br>e<br>f<br>g | B1.8 As unidades do relevo do espazo xeográfico europeo. | B1.8 Situar no mapa de Europa as principais unidades e elementos do relevo continental. | XHB1.8.1 Localiza no mapa as principais unidades e elementos do relevo europeo. | CAA<br>CMCTT<br>CD |
| b<br>e<br>f<br>h<br>k | B1.9 Os conxuntos bioclimáticos do espazo xeográfico europeo. | B1.9 Coñecer, comparar e describir os grandes conxuntos bioclimáticos que conforman o espazo xeográfico europeo. | XHB1.9.1 Clasifica e localiza nun mapa os distintos tipos de clima de Europa. | CAA<br>CMCTT<br>CD<br>CCL |
| | | | XHB1.9.2 Distingue e localiza nun mapa as zonas bioclimáticas do noso continente. | CAA<br>CMCTT<br>CD |
| b<br>e<br>f<br>k | B1.10 A diversidade de espazos naturais europeos. | B1.10 Coñecer os principais espazos naturais do noso continente. | XHB1.10.1 Localiza nun mapa e en imaxes satélite de Europa os principais espazos naturais. | CAA<br>CMCTT<br>CD |
| b<br>e | B1.11 O medio natural: áreas e problemas | B1.11 Coñecer, describir e valorar a acción do ser humano sobre o medio | B1.11.1 Realiza buscas en medios impresos e dixitais referidas a problemas medioambientais | CAA<br>CMCTT |

| Xeografía e Historia. 1º ciclo ESO. 1º curso. | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| f<br>g<br>h<br>k | medioambientais. | ambiente e as súas consecuencias. | actuais e localiza páxinas e recursos web directamente relacionados con eles . | CD<br>CCL |
| | Bloque 3. A Historia | | | |
| g<br>j | B3.1 A relación entre o pasado, o presente e o futuro a través da Historia. | B3.1 Recoñecer que o pasado “non está morto e enterrado”, senón que determina ou inflúe no presente e nos diferentes posibles futuros e nos distintos espazos. | XHB3.1.1 Identifica elementos materiais, culturais ou ideolóxicos que son herdanza do pasado. | CSC<br>CCEC |
| g<br>j | B3.2 As fontes históricas. | B3.2 Identificar, nomear e clasificar fontes históricas e explicar diferenzas entre interpretacións de fontes diversas. | XHB3.2.1 Nomea e identifica catro clases de fontes históricas. | CSC<br>CAA |
| | | | XHB3.2.2 Comprende que a historia non se pode escribir sen fontes, xa sexan restos materiais ou textuais. | CSC<br>CAA |
| | | | XHB3.2.3 Compara dous relatos a distintas escalas temporais sobre as conquistas de Alexandre. | CSC<br>CAA |
| j | B3.3 Cambio e continuidade. | B3.3 Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia, diferenciando períodos que facilitan o seu estudo e interpretación. | XHB3.3.1 Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos relevantes utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade. | CSC<br>CMCCT |
| f<br>j | B3.4 O tempo histórico.. | B3.4 Entender que os acontecementos e procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía). | XHB3.4.1 Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos. | CSC<br>CMCCT |
| h<br>j | B3.5 O vocabulario histórico e artístico. | B3.5 Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado. | XHB3.5.1 Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época. | CSC<br>CCL |
| f<br>j | B3.6 A evolución das especies e a hominización. | B3.6 Entender o proceso de hominización. | XHB3.6.1 Recoñece os cambios evolutivos ata chegar á especie humana. | CSC<br>CMCCT |
| f<br>j | B3.7 A periodización da Prehistoria e a Idade Antiga. | B3.7 Datar a Prehistoria e a Idade Antiga e distinguir a diferente escala temporal de etapas como estas. | XHB3.7.1 Distingue etapas dentro da Historia Antiga. | CSC<br>CMCCT |
| f<br>g<br>j | B3.8 A Prehistoria e a Idade Antiga: unha visión global. | B3.8 Identificar e localizar no tempo e no espazo os procesos e acontecementos históricos máis relevantes da Prehistoria e a Idade Antiga para adquirir unha perspectiva global da súa evolución. | XHB3.8.1 Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos . | CSC<br>CMCCT<br>CAA |
| c<br>g<br>h<br>j<br>l<br>m | B3.9.1 Paleolítico: etapas; características das formas de vida; os cazadores colectores.<br>B3.9.2 Neolítico: a revolución agraria e a expansión das sociedades humanas; sedentarismo; artesanía e comercio; organización social.<br>B3.9.3 A prehistoria galega: os megálitos, os petróglifos. | B3.9 Coñecer as características da vida humana correspondentes aos dous períodos nos que se divide a Prehistoria: Paleolítico e Neolítico. | XHB3.9.1 Explica a diferenza entre os dous períodos nos que se divide a prehistoria e describe as características básicas da vida en cada un dos períodos. | CSC<br>CCL<br>CAA |
| | | | XHB3.9.2 Analiza a transcendencia da revolución neolítica e o papel da muller nela. | CSC<br>CAA |
| j<br>l | B3.10 A aparición dos ritos: restos materiais e artísticos, pintura e escultura. | B3.10 Identificar os primeiros ritos relixiosos. | XHB3.10.1 Recoñece as funcións dos primeiros ritos relixiosos como os da deusa nai. | CSC<br>CCEC |
| a<br>c<br>d<br>g<br>h<br>j | B3.11 A Idade Antiga: as primeiras civilizacións urbanas. Mesopotamia e Exipto. Sociedade, economía e política. | B3.11 Coñecer algunhas características da vida humana neste período así como o establecemento e a difusión de diferentes culturas urbanas, despois do neolítico. | XHB3.11.1 Describe formas de organización socio-económica e política, novas ata entón, como os diversos imperios de Mesopotamia e de Exipto. | CSC<br>CAA<br>CCL |

| Xeografía e Historia. 1º ciclo ESO. 1º curso. | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| g<br>h<br>j | B3.12 A Idade Antiga: a invención da escritura. | B3.12 Recoñecer a importancia do descubrimento da escritura. | XHB3.12.1 Diferencia entre as fontes prehistóricas (restos materiais, ágrafos) e as fontes históricas (textos). | CSC<br>CAA |
| f<br>g<br>h<br>j | B3.13 A Idade Antiga: a historia de Exipto. | B3.13 Explicar as etapas nas que se divide a historia de Exipto. | XHB3.13.1 Interpreta un mapa cronolóxico-xeográfico da expansión exipcia. | CSC<br>CMCCT<br>CAA |
| | | | XHB3.13.2 Describe as principais características das etapas históricas nas que se divide Exipto. | CSC<br>CCL |
| g<br>h<br>j | B3.14 A Idade Antiga: a relixión Exipcia. | B3.14 Identificar as principais características da relixión exipcia. | XHB3.14.1 Explica como materializaban os exipcios a súa crenza na vida do máis alá. | CSC<br>CCEC<br>CCL |
| | | | XHB3.14.2 Realiza un mapa conceptual cos principais deuses do panteón exipcio. | CSC<br>CCEC<br>CAA |
| g<br>h<br>j | B3.15 A Idade Antiga: a arte en Mesopotamia e Exipto. | B3.15 Localizar e describir algúns exemplos arquitectónicos de Exipto e de Mesopotamia. | XHB3.15.1 Localiza nun mapa os principais exemplos da arquitectura exipcia e da mesopotámica. | CSC<br>CCEC<br>CAA |
| a<br>c<br>d<br>g<br>h<br>j | B3.16 O mundo clásico. Grecia: as “polis” gregas e a súa expansión. | B3.16 Coñecer os trazos principais das “polis” gregas e a transcendencia do concepto “Democracia”. | XHB3.16.1 Identifica distintos trazos da organización socio-política e económica das polis gregas a partir de diferente tipo de fontes históricas. | CSC<br>CAA |
| | | | XHB3.16.2 Describe algunhas das diferenzas entre a democracia grega e as democracias actuais. | CSC<br>CCL<br>CAA |
| g<br>j | B3.17 O mundo clásico. Grecia: a expansión comercial e política das “polis” gregas. | B3.17 Entender a transcendencia do concepto “Colonización”. | XHB3.17.1 Localiza nun mapa histórico as colonias gregas do Mediterráneo. | CSC<br>CAA |
| a<br>c<br>d<br>g<br>j | B3.18 O Mundo clásico. O imperio de Alexandre Magno e os seus sucesores: o helenismo. | B3.18 Distinguir entre o sistema político grego e o helenístico. | XHB3.18.1 Elabora un mapa do Imperio de Alexandre. | CSC<br>CAA |
| | | | 1XHB3.8.2 Contrasta as accións políticas da Atenas de Pericles co Imperio de Alexandre Magno. | CSC<br>CAA |
| f<br>g<br>h<br>j<br>l | B3.19 O mundo clásico. Grecia e o helenismo: a arte, a ciencia, o teatro e a filosofía. | B3.19 Entender o alcance do “clásico” na arte e a cultura occidentais . | XHB3.19.1 Explica as características esenciais da arte grega e a súa evolución no tempo. | CSC<br>CCEC<br>CCL |
| | | | XHB3.19.2 Dá exemplos representativos das distintas áreas do saber grego, e discute por que se considera que a cultura europea parte da Grecia clásica. | CSC<br>CCEC<br>CMCCT<br>CAA<br>CCL |
| a<br>c<br>d<br>g<br>j | B3.20 O Mundo clásico: orixe e etapas da historia de Roma. A república e o imperio: organización política e expansión colonial polo Mediterráneo. O cristianismo. | B3.20 Caracterizar os trazos principais da sociedade, economía e cultura romanas e recoñecer os conceptos de cambio e continuidade na historia da Roma antiga. | XHB3.20.1 Confecciona un mapa coas distintas etapas da expansión de Roma. | CSC<br>CAA |
| | | | XHB3.20.2 Identifica diferenzas e semellanzas entre as formas de vida republicanas e as do imperio na Roma antiga. | CSC<br>CAA |
| g<br>j<br>l | B3.21 O Mundo clásico. A arte romana: arquitectura, escultura e pintura. | B3.21 Identificar e describir os trazos característicos de obras da arte grega e romana, diferenciando entre os que son específicos. | XHB3.21.1 Compara obras arquitectónicas e escultóricas de época grega e romana. | CSC<br>CCEC<br>CAA |
| g<br>j<br>l<br>m | B3.22 A Península Ibérica: os pobos prerromanos, a Hispania romana, a Gallaecia. O proceso de romanización. A cidade e o campo. | B3.22 Establecer conexións entre o pasado da Hispania romana e o presente. | XHB3.22.1 Fai un mapa da Península Ibérica onde se reflicten os cambios administrativos en época romana. | CSC<br>CAA |
| | | | XHB3.22.2 Analiza diversos exemplos do legado romano que sobreviven na actualidade. | CSC<br>CCEC<br>CAA |
| | | | 22.3 Entende que significou a ‘romanización’ en distintos ámbitos sociais e xeográficos. | CSC<br>CCEC |

## 2.- SECUENCIA E TEMPORALIZACIÓN.

*1ª AVALIACIÓN*
Bloque 3. Apartados 3.1 a 3.15
As sociedades prehistóricas
Exipto e Mesopotamia

*2ª AVALIACIÓN.*
Bloque 3. Apartados 3.16 a 3.22
O mundo grego
Roma e o seu imperio
A civilización romana
Bloque 1. Apartado 1.11
Alteración e conservación do medio natural

*3ª AVALIACIÓN.*
Bloque 1. Apartados 1.1 a 1.10
O planeta Terra
O relevo terrestre
A atmosfera e fenómenos atmosféricos
A diversidade dos medios naturais

XH - IES GTB

**2º CURSO**

XH - IES GTB

## 1.- CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE. RELACIÓN COAS COMPETENCIAS E OS OBXECTIVOS.

| Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 2º curso | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. O medio físico | | | |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g | ▪ B1.1. Localización. Latitude e lonxitude. | ▪ B1.1. Localizar espazos xeográficos e lugares nun mapa ou nunha imaxe de satélite, utilizando datos de coordenadas xeográficas. | ▪ XHB1.1.1. Localiza espazos xeográficos e lugares nun mapa de España e de Galicia, utilizando datos de coordenadas xeográficas. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CD |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B1.2. Características xerais do medio físico de España e de Galicia. | ▪ B1.2. Ter unha visión global do medio físico de España e de Galicia, e das súas características xerais. | ▪ XHB1.2.1. Enumera e describe as peculiaridades do medio físico español e galego. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CCL |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B1.3. Medio físico de España: relevo e hidrografía. | ▪ B1.3. Situar no mapa de España as unidades e os elementos principais do relevo peninsular, así como os grandes conxuntos ou espazos bioclimáticos. | ▪ XHB1.3.1. Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo español. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CD |
| | | | ▪ XHB1.3.2. Describe as unidades de relevo con axuda do mapa físico de España. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CCL |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B1.4. Medio físico de Galicia: relevo e hidrografía. | ▪ B1.4. Situar no mapa de Galicia as unidades e os elementos principais do relevo, así como os grandes conxuntos ou espazos bioclimáticos. | ▪ XHB1.4.1. Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo galego. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CD |
| | | | ▪ XHB1.4.2. Describe as unidades de relevo con axuda do mapa físico de Galicia. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CCL |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B1.5. Clima: elementos e factores. Diversidade climática da Península Ibérica e de Galicia. | ▪ B1.5. Coñecer e describir os grandes conxuntos bioclimáticos que conforman o espazo xeográfico español e galego. | ▪ XHB1.5.1. Localiza nun mapa os grandes conxuntos ou espazos bioclimáticos de España. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CCL |
| | | | ▪ XHB1.5.2. Analiza e compara as zonas bioclimáticas españolas utilizando gráficos e imaxes. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CD |
| | | | ▪ XHB1.5.3. Localiza nun mapa os espazos bioclimáticos de Galicia. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CD |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ m | ▪ B1.6. Diversidade de paisaxes. Zonas bioclimáticas da Península Ibérica e de Galicia. | ▪ B1.6. Coñecer os principais espazos naturais de España e de Galicia. | ▪ XHB1.6.1. Distingue e localiza nun mapa as paisaxes de España e de Galicia. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CD |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ m<br>▪ ñ | ▪ B1.7. Medio natural e problemas ambientais en España. | ▪ B1.7. Coñecer, describir e valorar a acción do ser humano sobre o ambiente español e galego, e as súas consecuencias. | ▪ XHB1.7.1. Realiza procuras en medios impresos e dixitais referidas a problemas ambientais actuais en España e en Galicia, e localiza páxinas e recursos da web directamente relacionados con eles. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CCL |

XHB - IES GTB

| Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 2º curso | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 2. O espazo humano | | | |
| ▪ b<br>▪ c<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g | ▪ B2.1. Poboación mundial: modelos demográficos e movementos migratorios. | ▪ B2.1. Comentar a información en mapas do mundo sobre a densidade de poboación e as migracións. | ▪ XHB2.1.1. Localiza no mapa mundial os continentes e as áreas máis densamente poboadas. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CD |
| | | | ▪ XHB2.1.2. Explica o impacto das ondas migratorias nos países de orixe e nos de acollemento. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CD |
| ▪ b<br>▪ c<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B2.2. Poboación europea: distribución e evolución. | ▪ B2.2. Analizar a poboación europea no relativo á súa distribución, evolución e dinámica, e ás súas migracións e políticas de poboación. | ▪ XHB2.2.1. Explica as características da poboación europea. | ▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CD |
| | | | ▪ XHB2.2.2. Compara entre países a poboación europea segundo a súa distribución, a súa evolución e a súa dinámica. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CD<br>▪ CCL |
| ▪ b<br>▪ c<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B2.3. Poboación española: evolución, distribución e dinámica. Movementos migratorios. | ▪ B2.3. Analizar as características da poboación española, a súa distribución, dinámica e evolución, e os movementos migratorios. | ▪ XHB2.3.1. Explica a pirámide de poboación de España e das súas comunidades autónomas. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CD<br>▪ CCL |
| | | | ▪ XHB2.3.2. Analiza en distintos medios os movementos migratorios nas últimas tres décadas en España. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CD<br>▪ CCL |
| ▪ b<br>▪ c<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B2.4. Poboación de Galicia: evolución, distribución e dinámica. Movementos migratorios. | ▪ B2.4. Analiza as características da poboación de Galicia, a súa distribución, dinámica e evolución, e os movementos migratorios | ▪ XHB2.4.1. Coñece o proceso da emigración galega, as súas etapas e os destinos principais. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CD<br>▪ CCL |
| ▪ b<br>▪ c<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B2.5. Proceso de urbanización no planeta. | ▪ B2.5. Sinalar nun mapamundi as grandes áreas urbanas, e identificar e comentar o papel das cidades mundiais como dinamizadoras da economía das súas rexións. | ▪ XHB2.5.1. Realiza un gráfico con datos da evolución do crecemento da poboación urbana no mundo. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CD<br>▪ CCL |
| | | | ▪ XHB2.5.2. Sitúa no mapa do mundo as vinte cidades máis poboadas, di a que país pertencen e explica a súa posición económica. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CD<br>▪ CCL |
| ▪ b<br>▪ c<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B2.6. A cidade e o proceso de urbanización europeo. | ▪ B2.6. Comprender o proceso de urbanización, os seus pros e os seus contras en Europa. | ▪ XHB2.6.1. Resume elementos que diferencien o urbano e o rural en Europa. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CD<br>▪ CCL |
| | | | ▪ XHB2.6.2. Distingue os tipos de cidades do noso continente. | ▪ CAA |

XH - IES GTB

| Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 2º curso | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | | ▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CD<br>▪ CCL |
| ▪ b<br>▪ c<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ ñ | ▪ B2.7. A cidade e o proceso de urbanización en España e en Galicia. | ▪ B2.7. Recoñecer as características das cidades españolas e galegas, e as formas de ocupación do espazo urbano. | ▪ XHB2.7.1. Interpreta textos que expliquen as características das cidades de España e de Galicia, axudándose de internet ou de medios de comunicación escrita. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CD<br>▪ CCL |
| ▪ b<br>▪ c<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ m<br>▪ ñ | ▪ B2.8. Diversidade de medios naturais en España e en Galicia. | ▪ B2.8. Coñecer os principais espazos naturais protexidos a nivel peninsular e insular. | ▪ XHB2.8.1. Sitúa os parques naturais españois nun mapa, e explica a situación actual dalgúns deles. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CD<br>▪ CCL |
| | | | ▪ XHB2.8.2. Elabora gráficos de distinto tipo (lineais, de barra e de sectores) en soportes virtuais ou analóxicos, que reflictan información económica e demográfica de países ou áreas xeográficas a partir dos datos elixidos. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| ▪ b<br>▪ c<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ m<br>▪ ñ | ▪ B2.9. Paisaxes no territorio español e galego. | ▪ B2.9. Identificar as principais paisaxes humanizadas españolas e galegas, e identificalas por comunidades autónomas. | ▪ XHB2.9.1. Clasifica as principais paisaxes humanizadas españolas a través de imaxes. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CD<br>▪ CCL |
| ▪ b<br>▪ c<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ m<br>▪ ñ | ▪ B2.10. Principais retos e problemas ambientais en España. | ▪ B2.10. Coñecer e analizar os problemas e os retos ambientais que afronta España, a súa orixe e as posibles vías para afrontar estes problemas. | ▪ XHB2.10.1. Compara paisaxes humanizadas españolas segundo a súa actividade económica. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CD<br>▪ CCL |
| | Bloque 3. A historia | | | |
| ▪ f<br>▪ l<br>▪ ñ | ▪ B3.1. Relación entre o pasado, o presente e o futuro a través da historia. | ▪ B3.1. Recoñecer que o pasado non está "morto e enterrado", senón que determina o presente e os posibles futuros e espazos, ou inflúe neles. | ▪ XHB3.1.1. Identifica elementos materiais, culturais ou ideolóxicos que son herdanza do pasado. | ▪ CSC<br>▪ CCEC |
| ▪ g<br>▪ l<br>▪ ñ | ▪ B3.2. Fontes históricas. | ▪ B3.2. Identificar, nomear e clasificar fontes históricas, e explicar diferenzas entre interpretacións de fontes diversas. | ▪ XHB3.2.1. Nomea e identifica catro clases de fontes históricas. | ▪ CSC<br>▪ CAA |
| | | | ▪ XHB3.2.2. Comprende que a historia non se pode escribir sen fontes, xa sexan estas restos materiais ou textuais. | ▪ CSC<br>▪ CAA |
| ▪ l<br>▪ ñ | ▪ B3.3. Cambio e continuidade. | ▪ B3.3. Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia, diferenciando períodos | ▪ XHB3.3.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade. | ▪ CSC<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ XHB3.3.2. Realiza diversos tipos de eixes | ▪ CSC |

| Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 2º curso | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | que facilitan o seu estudo e a súa interpretación. | cronolóxicos e mapas históricos. | CMCCT |
| f<br>l<br>ñ | B3.4. Tempo histórico. | B3.4. Entender que os acontecementos e os procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía). | XHB3.4.1. Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos. | CSC<br>CMCCT |
| l<br>h<br>ñ | B3.5. Vocabulario histórico e artístico. | B3.5. Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado. | XHB3.5.1. Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época. | CSC<br>CCL |
| g<br>l | B3.6. Idade Media: concepto e as subetapas (alta, plena e baixa Idade Media). | B3.6. Caracterizar a alta Idade Media en Europa e recoñecer a dificultade da falta de fontes históricas neste período. | XHB3.6.1. Utiliza as fontes históricas e entende os límites do que se pode escribir sobre o pasado. | CSC<br>CAA |
| a<br>c<br>d<br>g<br>l | B3.7. Caída do Imperio Romano en Occidente: división política e invasións xermánicas. Imperio Bizantino e reinos xermánicos. | B3.7. Describir a nova situación económica, social e política dos reinos xermánicos. | XHB3.7.1. Compara as formas de vida (en diversos aspectos) do Imperio Romano coas dos reinos xermánicos | CSC<br>CAA |
| a<br>c<br>d<br>g<br>l | B3.8. Feudalismo. | B3.8. Explicar a organización feudal e as súas consecuencias. | XHB3.8.1. Caracteriza a sociedade feudal e as relacións entre señores e campesiños. | CSC |
| a<br>c<br>d<br>f<br>h<br>l<br>n | B3.9. Islam. Península Ibérica: invasión musulmá. Evolución de Al-Andalus e dos reinos cristiáns. | B3.9. Analizar a evolución dos reinos cristiáns e musulmáns, nos seus aspectos socioeconómicos, políticos e culturais. | XHB3.9.1. Comprende as orixes do Islam e o seu alcance posterior. | CSC<br>CCEC |
| | | | XHB3.9.2. Explica a importancia de Al-Andalus na Idade Media. | CSC<br>CCEC<br>CMCCT<br>CCL |
| g<br>h<br>l<br>n<br>ñ | B3.10. Reconquista e repoboación. | B3.10. Entender o proceso das conquistas e a repoboación dos reinos cristiáns na Península Ibérica e as súas relacións con Al-Andalus. | XHB3.10.1. Interpreta mapas que describen os procesos de conquista e repoboación cristiás na Península Ibérica. | CSC<br>CAA |
| | | | XHB3.10.2. Explica a importancia do Camiño de Santiago. | CSC<br>CCEC<br>CCL |
| l | B3.11. Expansión comercial europea e recuperación das cidades. Crise da baixa Idade Media: a 'Peste Negra' e as súas consecuencias. | B3.11. Entender o concepto de crise e as súas consecuencias económicas e sociais. | XHB3.11.1. Comprende o impacto dunha crise demográfica e económica nas sociedades medievais europeas. | CSC |
| l<br>h<br>n - ñ | B3.12. Arte románica, gótica e islámica. | B3.12. Comprender as características e as funcións da arte na Idade Media. | XHB3.12.1. Describe características da arte románica, gótica e islámica. | CSC<br>CCEC<br>CCL |

XH-IES GTB

**2.- SECUENCIA E TEMPORALIZACIÓN.**

*1ª AVALIACIÓN.* Bloque 3. Apartados 3.6 a 3.8, 3.11.
Os pobos bárbaros e os reinos xermánicos; feudalismo; a Europa do románico; a crise do mundo feudal.

*2ª AVALIACIÓN.* Bloque 3. Apartados 3.9, 3.10 e 3.12.
A Europa do gótico. A Península Ibérica na Idade Media; Galicia.
Bloque 1. Apartados 1.1 a 1.7.
O medio físico: as paisaxes naturais de España e Galicia.

*3ª AVALIACIÓN.* Bloque 2. Apartados 2.1 a 2.10.
O espazo humano. Demografía e movementos migratorios. Espazo urbano global, español e galego.

**Os apartados 3.1 a 3.5 son transversais; o seu tratamento esténdese en paralelo ao desenvolvemento dos demais apartados do bloque 3.**

XH - IES GTB

# 3º CURSO

XH - IES GTB

## 1.- CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE. RELACIÓN COAS COMPETENCIAS E OS OBXECTIVOS.

| Xeografía e Historia. 1º ciclo ESO. 3º curso | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1.O medio físico | | | |
| b<br>e<br>f<br>g<br>h | B1.1 A localización. Latitude e lonxitude | B1.1 Localizar e interpretar espazos xeográficos e lugares nun mapa ou imaxe satélite | XHB1.1.1 Clasifica e distingue tipos de mapas e imaxes satélite. | CAA<br>CMCCT<br>CCL<br>CD |
| | | | XHB1.1.2 Localiza espazos xeográficos e lugares nun mapa utilizando datos de coordenadas xeográficas. | CAA<br>CMCCT<br>CD |
| | | | XHB1.1.3 Coñece e interpreta os diferentes tipos mapas temáticos | CAA<br>CMCCT<br>CCL<br>CD |
| | Bloque 2. O espazo humano | | | |
| a<br>b<br>e<br>f<br>g<br>j<br>h | B2.1 A organización política e territorial de España. | B2.1 Coñecer a organización administrativa e territorial de España. | XHB2.1.1 Distingue nun mapa político a distribución territorial de España: comunidades autónomas, capitais, provincias, illas. | CCL<br>CMCCT<br>CD<br>CAA<br>CSC |
| b<br>e<br>c<br>f<br>g<br>h | B2.2 Os sectores de actividade económica. | B2.2 Analizar os datos do peso do sector terciario dun país fronte aos do sector primario e secundario. Extraer conclusións. | XHB2.2.1 Compara a poboación activa de cada sector en diversos países e analiza o grao de desenvolvemento que amosan estes datos. | CCL<br>CMCCT<br>CD<br>CAA<br>CSC |
| b<br>c<br>e<br>f<br>g<br>h | B2.3 Os sectores económicos en Europa, España e Galicia. | B2.3 Recoñecer as actividades económicas que se realizan en Europa, nos tres sectores, identificando distintas políticas económicas. | XHB2.3.1 Diferencia os diversos sectores económicos europeos. | CCL<br>CMCCT<br>CAA<br>CSC |
| b<br>e<br>f<br>g<br>h | B2.4 Os sistemas económicos do mundo. | B2.4 Coñecer as características de diversos tipos de sistemas económicos | XHB2.4.1 Diferencia aspectos concretos e a súa interrelación dentro dun sistema económico. | CCL<br>CSIEE<br>CCL<br>CAA<br>CSC |
| b<br>c<br>e<br>f<br>g<br>h<br>j<br>k | B2.5 Aproveitamento e futuro dos recursos naturais. Desenvolvemento sostible. | B2.5 Entender a idea de "desenvolvemento sostible" e as súas implicacións. | XHB2.5.1 Define "desenvolvemento sostible" e describe conceptos clave relacionados con el. | CCL<br>CMCCT<br>CD<br>CAA<br>CSC |
| b<br>e<br>f<br>g<br>h | B2.6 Os recursos naturais e as actividades agrarias. | B2.6 Localizar os recursos agrarios e naturais no mapa mundial. | XHB2.6.1 Sitúa no mapa as principais zonas cerealistas como exemplo de recurso agrario no mundo e as máis importantes masas forestais do mundo. | CAA<br>CD<br>CMCCT |
| | | | XHB2.6.2 Localiza e identifica nun mapa as principais zonas produtoras de minerais no mundo. | CAA<br>CSIEE<br>CD<br>CMCCT |
| | | | XHB2.6.3 Localiza e identifica nun mapa as principais zonas produtoras e consumidoras de enerxía no mundo . | CD<br>CAA<br>CSIEE<br>CMCTT |

| Xeografía e Historia. 1º ciclo ESO. 3º curso | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | XHB2.6.4 Identifica e nomea algunhas enerxías alternativas. | CCL<br>CAA<br>CSIEE<br>CMCCT |
| b<br>c<br>e<br>f<br>g<br>h<br>k | B2.7 A pesca: tipos e problemática. | B2.7 Explica e localiza os diferentes tipos de pesca e os seus problemas. | XHB2.7.1 Busca información (usando recursos impresos e dixitais) sobre a sobreexplotación dos caladoiros de pesca. | CCL<br>CMCCT<br>CD<br>CAA<br>CSC<br>CSIEE |
| b<br>e<br>f<br>g<br>h | B2.8 O sector industrial. As rexións industrializadas do mundo. | B2.8 Explicar a distribución desigual das rexións industrializadas no mundo. | XHB2.8.1 Localiza nun mapa a través de símbolos e lenda adecuados, os países máis industrializados do mundo. | CCL<br>CAA<br>CSIEE |
| b<br>e<br>f<br>g<br>h | B2.9 As actividades Terciarias: O transporte | B2.9 Analizar o impacto dos medios de transporte no seu contorno. | XHB2.9.1 Traza sobre un mapamundi o itinerario que segue un produto agrario e outro gandeiro desde a súa colleita ata o seu consumo en zonas lonxanas e extrae conclusións. | CD<br>CAA<br>CSC<br>CSIEE |
| b<br>e<br>f<br>g<br>h | B2.10 As actividades Terciarias : O comercio | B2.10 Entender os fluxos e os bloques comerciais. | XHB2.10.1 Define os indicadores que miden os intercambios económicos dun país. | CAA<br>CD<br>CCL<br>CMCCT<br>CSIEE |
| | | | XHB2.10.2 Describe as características do comercio internacional na actualidade. | CAA<br>CCL<br>CSC<br>CSIEE |
| | | | XHB2.10.3 Enumera as características dos bloques comerciais e as razóns polas que se constitúen. | CAA<br>CCL<br>CSC<br>CSIEE |
| b<br>e<br>f<br>g<br>h | B2.11 O turismo. | B2.11 Analizar o desenvolvemento do turismo e a súa importancia económica. | XHB2.11.1 Identifica os diferentes tipos de turismo e os seus efectos | CAA<br>CCL<br>CCEC<br>CSIEE<br>CD |
| | | | XHB2.11.2 Valora a importancia do turismo na economía española e galega. | CAA<br>CCL<br>CCEC<br>CSIEE<br>CD |
| b<br>c<br>e<br>f<br>g<br>h<br>k | B2.12 As causas do desenvolvemento desigual no mundo. A débeda externa. | B2.12 Analizar gráficos de barras por países e textos onde se reflictan os diferentes niveis de consumo, o comercio desigual e a débeda externa entre países en desenvolvemento e os desenvolvidos. | XHB2.12.1 Comparar as características do consumo interior de países como Brasil e Francia. | CAA<br>CCL<br>CSC<br>CSIEE<br>CD |
| | | | XHB2.12.2 Crea mapas conceptuais (usando recursos impresos e dixitais) para explicar o funcionamento do comercio e sinala os organismos que agrupan as zonas comerciais. | CAA<br>CCL<br>CSIEE<br>CD |
| | | | XHB2.12.3 Describe o funcionamento dos intercambios a nivel internacional utilizando mapas temáticos e gráficos nos que se reflictan as liñas de intercambio. | CAA<br>CMCCT<br>CSIEE<br>CD<br>CCL |
| b<br>c<br>d<br>e<br>f<br>g | B2.13 As tensións mundiais e o subdesenvolvemento. Solucións ao problema. | B2.13 Relacionar áreas de conflito bélico no mundo con factores económicos. | XHB2.13.1 Realiza un informe sobre as medidas para tratar de superar as situacións de pobreza. | CAA<br>CSC<br>CSIEE<br>CCL |
| | | | XHB2.13.2 Sinala áreas de conflito bélico no mapamundi e as relaciona con factores económicos | CCL<br>CAA |

XH - IES GTB

| Xeografía e Historia. 1º ciclo ESO. 3º curso | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| h | | | | CSC<br>CSIEE |
| | Bloque 3. A Historia | | | |
| f<br>j | B3.1 A relación entre o pasado, o presente e o futuro a través da Historia | B3.1. Recoñecer que o pasado "non está morto e enterrado", senón que determina ou inflúe no presente e nos diferentes posibles futuros e nos distintos espazos | XHB3.1.1 Identifica elementos materiais, culturais ou ideolóxicos que son herdanza do pasado. | CSC<br>CAA<br>CCEC |
| h<br>j | B3.2 As fontes históricas. | B3.2. Identificar, nomear e clasificar fontes históricas e explicar diferenzas entre interpretacións de fontes diversas. | XHB3.2.1 Nomea e identifica catro clases de fontes históricas. | CSC<br>CAA |
| | | | XHB3.2.2 Comprende que a historia non se pode escribir sen fontes, xa sexan restos materiais ou textuais | CSC<br>CAA |
| j | B3.3 Cambio e continuidade. | B3.3. Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia, diferenciando períodos que facilitan o seu estudo e interpretación. | XHB3.3.1 Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos relevantes utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade. | CSC<br>CMCCT |
| | | | XHB3.3.2 Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos. | CSC<br>CMCCT |
| f<br>j | B3.4 O tempo histórico. | B3.4. Entender que os acontecementos e procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía) | XHB3.4.1 Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos. | CSC<br>CMCCT |
| h<br>j | B3.5 O vocabulario histórico e artístico. | B3.5. Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado. | XHB3.5.1 Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época. | CSC<br>CCL |
| g<br>j | B3.30 A Idade Moderna. Concepto e datación. | B3.30.Comprender a significación histórica da etapa do Renacemento en Europa. | XHB3.30.1. Distingue diferentes modos de periodización histórica (Idade Moderna, Renacemento, Barroco, Absolutismo). | CSC<br>CAA |
| f<br>g<br>h<br>j<br>l | B3.31 O Renacemento e o Humanismo; o seu alcance posterior. | B3.31.Relacionar o alcance da nova mirada dos humanistas, os artistas e científicos do Renacemento con etapas anteriores e posteriores. | XHB3.31.1. Identifica trazos do Renacemento e do Humanismo na historia europea, a partir de diferente tipo de fontes históricas. | CSC<br>CCEC<br>CAA<br>CCL |
| j<br>l | B3.32 Arte Renacentista e Barroca. | B3.32. Coñecer a importancia da arte Renacentista e Barroca en Europa e en América. | XHB3.32.1. Coñece obras e legado de artistas, humanistas e científicos da época. | CSC<br>CCEC<br>CMCCT<br>CCL |
| g<br>j<br>h<br>l | B3.33 Principais manifestacións da cultura dos séculos XVI e XVII. | B3.33. Coñecer a importancia dalgúns autores e obras destes séculos. | XHB3.33.1. Analiza obras (ou fragmentos delas) dalgúns autores desta época no seu contexto. | CSC<br>CCEC<br>CAA<br>CCL |
| a<br>c<br>d<br>g<br>j | B3.34 O Estado moderno: monarquías autoritarias, parlamentarias e absolutas. | B3.34.Comprender a diferenza entre os reinos medievais e as monarquías modernas. | XHB3.34.1. Distingue as características de réximes monárquicos autoritarios, parlamentarios e absolutos. | CSC<br>CAA |
| a<br>c<br>d<br>g<br>j | B3.35 As monarquías modernas: a unión dinástica de Castela e Aragón. Aposición de Galicia. | B3.35.Analizar o reinado dos Reis Católicos coma unha etapa de transición entre a Idade Media e a Idade Moderna. | XHB3.35.1 Comprende os conceptos de cambio e continuidade en relación co reinado dos Reis Católicos. | CSC<br>CAA |
| f<br>g<br>h<br>j<br>k | B3.36 Os descubrimentos xeográficos: Castela e Portugal. Conquista e colonización de América. | B3.36.Entender os procesos de conquista e colonización, e as súas consecuencias. | XHB3.36.1. Explica as distintas causas que conduciron ao descubrimento de América para os europeos, a súa conquista e a súa colonización. | CSC<br>CMCCT<br>CAA<br>CCL |
| | | | XHB3.36.2. Coñece os principais feitos da expansión de Aragón e de Castela polo mundo. | CSC |
| | | | XHB3.36.3. Sopesa interpretacións conflitivas sobre a conquista e colonización de América. | CSC<br>CAA<br>CCL |

| Xeografía e Historia. 1º ciclo ESO. 3º curso | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| g<br>j | B3.37 Os conflitos europeos nos séculos XVI e XVII a través das políticas dos Austrias: reforma, contrarreforma e "guerras de relixión"; a loita pola hexemonía e a Guerra dos Trinta Anos. | B3.37. Coñecer trazos das políticas internas e as relacións exteriores dos séculos XVI e XVII en Europa. | XHB3.37.1. Analiza as relacións entre os reinos europeos que conducen a guerras como a dos "Trinta Anos". | CSC<br>CAA |

XH - IES GTB

**2.- SECUENCIA E TEMPORALIZACIÓN.**

*1ª AVALIACIÓN.*

Bloque 2. Apartado 2.1

A organización política de España

Bloque 3. Apartados 3.30 a 3.37

A idade moderna

Renacemento e Reforma

A formación do imperio español

A Europa do século XVII

*2ª AVALIACIÓN.*

Bloque 2. Apartados 2.2 a 2.13.

A economía globalizada

O sector primario

Minaría, enerxía e industria

*3ª AVALIACIÓN.*

Bloque 2. Apartados 2.1 a 2.13.

O sector terciario

O mundo desenvolvido; o mundo subdesenvolvido

Sustentabilidade medioambiental

**O apartado 1.1 é transversal; o seu tratamento esténdese ao longo de todo o curso, e nomeadamente co bloque 2. Os apartados 3.1 a 3.5 son tamén transversais; o seu tratamento esténdese en paralelo ao desenvolvemento dos demais apartados do bloque 3.**

# 4º CURSO

XH - IES GTB

## 1.- CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE. RELACIÓN COAS COMPETENCIAS E OS OBXECTIVOS.

| Xeografía e Historia. 4º de ESO | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. O século XVIII en Europa ata 1789 | | | |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ l<br>▪ ñ | ▪ B1.1. Século XVIII en Europa: do feudalismo ao absolutismo e o parlamentarismo das minorías. Francia, Inglaterra, España e Galicia. | ▪ B1.1. Explicar as características do Antigo Réxime nos seus sentidos político, social e económico. | ▪ XHB1.1.1. Establece, a través da análise de textos, a diferenza entre o Absolutismo e o Parlamentarismo. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| | | | ▪ XHB1.1.2. Distingue conceptos históricos como Antigo Réxime e Ilustración. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| ▪ f<br>▪ h<br>▪ l<br>▪ n<br>▪ ñ | ▪ B1.2. Ilustración. | ▪ B1.2. Coñecer o alcance da Ilustración como novo movemento cultural e social en Europa e en América. | ▪ XHB1.2.1. Describe as características da cultura da Ilustración e as implicacións que ten nalgunhas monarquías. | ▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CCL |
| ▪ f<br>▪ g<br>▪ l<br>▪ n | ▪ B1.3. Arte e ciencia en Europa no século XVIII. | ▪ B1.3. Coñecer os avances da Revolución Científica desde os séculos XVII e XVIII. | ▪ XHB1.3.1. Aprecia os avances científicos e a súa aplicación á vida diaria, e contextualiza o papel dos científicos na súa propia época. | ▪ CSC<br>▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| | | | ▪ XHB1.3.2. Comprende as implicacións do empiricismo e o método científico nunha variedade de áreas. | ▪ CSC<br>▪ CMCCT |
| | Bloque 2. A era das revolucións liberais | | | |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B2.1. Revolucións burguesas nos séculos XVIII e XIX: bases ideolóxicas (liberalismo, nacionalismo e rexionalismo), económicas e sociais; principais consecuencias. | ▪ B2.1. Comprender o alcance e as limitacións dos procesos revolucionarios dos séculos XVIII e XIX. | ▪ XHB2.1.1. Sopesa as razóns dos revolucionarios para actuar como o fixeron. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| | | | ▪ XHB2.1.2. Recoñece, mediante a análise de fontes de diversas épocas, o valor destas non só como información senón tamén como evidencia para os/as historiadores/as. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ l<br>▪ ñ | ▪ B2.2. Revolucións burguesas nos séculos XVIII e XIX: periodización e feitos principais. Restauración. Procesos unificadores e independentistas. O caso español. | ▪ B2.2. Identificar os principais feitos das revolucións liberais burguesas en Europa e América nos séculos XVIII e XIX. | ▪ XHB2.2.1. Redacta unha narrativa sintética cos principais feitos dalgunha das revolucións burguesas da primeira metade do século XIX, acudindo a explicacións causais, e sinala os pros e os contras. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| | | | ▪ XHB2.2.2. Redacta unha narrativa sintética cos principais feitos dalgunha das revolucións burguesas do século XVIII, acudindo a explicacións causais, e indica os pros e os contras. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| | | | ▪ XHB2.2.3. Discute as implicacións da violencia empregando diversos tipos de fontes. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| | Bloque 3. A Revolución Industrial | | | |
| ▪ f<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B3.1. Revolución Industrial: concepto; factores económicos, sociais e ideolóxicos que a fan posible. | ▪ B3.1. Describir os feitos salientables da Revolución Industrial e o seu encadeamento causal. | ▪ XHB3.1.1. Analiza os pros e os contras da primeira Revolución Industrial en Inglaterra. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL |

| Xeografía e Historia. 4º de ESO | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ g<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B3.2. Revolución Industrial: desde Gran Bretaña ao resto de Europa. | ▪ B3.2. Analizar as vantaxes e os inconvenientes de ser un país pioneiro nos cambios. | ▪ XHB3.2.1. Analiza e compara a industrialización de diferentes países de Europa, América e Asia, nas súas distintas escalas temporais e xeográficas. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| | | | ▪ XHB3.2.1. Compara o proceso de industrialización en Inglaterra e nos países nórdicos. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ h<br>▪ l<br>▪ m | ▪ B3.3. Consecuencias da Revolución Industrial. Movemento obreiro (orixes, ideoloxías e formas de organización). | ▪ B3.3. Entender o concepto de progreso, e os sacrificios e os avances que leva consigo. | ▪ XHB3.3.1. Explica a situación laboral feminina e infantil nas cidades industriais. | ▪ CSC<br>▪ CSIEE<br>▪ CCL |
| ▪ l<br>▪ ñ | ▪ B3.4. Discusión en torno ás características da industrialización en España e Galicia: éxito ou fracaso? | ▪ B3.4. Analizar a evolución dos cambios económicos en España e en Galicia, a raíz da industrialización parcial do país. | ▪ XHB3.4.1. Especifica algunhas repercusións políticas como consecuencia dos cambios económicos en España. | ▪ CSC |
| ▪ g<br>▪ l<br>▪ m | ▪ B3.5. A ciencia no século XIX. | ▪ B3.5. Coñecer os principais avances científicos e tecnolóxicos do século XIX, e a súa relación coas revolucións industriais | ▪ XHB3.5.1. Elabora un eixe cronolóxico, diacrónico e sincrónico, cos principais avances científicos e tecnolóxicos do século XIX. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CMCCT |
| | Bloque 4. O Imperialismo do século XIX e a I Guerra Mundial | | | |
| ▪ g<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B4.1. O imperialismo no século XIX: concepto. | ▪ B4.1. Identificar as potencias imperialistas e a repartición de poder económico e político no mundo no derradeiro cuarto do século XIX e no principio do XX. | ▪ XHB4.1.1. Explica razoadamente que o concepto imperialismo reflicte unha realidade que influirá na xeopolítica mundial e nas relacións económicas transnacionais. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| | | | ▪ XHB4.1.2. Elabora discusións sobre eurocentrismo e a globalización. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| ▪ g<br>▪ l | ▪ B4.2. Imperialismo: causas, desenvolvemento e consecuencias. | ▪ B4.2. Establecer xerarquías causais (aspecto e escala temporal) da evolución do imperialismo. | ▪ XHB4.2.1. Sabe recoñecer cadeas e interconexións causais entre colonialismo, imperialismo e a Gran Guerra de 1914. | ▪ CSC<br>▪ CAA |
| ▪ g<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B4.3. Causas e consecuencias da Gran Guerra (1914-1919) ou I Guerra Mundial. | ▪ B4.3. Coñecer os principais acontecementos da Gran Guerra, as súas interconexións coa Revolución Rusa e as consecuencias dos tratados de Versalles. | ▪ XHB4.3.1. Diferencia os acontecementos dos procesos, nunha explicación histórica, da I Guerra Mundial. | ▪ CSC<br>▪ CAA |
| | | | ▪ XHB4.3.2. Analiza o novo mapa político de Europa. | ▪ CSC<br>▪ CAA |
| | | | ▪ XHB4.3.3. Describe a derrota de Alemaña desde a súa propia perspectiva e desde a dos aliados. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B4.4. Revolución Rusa. | ▪ B4.4. Esquematizar a orixe, o desenvolvemento e as consecuencias da Revolución Rusa. | ▪ XHB4.4.1. Contrasta algunhas interpretacións do alcance da Revolución Rusa na súa época e na actualidade. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| ▪ g<br>▪ h | ▪ B4.5. A arte no século XIX. | ▪ B4.5. Relacionar movementos culturais como o romanticismo, en distintas áreas, e recoñecer | ▪ XHB4.5.1. Comenta analiticamente cadros, esculturas e exemplos arquitectónicos da arte do século XIX. | ▪ CSC<br>▪ CAA |

XH-IES GTB

| Xeografía e Historia. 4º de ESO | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ l<br>▪ n | | a orixinalidade de movementos artísticos como o impresionismo, o expresionismo e outros "ismos" en Europa. | | ▪ CCL<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ XHB4.5.2. Compara movementos artísticos europeos e asiáticos. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CCEC |
| | Bloque 5. A época de entreguerras (1919-1945) | | | |
| ▪ g<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B5.1. Período de entreguerras: do final da Gran Guerra ao crac do 29 e a Gran Depresión. | ▪ B5.1. Coñecer e comprender os acontecementos, os feitos e os procesos máis importantes do período de entreguerras, e a súa conexión co presente, e estudar a xerarquía causal nas explicacións históricas sobre esta época. | ▪ XHB5.1.1. Analiza interpretacións diversas de fontes históricas e historiográficas de distinta procedencia. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| | | | ▪ XHB5.1.2. Relaciona algunhas cuestións concretas do pasado co presente e as posibilidades do futuro, como o alcance das crises financeiras de 1929 e de 2008. | ▪ CSC<br>▪ CAA |
| | | | ▪ XHB5.1.3. Discute as circunstancias da loita polo sufraxio da muller. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B5.2. Fascismo italiano e nazismo alemán. | ▪ B5.2. Analizar as causas do auxe dos fascismos en Europa. | ▪ XHB5.2.1. Explica diversos factores que fixeron posible o auxe do fascismo en Europa. | ▪ CSC<br>▪ CCL |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B5.3. II República española e a Guerra Civil. | ▪ B5.3. Coñecer as tensións que levaron en España á proclamación da II República e ao estoupido da Guerra Civil. | ▪ XHB5.3.1. Explica as principais reformas durante a II República española, e reaccións a elas. | ▪ CSC<br>▪ CCL |
| | | | ▪ XHB5.3.2. Explica as causas da Guerra Civil española no contexto europeo e internacional. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| | Bloque 6. As causas e consecuencias da II Guerra Mundial (1939-1945) | | | |
| ▪ g<br>▪ l | ▪ B6.1. Orixes da II Guerra Mundial. | ▪ B6.1. Coñecer as causas da II Guerra Mundial. | ▪ XHB6.1.1. Recoñece a xerarquía causal (diferente importancia dunhas causas ou outras segundo as narrativas). | ▪ CSC<br>▪ CAA |
| ▪ g<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B6.2. Desenvolvemento da II Guerra Mundial: extensión, fases, formas de guerra e principais consecuencias. | ▪ B6.2. Coñecer os principais feitos da II Guerra Mundial, diferenciar as escalas xeográficas nesta guerra (europea e mundial) e entender o concepto de guerra total. | ▪ XHB6.2.1. Sitúa nun mapa as fases do conflito. | ▪ CSC<br>▪ CAA |
| | | | ▪ XHB6.2.2. Dá unha interpretación de por que rematou antes a guerra europea que a mundial. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| | | | ▪ XHB6.2.3. Elabora unha narrativa explicativa das causas e as consecuencias da II Guerra Mundial, a distintos niveis temporais e xeográficos. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ l | ▪ B6.3. O Holocausto. | ▪ B6.3. Entender o contexto en que se desenvolveu o Holocausto na guerra europea e as súas consecuencias. | ▪ XHB6.3.1. Recoñece a significación do Holocausto na historia mundial. | ▪ CSC |
| ▪ g<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B6.4. Nova xeopolítica mundial: Guerra Fría e plans de reconstrución posbélica. | ▪ B6.4. Comprender o concepto de Guerra Fría no contexto de despois de 1945, e as relacións entre os dous bloques, os EEUU e a URSS. | ▪ XHB6.4.1. Utilizando fontes históricas e historiográficas, explica algúns dos conflitos enmarcados na época da Guerra Fría. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| | | | ▪ XHB6.4.2. Describe as consecuencias da | ▪ CSC |

| Xeografía e Historia. 4º de ESO | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | guerra de Vietnam. | ▪ CAA<br>▪ CCL |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B6.5. Procesos de descolonización en Asia e África. | ▪ B6.5. Organizar os feitos máis importantes da descolonización de posguerra no século XX e comprender os límites da descolonización e da independencia nun mundo desigual. | ▪ XHB6.5.1. Describe os feitos relevantes do proceso descolonizador. | ▪ CSC<br>▪ CCL |
| | | | ▪ XHB6.5.2. Distingue entre contextos diferentes do mesmo proceso, por exemplo, África subsahariana (anos 50 e 60) e a India (1947). | ▪ CSC<br>▪ CAA |
| | Bloque 7. A estabilización do Capitalismo e o illamento económico do bloque soviético | | | |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B7.1. Evolución dos bloques soviético e capitalista. O "Welfare State". | ▪ B7.1. Entender os avances económicos dos réximes soviéticos e os perigos do seu illamento interno, así como os avances económicos do "Welfare State" en Europa. | ▪ XHB7.1.1. Explica os avances dos réximes soviéticos e do "Welfare State" en Europa. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| | | | ▪ XHB7.1.2. Recoñece os cambios sociais derivados da incorporación da muller ao traballo asalariado. | ▪ CSC |
| ▪ f<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ l<br>▪ m | ▪ B7.2. Crise do petróleo (1973). | ▪ B7.2. Comprender o concepto de crise económica e a súa repercusión mundial nun caso concreto. | ▪ XHB7.2.1. Compara a crise enerxética de 1973 coa financeira de 2008. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ l<br>▪ ñ | ▪ B7.3. Ditadura de Franco en España. | ▪ B7.3. Explicar as causas de que se establecera unha ditadura en España tras a Guerra Civil, e como foi evolucionando esa ditadura desde 1939 a 1975. | ▪ XHB7.3.1. Coñece a situación da posguerra e a represión en España, así como as fases da ditadura de Franco. | ▪ CSC |
| | | | ▪ XHB7.3.2. Discute como se entende en España e en Europa o concepto de memoria histórica. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| | Bloque 8. O mundo recente entre os séculos XX e XXI | | | |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ l | ▪ B8.1. Formas económicas e sociais do capitalismo no mundo. | ▪ B8.1. Interpretar procesos a medio prazo de cambios económicos, sociais e políticos a nivel mundial. | ▪ XHB8.1.1. Interpreta o renacemento e o declive das nacións no novo mapa político europeo desa época. | ▪ CSC<br>▪ CAA |
| | | | ▪ XHB8.1.2. Comprende os pros e contras do estado do benestar. | ▪ CSC |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B8.2. Colapso dos réximes soviéticos e as súas consecuencias. | ▪ B8.2. Coñecer as causas e as consecuencias inmediatas do colapso da URSS e outros réximes socialistas. | ▪ XHB8.2.1. Analiza aspectos políticos, económicos e culturais dos cambios producidos tralo colapso da URSS. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ l<br>▪ ñ | ▪ B8.3. Transición política en España: da ditadura á democracia (1975-1982). | ▪ B8.3. Coñecer os principais feitos que conduciron ao cambio político e social en España despois de 1975, e sopesar distintas interpretacións sobre ese proceso. | ▪ XHB8.3.1. Compara interpretacións sobre a Transición española nos anos setenta do século XX e na actualidade. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| | | | ▪ XHB8.3.2. Enumera e describe algúns dos principais fitos que deron lugar ao cambio na sociedade española da transición: coroación de Xoán Carlos I, lei para a reforma política de 1976, lei de amnistía de 1977, apertura de Cortes Constituíntes, aprobación da Constitución de 1978, primeiras eleccións xerais, creación do Estado das autonomías, etc. | ▪ CSC<br>▪ CCL |
| | | | ▪ XHB8.3.3. Analiza o problema do terrorismo en España durante esta etapa (ETA, GRAPO, | ▪ CSC<br>▪ CAA |

| Xeografía e Historia. 4º de ESO | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | Terra Lliure, etc.): a xénese e a historia das organizacións terroristas, a aparición dos primeiros movementos asociativos en defensa das vítimas, etc. | ▪ CCL |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B8.4. Camiño cara a Unión Europea: desde a unión económica a unha futura unión política supranacional. | ▪ B8.4. Entender a evolución da construción da Unión Europea. | ▪ XHB8.4.1. Discute sobre a construción da Unión Europea e do seu futuro. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| | Bloque 9. A Revolución Tecnolóxica e a globalización a finais do século XX e principio do XXI | | | |
| ▪ e<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B9.1. A globalización económica: concepto e características. | ▪ B9.1. Definir a globalización e identificar algúns dos seus factores. | ▪ XHB9.1.1. Procura na prensa novas dalgún sector con relacións globalizadas, e elabora argumentos a favor e en contra. | ▪ CSC<br>▪ CD<br>▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ XHB9.1.2. Elabora discusións sobre o eurocentrismo e a globalización. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| ▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B9.2. Papel da Revolución Tecnolóxica na globalización. | ▪ B9.2. Identificar algúns dos cambios fundamentais que supón a Revolución Tecnolóxica. | ▪ XHB9.2.1. Analiza algunhas ideas de progreso e retroceso na implantación das recentes tecnoloxías da información e da comunicación, a distintos niveis xeográficos. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| ▪ e<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ l<br>▪ m<br>▪ ñ | ▪ B9.3. Consecuencias da globalización. Relacións interrexionais; focos de conflito. | ▪ B9.3. Recoñecer o impacto destes cambios a nivel local, autonómico, estatal e global, prevendo posibles escenarios máis e menos desexables de cuestións ambientais transnacionais, e discutir as novas realidades do espazo globalizado. | ▪ XHB9.3.1. Crea contidos que inclúen recursos como textos, mapas e gráficos, para presentar algún aspecto conflitivo das condicións sociais do proceso de globalización. | ▪ CSC<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CSIEE |
| | Bloque 10. A relación entre o pasado, o presente e o futuro a través da historia e a xeografía | | | |
| ▪ g<br>▪ h<br>▪ l<br>▪ ñ | ▪ B10.1. Relación entre o pasado, o presente e o futuro a través da historia e a xeografía. | ▪ B10.1. Recoñecer que o pasado non está "morto e enterrado", senón que determina o presente e os posibles futuros e espazos, ou inflúe neles. | ▪ XHB10.1.1. Formula posibles beneficios e desvantaxes para as sociedades humanas e para o medio natural dalgunhas consecuencias do quecemento global, como o desxeo do Báltico. | ▪ CSC<br>▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| | | | ▪ XHB10.1.2. Sopesa como unha Europa en guerra durante o século XX pode chegar a unha unión económica e política no século XXI. | ▪ CSC<br>▪ CAA |
| | | | ▪ XHB10.1.3. Compara (nun aspecto ou en varios) as revolucións industriais do século XIX coa revolución tecnolóxica de finais do século XX e principio do XXI. | ▪ CSC<br>▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| ▪ f<br>▪ l<br>▪ ñ | ▪ B10.2. Cambio e continuidade. | ▪ B10.2. Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia, diferenciando períodos que facilitan o seu estudo e a súa interpretación. | ▪ XHB10.2.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade. | ▪ CSC<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ XHB10.2.2. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos. | ▪ CSC<br>▪ CMCCT |

| Xeografía e Historia. 4º de ESO | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ f<br>▪ l<br>▪ ñ | ▪ B10.3. Tempo histórico. | ▪ B10.3. Entender que os acontecementos e os procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía). | ▪ XHB10.3.1. Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos. | ▪ CSC<br>▪ CMCCT |
| ▪ h<br>▪ l<br>▪ ñ | ▪ B10.4. Vocabulario histórico e artístico: Idade Contemporánea. | ▪ B10.4. Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado. | ▪ XHB10.4.1. Utiliza con fluidez e precisión o vocabulario histórico e artístico necesario. | ▪ CSC<br>▪ CCL |

XHIESGTB

## 2.- SECUENCIA E TEMPORALIZACIÓN.

*1ª AVALIACIÓN.*

*BLOQUE I: O SÉCULO XVIII EN EUROPA. A crise do Antigo Réxime.*
*BLOQUE II: A ERA DAS REVOLUCIÓNS LIBERAIS. Revolucións liberais (francesa, americana...) e nacionalismos. España no século XIX.*
*BLOQUE III: A REVOLUCIÓN INDUSTRIAL.*

*2ª AVALIACIÓN.*

*BLOQUE IV: O IMPERIALISMO DO SÉCULO XIX E A I GUERRA MUNDIAL.*
*BLOQUE V: A ÉPOCA DE ENTREGUERRAS. A Revolución Rusa e URSS. Crise do 29. Totalitarismos.*
*BLOQUE VI: CAUSAS E CONSECUENCIAS DA II GUERRA MUNDIAL.*
*España: da crise do 98 á guerra civil.*

*3ª AVALIACIÓN.*

*BLOQUE VII: A ESTABILIZACIÓN DO CAPITALISMO E O ILLAMENTO ECONÓMICO DO BLOQUE SOVIÉTICO. Guerra fría e coexistencia pacífica.*
*BLOQUE VIII: O MUNDO RECENTE ENTRE OS SÉCULOS XX E XXI. Descolonización e Terceiro Mundo. Europa. Desintegración do bloque soviético.*
*BLOQUE IX: A REVOLUCIÓN TECNOLÓXICA E A GLOBALIZACIÓN A FINAIS DO SÉCULO XX E PRINCIPIOS DO XXI. Globalización. Países emerxentes (BRICS).*

*BLOQUE X: A RELACIÓN ENTRE O PASADO, O PRESENTE E O FUTURO A TRAVÉS DA HISTORIA E A XEOGRAFÍA.*
Bloque transversal, cuxos contidos deben ser tratados ó longo de todo o curso.

## CUESTIÓNS A CONSIDERAR EN ESO

### 1.- PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

Mediante a avaliación obteremos información precisa e obxectiva que nos permitirá tomar decisións para mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe. O seu fin non é simplemente a cualificación dos alumnos/as, senón a valoración do proceso de ensino en toda a súa totalidade para adecuar á realidade os intereses e motivacións do alumnado. Comprobarase tamén o grao de adquisición das competencias básicas que debe acadar o alumnado.

A avaliación é, quizás, o elemento que máis interesa e preocupa ao alumnado e ás familias; por iso os procedementos, instrumentos e criterios de avaliación deben estar definidos e ser coñecidos por todos/as. En conxunto, a proposta de avaliación concíbese e practícase cara ao alumnado da seguinte maneira:

- avaliación continua: xa que atende á aprendizaxe como proceso, contrastando os diversos momentos ou fases.
- personalizada: centrándose na evolución de cada alumno/a e súa situación particular.
- sistemática: na medida en que o alumno/a saberá dende o principio de curso como, cando e de que vai ser avaliado.
- flexible: empregaranse diferentes instrumentos de recollida de información: preguntas orais na clase, caderno de exercicios, traballos, probas escritas, listas de control, rúbricas ......
- integradora: posto que a nosa disciplina colabora na consecución das competencias e dos obxectivos xerais de etapa.
- contextualizada: na medida en que estará vinculada ao seu entorno e a un proceso de ensino-aprendizaxe.

Na avaliación do **proceso de ensino-aprendizaxe** empezaremos por:

- unha avaliación inicial ou de diagnóstico: servirá para detectar as posibles dificultades e adaptar as actividades e metodoloxías previstas nas cuestións competenciais. Adaptadas a cada nivel, estas probas avaliarían as nosas competencias clave:

. A competencia matemática e científica: Cronoloxías (orde, eixos...). Gráficos (recoñecer, identificar, realizar, analizar...). Escalas.

. A competencia en comunicación lingüística: Traballo con textos históricos, xeográficos. Definicións breves. Ordenar frases.

. A competencia de sentido de iniciativa e espírito emprendedor mediante a resolución de problemas (pasos a dar, planificación).

. A competencia social e cidadá a través de actividades que impliquen o recoñecemento dos Dereitos Humanos, principios democráticos...

. A competencia para aprender a aprender por medio do subliñado, ideas principais (título...). Organización (libreta, tempo de estudo).

. A competencia conciencia e expresións culturais co recoñecemento de obras, o seu valor e a necesidade de protección.

. A competencia Dixital: Preguntas de procura de información ou sobre experiencia en uso de *web*. O ordenador como instrumento na elaboración de traballos e o emprego de *software*.

Os **instrumentos de avaliación** empregados son os que a continuación se relacionan:

a) *AVALIACIÓN CONTINUA*

- a produción do alumnado. Cada alumno/a terá un caderno dedicado ao seguimento da materia. Nel recollerá as actividades realizadas e os conceptos explicados. O caderno será revisado periodicamente avaliando positiva ou negativamente aspectos como os contidos, a presentación, limpeza, orde, corrección, ortografía, etc. A observación deste caderno proporciónanos datos como o nivel de expresión escrita e gráfica ou os hábitos de traballo (sistemático ou non). Para a avaliación desta produción do alumnado aplicaranse rúbricas e/ou listas de control.
- no traballo diario do alumno/a valorarase a realización de exercicios na clase, orais e escritos, a atención e participación positivas. Se algún exercicio se presenta en grupo, avaliarase o sentido de traballo en equipo, a planificación, o respecto polos compañeiros/as e as iniciativas persoais. Para a avaliación desta produción do alumnado aplicaranse rexistros de observación na aula, rúbricas e/ou listas de control.
- probas escritas e/ou orais. Realizaranse distintas probas específicas dunha unidade ou bloque de unidades. Valórase a adquisición competencial e dos estándares. Espérase que o alumnado responda dun modo razoado, conciso e claro ás cuestións que se lle formulan. As probas escritas incluirán preguntas abertas (adaptadas ao curso correspondente), semiabertas, pechadas ou preguntas de resposta breve (como definicións de termos), preguntas de opción múltiple e de aplicación: resolución de exercicios, problemas ou cuestións de tipo práctico (aplicación dos coñecementos teóricos) e un comentario de texto adaptado ó nivel.

b) *PROBA FINAL DE XUÑO*
- Realizarase unha proba escrita que contemple a presenza dos estándares mínimos e de acordo coas características sinaladas anteriormente.

c) *CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO*
- Os alumnos realizarán unha única proba escrita de toda a materia do curso no día e hora sinalados pola Xefatura de Estudos. A proba manterá as características anteriormente expostas.

**2.- CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**.

Quedan establecidos os seguintes criterios que terán carácter progresivo para 1ºESO:

- Probas escritas e/ou orais: A ponderación será como máximo 80% da cualificación. Para 1º ESO as porcentaxes iranse adaptando paulatinamente ao resto: na 1ª avaliación ata un máximo 70%, na 2ª avaliación un 75% e na 3ª avaliación xa o 80%
- Caderno de clase, traballo diario, traballos en grupo: A ponderación será como máximo 20% da cualificación. Para 1ºESO as porcentaxes iranse adaptando paulatinamente ao resto: na 1ª avaliación ata un máximo 30%, na 2ª avaliación un 25% e na 3ª avaliación xa o 20%.
- A recuperación dos contidos non superados levarase a cabo mediante as probas correspondentes. Aplicarase o principio de *avaliación continua* ás capacidades pero non aos contidos mínimos que sexan propios de cada unidade.
- A cualificación final (xuño) consistirá na nota media das convocatorias parciais, resultando aprobados os que acaden a cualificación numérica de 5. Os alumnos que non cheguen ao 5 terán dereito a un derradeiro exame de toda a materia do curso, do que resultará, ao 100%, a nota definitiva da convocatoria ordinaria de xuño. Seguirase este mesmo criterio de cualificación con respecto á avaliación extraordinaria de setembro.
- Para a avaliación da expresión escrita de traballos, comentarios e exames apróbase (acta nº9 de 14 de maio de 2018) o seguinte cadro de redistribución das porcentaxes sobre a cualificación total:

**a) Traballos, comentarios, etc.**

| | 1ºESO | 2ºESO | 3ºESO | 4ºESO |
|---|---|---|---|---|
| Aspectos formais | 20% | 20% | 15% | 10% |
| Corrección gramatical | 20% | 20% | 20% | 20% |
| Coherencia argumental | 20% | 20% | 20% | 20% |
| Contidos | 40% | 40% | 45% | 50% |

**b) Exames**

Aspectos formais (limpeza xeral caligrafía, etc), ortografía, corrección gramatical e coherencia argumental: 1 punto (é dicir, 10% sobre o total da posible cualificación dunha proba).

Estes criterios deben facerse explícitos ao alumnado a principios de curso.
Ó longo do curso e coa posta en práctica iranse matizando estes criterios de cualificación para a expresión escrita.

Inclúense a continuación rúbricas para a corrección de traballos escritos.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo
O FSE inviste no teu futuro

IES G. TORRENTE BALLESTER
Rúa Herminia Fariña, s/n
36003 PONTEVEDRA
Tfno.: 886159156 – Fax: 886159157

## Rúbrica de corrección de traballos escritos

| | | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 | 11 | 12 | 13 | 14 | 15 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| PRESENTACIÓN | O material é adecuado | | | | | | | | | | | | | | | |
| | Hai portada e o traballo está debidamente identificado | | | | | | | | | | | | | | | |
| | Respecta as marxes | | | | | | | | | | | | | | | |
| | O texto está limpo | | | | | | | | | | | | | | | |
| | As páxinas están numeradas | | | | | | | | | | | | | | | |
| CORRECCIÓN GRAMATICAL | Presenta unha ortografía axeitada | | | | | | | | | | | | | | | |
| | A acentuación é correcta | | | | | | | | | | | | | | | |
| | Realiza un uso axeitado dos verbos | | | | | | | | | | | | | | | |
| | Coloca adecuadamente os pronomes | | | | | | | | | | | | | | | |
| | As preposicións están ben empregadas | | | | | | | | | | | | | | | |
| | Emprega o xénero e o número correctamente | | | | | | | | | | | | | | | |
| | O vocabulario é preciso e variado | | | | | | | | | | | | | | | |
| CONTIDO | Organiza as ideas xerarquicamente | | | | | | | | | | | | | | | |
| | Uso adecuado dos parágrafos | | | | | | | | | | | | | | | |
| | Uso adecuado dos signos de puntuación | | | | | | | | | | | | | | | |
| | TOTAL | | | | | | | | | | | | | | | |

## 3.- ESTÁNDARES BÁSICOS PARA A SUPERACIÓN DA MATERIA.

O Departamento de Xeografía e Historia recolle os criterios de avaliación ou estándares de aprendizaxe que considera mínimos ou básicos para a superación das distintas materias da súa competencia nos niveis de ESO no ANEXO II desta Programación Didáctica. Isto implica que ditos criterios e estándares haberán ser a base sobre a que se deseñarán as probas extraordinarias de xuño ou setembro e a atención ao alumnado con materias pendentes.
Nas páxinas do ANEXO II insírense as mesmas táboas empregadas nesta Programación Didáctica para relacionar obxectivos, contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe, pero iluminando con cor azul aqueles criterios e estándares que, como acabamos de explicar, consideramos básicos ou fundamentais para a superación de cada materia.

## 4.- OS TEMAS TRANSVERSAIS

O vixente decreto de currículo *(DECRETO 86/2015 do 25 de xuño, DOG nº120, de 29 de xuño de 2015)* contempla no artigo 4. (TÍTULO PRELIMINAR) a necesidade de traballar unha serie de elementos transversais:

*A programación docente debe abranguer en todo caso a* ***prevención*** *da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e* ***de calquera forma de violencia****,* ***racismo ou xenofobia****, incluído o estudo do Holocausto xudeu como feito histórico.*
*Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.*

A área de Xeografía e Historia atende os elementos transversais do seguinte xeito:

1. **Comprensión lectora e expresión oral e escrita**: presente de xeito constante nas nosas programacións, nas que se incorporan sempre estes aspectos, nomeadamente no relacionado co tratamento de todo tipo de documentos (escritos, gráficos, audiovisuais...).
2. **Comunicación audiovisual e tecnoloxías da información e da comunicación**: a área incide de xeito especial na idea de procura e selección da información, citándose explicitamente a procura na prensa escrita e na web; tamén se trata de fomentar o sentido crítico fronte ás distintas fontes de información e fronte ós medios de comunicación de masas; doutra banda os medios audiovisuais son empregados con frecuencia polo profesorado da área como recurso didáctico, contribuíndo así ao seu coñecemento polo alumnado.

3. **Emprendemento**: o estudo dos logros da humanidade (avances culturais, económicos, científicos...) son un dos elementos centrais das nosas asignaturas, logros estreitamente vencellados ao emprendemento social ou individual; consideramos, polo tanto, que as materias obxecto desta programación didáctica inciden directamente sobre este elemento transversal.
4. **Educación cívica e constitucional, prevención de calquera forma de violencia (especificamente da violencia de xénero, violencia contra as persoas con discapacidade e violencia terrorista), racismo ou xenofobia (incluíndo o estudo do Holocausto xudeo)**: forman parte intrínseca das programacións das asignaturas de Historia.

## 5. METODOLOXÍA DIDÁCTICA

O tratamento metodolóxico da materia debe axustarse ao nivel competencial inicial do alumnado, partindo cando cumpra de aprendizaxes máis simples, respectando distintos ritmos e estilos de aprendizaxe que teñan en conta a atención á diversidade. A Xeografía e Historia permite desenvolver metodoloxías activas, nas que o traballo individual e cooperativo e a aprendizaxe por proxectos estean permanentemente presentes, con elaboración de diferentes tipos de materiais, integrando de forma especial as TIC e cun enfoque orientado á realización de tarefas e resolución de problemas. É moi importante ter presente o papel do docente como orientador, promotor e facilitador do desenvolvemento competencial do alumnado e non esquecer a adecuada coordinación entre os docentes.
O desenvolvemento competencial require ademais o tratamento dos contidos desde unhas metodoloxías participativas, inter-activas, que propicien habilidades para participar na vida cívica, para asumir os valores democráticos e para o cumprimento dos deberes.
Unha metodoloxía activa e participativa que implique ao alumnado no seu proceso de aprendizaxe, que ha de ser construtivista, de tal modo que o alumno avance ao resolver problemas cognitivos. O noso punto de partida será o dos coñecementos previos que posúen, a identificación de erros para logo introducir aqueles novos e lograr unha aprendizaxe significativa e competencial.
Trataríase de combinar unha parte teórica e outra práctica que permita ao alumno desenvolver unha serie de destrezas. Cada unha das dúas disciplinas desta área teñen unha propia forma de traballo, acorde cos obxectivos que se perseguen en cada un dos niveis de etapa: o coñecemento dos fenómenos xeográficos require, entre outros, do uso continuado de mapas, imaxes e gráficos, de forma que poida describilos e localizalos espacialmente en relación non só a eles mesmos senón a outros espazos xeográficos; o coñecemento dos fenómenos históricos esixe tamén o uso de mapas, imaxes, datos estatísticos...
Ademais, teremos en conta os problemas que comunmente se detectan na aprendizaxe da Xeografía e Historia (lectura e comprensión dos mapas, os conceptos xeográficos e históricos debido á dificultade intrínseca dos mesmos, a multicausalidade na explicación dos feitos históricos, o tempo histórico, etc.). Por todo iso, as actividades serán variadas e de dificultade graduada en función do momento en que se apliquen e da súa finalidade didáctica. Utilizaremos: actividades de motivación e presentación dos contidos, actividades de coñecementos previos ou de introdución, actividades de desenvolvemento, de consolidación e de aplicación dos estándares traballados, actividades sobre aspectos teóricos, centradas no traballo de vocabulario xeográfico e histórico; actividades orientadas ao fomento da comprensión de textos orais e escritos (pedirase ao alumnado que busquen noticias xornalísticas, de revistas, de televisión, radio ou Internet relacionadas coa materia); resolución de problemas ou casos prácticos (para traballar os estándares de aprendizaxe, la elaboración e lectura de gráficos, actividades de orientación, localización, observación e interpretación de espazos, paisaxes e a súa representación cartográfica, mapas históricos, eixes cronolóxicos, etc.); pequenos traballos de indagación, ofrecendo un guión delimitando os apartados sobre os que queremos obter información; realización de esquemas, resumos...; elaboración e comentarios guiados de mapas, textos, gráficos e imaxes de arte; traballo cooperativo atendendo ao tipo de tarefa e tamén ás posibilidades de axuda e aprendizaxe que determinarán o tipo de agrupamento (gran grupo, medio ou en parellas).
Para o desenvolvemento competencial da historia en calquera dos niveis establecese a obriga do traballo de comentario de texto e a súa inclusión nas probas escritas. A súa implantación gradual por niveis permitirá una adquisición competencial satisfactoria pensando en moitos casos nos niveis superiores do bacharelato. Nos primeiros niveis da ESO trataríase dun primeiro traballo de identificación do texto e tipo de fonte, autor, época e texto dirixido con preguntas podendo incluír definicións do vocabulario. Paulatinamente entraríamos na elaboración dun breve resume tras o subliñado que permita a distinción de partes, clasificación de ideas e a procura dun título. Trataríase de chegar ós últimos cursos da ESO cun nivel competencial que permita ó alumnado desenvolver un comentario contextualizado, argumentado e coas súas respectivas conclusións ou valoracións globais. Nas sucesivas reunións de departamento e a partir da práctica docente trataremos de ir concretando os niveis competenciais para cada curso, atendendo ás esixencias e necesidades do noso alumnado.
Tamén teremos en conta as actividades de reforzo e de ampliación para o alumnado que puidese presentar dificultades na asimilación das aprendizaxes e para aqueloutros que os alcancen de xeito moi satisfactorio, sen esquecer neste sentido ao alumnado repetidor tanto ao que superara a materia como ao que non. Partiremos da realización dunha proba inicial adaptada ás competencias e por niveis (eixes cronolóxicos, definicións breves, subliñado de textos..) que nos permita coñecer a realidade dos nosos alumnos, o que resulta básico para suscitar un ritmo de traballo e para detectar as carencias máis frecuentes na maioría.

**6.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.**

1.- *Material do alumno:*

a.- Libros de texto, como libro de consulta e traballo:

Ed. Consorcio Editorial (2011): Xeografía e Historia 1º ESO
Ed. Baía Edicións (2016): Xeografía e Historia 2º ESO
Ed. Santillana (2015): Xeografía e Historia 3º ESO
Ed. Santillana (2016): Historia 4º ESO

b.- Atlas xeográfico e histórico (recomendación).
c.- Caderno de traballo.
d.- Instrumentos de debuxo.

*2.- Material e recursos de aula:*

a.- Encerado dixital.
b.- Vídeo, diapositivas, ordenador, etc.
c.- Mapas murais, topográficos, en relevo e planos.
d.- Atlas e Dicionarios de Historia e Xeografía.
e.- Enciclopedias e dossiers de prensa.
f.- Cursos deseñados polo profesorado do departamento para aula virtual do Centro.

**O material do alumno é imprescindible e formará parte da súa cualificación.**

**7.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

A) ADAPTACIÓNS CURRICULARES

Durante as primeiras sesións do curso os alumnos realizarán unha proba de a avaliación inicial relacionada coa Xeografía e Historia; deste xeito, poderanse detectar o nivel curricular e competencial dos alumnos, verase se teñen dificultades concretas de aprendizaxe, etc. Todo isto, xunto cos informes do departamento de orientación, permitirannos establecer as necesidades dos alumnos e dar resposta á diversidade na aula.
A partir dos informes, prepararanse as actividades alternativas para aqueles alumnos que as precisen.
Todas as adaptacións curriculares serán realizadas polo departamento didáctico de Xeografía e Historia conxuntamente e en colaboración co de orientación e coa Xefatura de Estudos.

B) PROGRAMAS DE MELLORA DA APRENDIZAXE E O RENDEMENTO (3º DE ESO)

Este Departamento de Xeografía e Historia colaborará cos profesores encargados de ámbito (3º de ESO) nas tarefas tales como orientación, avaliación así como para facilitarlles todos aqueles recursos didácticos que lle sexan necesarios. O profesorado encargado do ámbito correspondente adaptará tamén ao seu alumnado a atención ás materias pendentes de cursos anteriores.

**8.- ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES.**

Considerando que as materias deste departamento non son de contidos progresivos, acordouse o seguinte:
O profesorado que imparte a materia en cada un dos niveis será o encargado de elaborar o material de traballo (caderno de actividades) e a proba correspondente. O material de traballo entregarase por trimestre; corresponderalle ao profesor/a do alumno/a, no presente curso, facerlle o seguimento así como a recepción do caderno de actividades. Sempre quedará constancia por escrito e firma das entregas. O/A alumno/a deberá facer unha proba en maio que constará de preguntas extraídas dos temas traballados nos devanditas actividades. O departamento dará a nota correspondente en función do exame (80% da nota) e do traballo se o presenta (20% da nota). A presentación do caderno de actividades, a parte do seu valor de cualificación (máximo 20% da nota) servirá como sistema de seguimento e control trimestral do/a alumno/a.
A recuperación de materias pendentes do alumnado do Programa de Diversificación correrá a cargo do profesorado encargados do mesmo, co asesoramento do Departamento.

**LIBROS DE TEXTO**
A xefa de departamento encargarase de recoller do alumnado as peticións de libros de texto en préstamo para a preparación da asignatura pendente e de organizar este préstamo cos recursos disponibles no centro.

## 9.- ATENCIÓN AO ALUMNADO REPETIDOR E AS SÚAS CARACTERÍSTICAS

O profesorado considerará a oportunidade de deseñar traballos ou actividades de ampliación para aquel alumnado repetidor que aprobara a materia no curso anterior e de reforzo para aqueles que non a superaron.

## 10.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

O departamento didáctico organizará e/ou participará en actividades extraescolares ó longo do presente curso e nos diferentes niveis educativos. Estudiaranse distintas propostas de acordo coas posibilidades dos grupos e a oferta didáctica:

- 1ºESO:
  - Museo de Pontevedra: prehistoria e historia antiga. Outra posibilidade é realizar unha saída coa que ilustremos a cultura castrexa. A realizar preferentemente na primeira avaliación.
  - Actividade en relación co río Gafos. A proposta pode estudarse de xeito interdisciplinar co Departamento de Ciencias Naturais. As datas de realización serían preferiblemente na segunda ou terceira avaliación.

- 2ºESO:
  - Visita á cidade de Santiago de Compostela. Intentarase a coordenación co Departamento de Relixión. Intentarase realizar na primeira ou segunda avaliación.
  - Museo de Pontevedra (historia medieval) ou Centro de Interpretación das Torres Arcebispais (CITA). Intentarase realizar na primeira ou segunda avaliación.

- 3ºESO:
  - Visita á cidade de Pontevedra ou a Santiago, a principios da terceira avaliación, en relación cos contidos de historia moderna e de xeografía urbana.

- 4º ESO:
  - Pretendemos continuar coa participación na Olimpíada Galega de Historia que se celebra en Ourense.

Estas e/ou outras actividades iranse concretando ó longo do ano académico, en función das circunstancias e dispoñibilidade dos diferentes membros. No caso que se propoña un plan global de actividades no IES, o Departamento prestaría a súa colaboración.

## 11.- CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE XEOGRAFÍA E HISTORIA AO PROXECTO LECTOR DO CENTRO.

*Decreto 133/2007, de 5 de xullo, polo que se regulan as ensinanzas da ESO na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 13-07-07).*

**10. 1.- Cursos e materias afectados:**
Tódolos curso de ESO; Xeografía e Historia.
**10. 2.- Tipo de enfoque.**
- Medio para a consecución das competencias curriculares.
- Axuda na comprensión lectora de textos xeográficos e históricos.
- Axuda na análise de diferentes gráficas e diagramas, na comprensión lectora e a súa interpretación.
- Axuda na comprensión lectora de mapas e a súa interpretación.
- Apropiación do vocabulario específico das Ciencias Sociais.

**10. 3.- Tipo de actividades.**
- Realización regulamentaria das actividades correspondentes a cada unidade didáctica.
- Completar o apartado anterior, introducindo textos alternativos da materia: artigos de xornais, revistas, etc.
- Introdución ó comentario de textos históricos e xeográficos (fontes primarias e secundarias).
- Lectura de fotografías aéreas.
- Consolidar o vocabulario específico.

XH - IES GTB

**10. 4.- Concreción de materiais.**
- Narración, descrición, exposición e argumentación das actividades regulamentarias das unidades didácticas da materia. Textos xornalísticos e informes e lecturas indicadas polo profesor/a.
- Mapas xeográficos.
- Mapas históricos.
- Gráficas, diagramas, datos estatísticos, fotografías...

**10. 5.- Temporalización.**
Estará integrada no contexto xeral da lexislación vixente e da organización prevista, en cada nivel e grupo, pola Comisión de Coordinación Pedagóxica para a totalidade de materias cursadas polos alumnos.

## 12.- CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE XEOGRAFÍA E HISTORIA AO PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN.

As **tecnoloxías da información e comunicación (TIC)** quedan incorporadas como un recurso máis ao proceso de ensino-aprendizaxe para que o alumnado acade a competencia dixital. Dende as clases de Xeografía e Historia, cando sexa posible e viable:

- Utilizarase o Aula Virtual do Centro para transmitir información ás familias e facer o correspondente seguimento.
- Buscarase información na **Internet** sobre determinados temas que se estean a traballar.
- Utilizaranse os **recursos multimedia** para a exposición teórica dos contidos e para a realización de actividades.
- Empregarase o **ordenador** como medio de creación e expresión das ideas propias, intercambiando as experiencias con outros centros.
- Traballarase coas **webquests** que son investigacións que o alumno/a debe realizar utilizando a Internet como fonte principal. Será unha nova forma de traballar parte dos contidos básicos dos cursos a través de metodoloxías indagadoras.

Tentarase crear un **blog** de ciencias sociais coa axuda do Departamento de Informática. O blog é unha páxina web sinxela e básica onde podemos colgar comentarios, artigos, fotografías, enlaces de interese e mesmo vídeos e animacións; tamén actividades, mapas conceptuais das unidades e modelos de exames. A axenda do blog recollerá a entrega das actividades e a participación do alumnado.
Todos estes recursos preséntanse como novas formas de achegarse á xeografía, historia e arte de forma máis lúdica e dinámica, e igualmente significativa. Terase en conta que, ante a desmotivación e desinterese que ás veces mostra parte do alumnado, esta metodoloxía pode ser unha forma de falarmos na súa linguaxe.

XH - IES GTB

# III. BACHARELATO

XH - IES GTB

**1º CURSO**

**HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO**

XH - IESGTB

**1.- INTRODUCIÓN.**

O estudo da Historia do Mundo Contemporáneo é esencial para o coñecemento e comprensión do mundo actual. Non menos importante é o seu carácter formativo, xa que desenvolve capacidades e técnicas intelectuais propias do pensamento abstracto e formal, tales como a observación, a análise, a interpretación, a capacidade de comprensión e o sentido crítico. Por outra parte, a Historia contribúe decisivamente á formación de cidadáns responsables, conscientes dos seus dereitos e obrigas, así como da herdanza recibida e do seu compromiso coas xeracións futuras.

A Historia do Mundo Contemporáneo pretende ofrecer unha visión de conxunto dos procesos históricos fundamentais do mundo pero prestando cando é preciso unha especial atención o Estado Español e a Galicia.

A cronoloxía debe ser o eixe do coñecemento histórico, porque non hai historia sen acontecementos, e no histórico está presente a idea de cambio, e precisamente para explicar tal cambio debemos recorrer a multiplicidade de sectores que compoñen a vida cotiá.

A partir dos contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliables preténdese o desenvolvemento persoal, intelectual e social do alumnado. Todas as actividades propostas queren favorecer a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo, traballar en equipo e individualmente e para actuar con espírito crítico. O seu estudo deberá contribuír a fomentar unha especial sensibilidade cara a sociedade do presente e a súa problemática, que anime a adoptar unha actitude responsable e solidaria coa defensa da liberdade, a igualdade de xénero, os dereitos humanos e a non discriminación e os valores democráticos.

Os contidos de Historia do Mundo Contemporáneo arrancan dun estudo do Antigo Réxime e a súa crise, a partir da Revolución Industrial e as súas consecuencias, chegan ao século XX, facendo especial fincapé na Europa de Entreguerras e na Segunda Guerra Mundial, establecendo unha caracterización específica do mundo dende os anos cincuenta do século XX ata o mundo actual, definido polas áreas xeopolíticas e culturais, dentro da globalización, cos conflitos que o caracterizan, sen pasar por alto o final do bloque comunista e as novas relacións internacionais xurdidas despois dos atentados de Nova York ou o xurdimento do radicalismo islámico. Ao tratar de analizar tales feitos, a Historia enriquécese coas achegas doutras disciplinas e incluso coas conclusións da investigación xornalística dos acontecementos; podemos incluír tamén a análise noutros idiomas, o uso das Tecnoloxías da Información e as Comunicacións, a crítica dos medios de comunicación, a reflexión sobre a diversidade cultural, a historia oral ou a comparación con novelas históricas de eses feitos históricos.

Débense desenvolver conceptos, pero tamén procedementos do traballo do historiador, cun vocabulario científico da disciplina que requirirá rigor e espírito de traballo, exposicións, correcta ortografía e expresión que permitan ao estudante establecer os seus razoamentos e argumentacións.

A través do estudo da Historia do Mundo Contemporáneo, os estudantes deberán adquirir determinados valores e hábitos de comportamento, como a actitude crítica cara as fontes, o recoñecemento da diversidade, ou a valoración do patrimonio cultural e histórico recibido.

A materia é rica en achegas ao coñecemento competencial. As competencias clave sociais e cívicas e conciencia e expresións culturais reciben un tratamento moi específico relacionado cos contidos que son propios á Historia do Mundo Contemporáneo. Ademais as competencias lingüística, dixital e aprender a aprender están presentes de maneira constante na súa vertente máis instrumental e deben impregnar todo o que sexa posible o desenvolvemento curricular da materia. O traballo competencial matemático e en ciencias e tecnoloxía trátase de maneira puntual. A competencia clave sentido de iniciativa e espírito emprendedor debe estar moi presente nas vertentes máis actitudinais e competenciais da materia.

O tratamento metodolóxico da materia debe axustarse ao nivel competencial inicial do alumnado, respectando distintos ritmos e estilos de aprendizaxe que teñan en conta a atención á diversidade. A Historia do Mundo contemporáneo permite desenvolver metodoloxías activas, nas que, como xa se citou, o traballo individual e cooperativo estean permanentemente presentes, con elaboración de diferentes tipos de materiais, integrando de forma especial as TIC.

**2.- OBXECTIVOS DO BACHARELATO.**

O bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.

m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.

o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

XH - IES GTB

## 3.- CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE. RELACIÓN COAS COMPETENCIAS E OS OBXECTIVOS.

| | Historia do Mundo Contemporáneo. 1º Bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. O Antigo Réxime | | | |
| a<br>b<br>c<br>d<br>e<br>h | B1.1 Trazos do Antigo Réxime. | B1.1 Definir e esquematizar os trazos do Antigo Réxime describindo os seus aspectos demográficos, económicos, políticos, sociais e culturais, utilizando diferentes tipos de diagramas. | HMCB1.1.1 Extrae os trazos do Antigo Réxime dun texto proposto que os conteña. | CSC<br>CAA<br>CCL |
| | | | HMCB1.1.2 Obtén e selecciona información escrita e gráfica relevante, utilizando fontes primarias ou secundarias, relativa ao Antigo Réxime. | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CD |
| | | | HMCB1.1.3 Clasifica os trazos do Antigo Réxime en aspectos demográficos, económicos, políticos, sociais e culturais. | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CCEC |
| | | | HMCB1.1.4 Elabora mapas conceptuais que explican os trazos característicos do Antigo Réxime. | CSC<br>CAA<br>CCL |
| a<br>b<br>c<br>d<br>e<br>h | B1.2 Transformacións no Antigo Réxime: economía, poboación e sociedade. | B1.2 Distinguir as transformacións no Antigo Réxime enumerando as que afectan á economía, poboación e sociedade. | HMCB2.2.1 Explica as transformacións do Antigo Réxime que afectan á economía, poboación e sociedade. | CSC<br>CAA<br>CCL |
| | | | HMCB2.2.2 Analiza a evolución dos trazos do Antigo Réxime do século XVII e o século XVIII. | CSC<br>CAA<br>CCL |
| A<br>b<br>c<br>d<br>e<br>h | B1.3 Revolucións e parlamentarismo en Inglaterra. | B1.3 Explicar o parlamentarismo inglés do século XVII resumindo as características esenciais do sistema e valorando o papel das revolucións para alcanzar as transformacións necesarias para logralo. | HMCB1.3.1 Describe as características do parlamentarismo inglés a partir de fontes históricas. | CSC<br>CCEC<br>CCL |
| | | | HMCB1.3.2 Distingue as revolucións inglesas do século XVII como formas que promoven o cambio político do Antigo Réxime. | CSC<br>CCEC<br>CCL |
| A<br>b<br>c<br>d<br>e<br>h | B1.4 O pensamento da Ilustración. | B1.4 Relacionar as ideas da Ilustración co Liberalismo de comezo do século XIX establecendo elementos de coincidencia entre ámbalas ideoloxías. | HMCB1.4.1 Enumera e describe as ideas da Ilustración e as ideas do Liberalismo de comezos do século XIX. | CSC<br>CCEC<br>CCL |
| | | | HMCB1.4.2 Establece as semellanzas e diferenzas entre as ideas da Ilustración e o Liberalismo de comezos do século XIX. | CSC<br>CCEC<br>CCL |
| A<br>b<br>c<br>d<br>e<br>g<br>h | B1.5 Relacións Internacionais: o equilibrio europeo. | B1.5 Describir as relacións internacionais do Antigo Réxime demostrando a idea de equilibrio europeo. | HMCB1.5.1 Sitúa en mapas de Europa os diversos países ou reinos en función dos conflitos nos que interveñen. | CSC<br>CAA<br>CD |
| A<br>b<br>c<br>d<br>e<br>h<br>k<br>l | B1.6 Manifestacións artísticas do momento. | B1.6 Diferenciar manifestacións artísticas do Antigo Réxime seleccionando as obras máis destacadas. | HMCB1.6.1 Distingue e caracteriza obras de arte do Rococó. | CSC<br>CCEC<br>CCL<br>CAA |
| | Bloque 2. As revolucións industriais e as súas consecuencias sociais | | | |
| a<br>b<br>c<br>d<br>e<br>h<br>j | B2.1 A Revolución industrial: concepto, factores que a fan posible (económicos, sociais, ideolóxicos). | B2.1 Obter información, que permita explicar as Revolucións Industriais do século XIX, seleccionándoa das fontes bibliográficas ou online nas que se encontre dispoñible. | HMCB2.1.1 Identifica as causas da Primeira Revolución Industrial. | CSC<br>CAA<br>CCL |
| | | | HMCB2.1.2 Explica razoadamente a evolución cara a II Revolución Industrial. | |

| | Historia do Mundo Contemporáneo. 1º Bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| a<br>b<br>c<br>d<br>e<br>h<br>j | B2.2 Revolución ou revolucións industriais: características. Transformacións técnicas e novas fontes de enerxía. | B2.2 Describir as Revolucións Industriais do século XIX, establecendo os seus trazos característicos e as súas consecuencias sociais | HMCB2.2.1 Explica razoadamente a evolución cara a II Revolución Industrial. | CSC<br>CAA<br>CCL |
| | | | HMCB2.2.2 Analiza comparativa e esquematicamente as dúas Revolucións Industriais. | CSC<br>CAA<br>CCL |
| A<br>b<br>c<br>d<br>e<br>g<br>h<br>k | B2.3 O protagonismo de Gran Bretaña e a extensión do proceso de industrialización a outras zonas de Europa. A industrialización extraeuropea.<br>A industrialización española e galega. | B2.3 Enumerar os países que iniciaron a industrialización, localizándoos adecuadamente e establecendo as rexións onde se produce ese avance. | HMCB2.3.1. Localiza nun mapa os países industrializados e as súas rexións industriais. | CSC<br>CAA<br>CD |
| | | | HMCB2.3.2 Analiza aspectos que expliquen o desenvolvemento económico do sector industrial dos primeiros países industrializados, a partir de fontes historiográficas. | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CMCCT |
| | | | HMCB2.3.3 Debate en torno o éxito ou fracaso da industrialización en España e Galicia. | CSC<br>CAA |
| a<br>b<br>c<br>d<br>e<br>g<br>h<br>j | B2.4 Cambios debidos á Revolución Industrial: transportes, agricultura, poboación (migracións e o novo concepto de cidade). | B2.4 Identificar os cambios nos transportes, agricultura e poboación que influíron ou foron consecuencia da Revolución Industrial do século XIX. | HMCB2.4.1 Sinala os cambios sociais máis relevantes do século XIX asociándoos ao proceso da Revolución Industrial. | CSC<br>CAA<br>CSIEE |
| | | | HMCB2.4.. Describe a partir dun plano a cidade industrial británica. | CSC<br>CAA<br>CCL |
| | | | HMCB2.4.3 Identifica en imaxes os elementos propios da vida nunha cidade industrial do século XIX. | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CD |
| | | | HMCB2.4.4 Comenta mapas que expliquen a evolución da extensión das redes de transporte: ferrocarril, estradas e canais. | CSC<br>CCL<br>CD |
| A<br>b<br>c<br>d<br>e<br>h<br>k | B2.5 A Economía industrial: pensamento e primeiras crises. | B2.5 Analizar seleccionando ideas que identifiquen as características da economía industrial e do liberalismo económico. | HMCB2.5.1Explica as causas e consecuencias das crises económicas e as súas posibles solucións a partir de fontes históricas. | CSC<br>CAA<br>CCL |
| A<br>b<br>c<br>d<br>e<br>h<br>k | B2.6 O nacemento do proletariado e a organización da clase obreira: orixes do sindicalismo; correntes de pensamento; partidos políticos obreiros. | B2.6 Coñecer as correntes de pensamento que pretenden mellorar a situación dos obreiros do século XIX. | HMCB2.6.1 Compara as correntes de pensamento social da época da Revolución Industrial: socialismo utópico, socialismo científico e anarquismo. | CSC<br>CAA<br>CCL |
| | | | HMCB2.6.2 Distingue e explica as características dos tipos de asociacionismo obreiro. | CSC<br>CCL |
| | Bloque 3. A crise do Antigo Réxime | | | |
| a<br>b<br>c<br>d<br>e<br>h<br>i | B3.1 A crise do Antigo Réxime: Unha visión global. | B3.1 Analizar a evolución política, económica, social, cultural e de pensamento que caracteriza a 1ª metade do XIX distinguindo os feitos, personaxes e símbolos e encadrándoos en cada unha das variables analizadas. | HMCB3.1.1 Realiza eixes cronolóxicos que inclúan diacronía e sincronía dos acontecementos da primeira metade do século XIX. | CSC<br>CAA<br>CMCCT |
| a<br>b<br>c<br>d<br>e<br>h | B3.2 O Nacemento de EEUU. | B3.2. Describir as causas e o desenvolvemento da Independencia de Estados Unidos establecendo as causas máis inmediatas e as etapas de independencia. | HMCB3.2.1 Identifica xerarquías causais na guerra de independencia de Estados Unidos a partir de fontes historiográficas. | CSC<br>CCL<br>CAA |
| a<br>b<br>c<br>d<br>e<br>h | B3.3 A Revolución Francesa de 1789: aspectos políticos e sociais. | B3.3 Explicar a partir de información obtida en Internet, a Revolución Francesa de 1789 incluíndo cada idea obtida nas causas, o desenvolvemento e as consecuencias. | HMCB3.3.1 Explica as causas da Revolución Francesa de 1789. | CSC<br>CCL |
| | | | HMCB3.3.2 Explica esquematicamente o desenvolvemento da Revolución Francesa. | CSC<br>CCL<br>CAA |

| | Historia do Mundo Contemporáneo. 1º Bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| a<br>b<br>c<br>d<br>e<br>g<br>h | B3.4 O Imperio Napoleónico. | B3.4 Identificar o Imperio Napoleónico localizando a súa expansión europea e establecendo as súas consecuencias. | HMCB3.4.1 Identifica nun mapa histórico a extensión do Imperio Napoleónico. | CSC<br>CAA<br>CD |
| a<br>b<br>c<br>d<br>e<br>h | B3.5 O Congreso de Viena e o Absolutismo. | B3.5 Analizar a transcendencia que tivo para Europa o Congreso de Viena e a restauración do absolutismo identificando as súas consecuencias para os diversos países implicados. | HMCB3.5.1 Analiza as ideas defendidas e as conclusións do Congreso de Viena relacionándoas coas súas consecuencias. | CSC<br>CCL<br>CAA |
| A<br>b<br>c<br>d<br>e<br>h | B3.6 As revolucións liberais ou burguesas de 1820, 1830 e 1848. O caso español. | B3.6 Identificar as revolucións burguesas de 1820, 1830 e 1848, relacionando as súas causas e desenvolvemento. | HMCB3.6.1 Compara as causas e o desenvolvemento das revolucións de 1820, 1830 e 1848. | CSC<br>CCL |
| A<br>b<br>c<br>d<br>e<br>g<br>h | B3.7 O Nacionalismo: Unificacións de Italia e Alemaña. | B3.7 Coñecer o proceso de Unificación de Italia e Alemaña, obtendo o seu desenvolvemento a partir da análise de fontes gráficas. | HMCB3.7.1 Describe e explica a Unificación de Italia e a unificación de Alemaña a partir de fontes gráficas. | CSC<br>CCL<br>CD |
| A<br>b<br>c<br>d<br>e<br>h<br>k<br>l | B3.8 Cultura e Arte: Europa entre o neoclasicismo e o romanticismo. | B3.8 Descubrir as manifestacións artísticas de comezos do século XIX, obtendo información de medios bibliográficos ou de Internet e presentándoa adecuadamente. | HMCB3.8.1 Establece as características propias da pintura, a escultura e a arquitectura do Neoclasicismo e o Romanticismo a partir de fontes gráficas. | CSC<br>CCEC<br>CCL<br>CAA |
| A<br>b<br>c<br>d<br>e<br>h | B3.9 A independencia das colonias hispano-americanas. | B3.9 Analizar utilizando fontes gráficas a independencia de Hispanoamérica. | HMCB3.9.1 Realiza un friso cronolóxico explicativo da Independencia das colonias hispanoamericanas ao comezo do século XIX. | CSC<br>CMCCT<br>CAA |
| | Bloque 4. A dominación europea do mundo e a I Guerra Mundial | | | |
| A<br>b<br>c<br>d<br>e<br>h | B4.1 O tránsito do século XIX ao XX: Unha visión global. | B4.1 Describir as transformacións e conflitos xurdidos a finais do século XIX e comezos do século XX distinguindo o desenvolvemento dos mesmos e os factores desencadeantes. | HMCB4.1.1 Realiza un diagrama explicando cadeas causais e procesos dentro do período “finais do século XIX e comezos do XX”. | CSC<br>CAA |
| A<br>b<br>c<br>d<br>e<br>h | B4.2 Evolución dos principais estados en Europa, América e Asia:<br>Inglaterra victoriana.<br>Francia: a III República e o II Imperio.<br>Alemaña bismarckiana, Imperio Austrohúngaro e Rusia.<br>Estados Unidos: da Guerra Civil ata comezos do século XX.<br>Xapón: transformacións de finais do século XIX. | B4.2 Analizar a evolución política, social e económica dos principais países europeos, ademais de Xapón e Estados Unidos a finais do século XIX presentando información que explique tales feitos. | HMCB4.2.1 Elabora un eixe cronolóxico con feitos que explican a evolución durante a Segunda Metade do século XIX de Inglaterra, Francia, Alemaña, Imperio Austrohúngaro, Rusia. Estados Unidos e Xapón. | CSC<br>CMCCT<br>CAA |
| | | | HMCB4.2.2 Explica a partir de imaxes as características que permiten identificar a Inglaterra victoriana. | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CD |
| | | | HMCB4.2.3 Analiza textos relativos á época de Napoleón III en Francia. | CSC<br>CAA<br>CCL |
| | | | HMCB4.2.4 Identifica e explica razoadamente os feitos que converten a Alemaña durante o mandato de Bismarck nunha potencia europea. | CSC<br>CAA<br>CCL |

| | Historia do Mundo Contemporáneo. 1º Bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| a<br>b<br>c<br>d<br>e<br>h | B4.3 A expansión colonial dos países industriais: causas, colonización e reparto de Asia, África e outros enclaves coloniais, consecuencias. | B4.3 Describir a expansión imperialista de europeos, xaponeses e estadounidenses a finais do século XIX, establecendo as súas consecuencias. | HMCB4.3.1 Identifica e explica razoadamente as causas e as consecuencias da expansión colonial da Segunda Metade do século XIX. | CSC<br>CAA<br>CCL |
| | | | HMCB4.3.2 Localiza nun mapamundi as colonias das distintas potencias imperialistas. | CSC<br>CD<br>CAA |
| | | | HMCB4.3.3 Sabe recoñecer cadeas e interconexións causais entre colonialismo, imperialismo e a Gran Guerra de 1914. | CSC<br>CAA<br>CCL |
| a<br>b<br>c<br>d<br>e<br>h | B4.4 As relacións internacionais. A Paz Armada: Tripla Alianza e Tripla Entente. | B4.4 Comparar sinteticamente os distintos sistemas de alianzas do período da Paz Armada. | HMCB4.4.1 Describe as alianzas dos países máis destacados durante a Paz Armada. | CSC<br>CCL |
| A<br>b<br>c<br>d<br>e<br>g<br>h | B4.5 A I Guerra Mundial: causas, desenvolvemento e consecuencias. | B4.5 Distinguir os acontecementos que conducen á declaración das hostilidades da Primeira Guerra Mundial, desenvolvendo as súas etapas e as súas consecuencias. | HMCB4.5.1 Identifica a partir de fontes históricas ou historiográficas as causas da I Guerra Mundial. | CSC<br>CAA<br>CCL |
| | | | HMCB4.5.2 Comenta símbolos conmemorativos vinculados á I Guerra Mundial. | CSC<br>CCL |
| | | | HMCB4.5.3 Analiza e explica as distintas etapas da Gran Guerra a partir de mapas históricos. | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CD |
| | | | HMCB4.5.4 Extrae conclusións de gráficos e imaxes sobre as consecuencias da I Guerra Mundial. | CSC<br>CAA<br>CCL |
| | Bloque 5. O Período de Entreguerras, a II Guerra Mundial e as súas consecuencias | | | |
| a<br>b<br>c<br>d<br>e<br>h | B5.1 Economía, sociedade e cultura da época: os anos vinte. | B5.1 Recoñecer as características do período de Entreguerras inseríndoas nos correspondentes aspectos políticos, económicos, sociais ou culturais. | HMCB5.1.1 Explica as características do período de Entreguerras a partir de manifestacións artísticas e culturais de comezos do século XX. | CSC<br>CCL |
| a<br>b<br>c<br>d<br>e<br>h | B5.2 A revolución rusa, a formación e desenvolvemento da URSS. | B5.2 Esquematizar o desenvolvemento da Revolución Rusa de 1917 recoñecendo as súas etapas e os seus protagonistas máis significativos e establecendo as súas consecuencias. | HMCB5.2.1 Identifica e explica algunhas das causas da Revolución Rusa de 1917. | CSC<br>CCL |
| | | | HMCB5.2.2 Compara a Revolución Rusa de Febreiro de 1917 coa de Outubro de 1917. | CSC<br>CAA<br>CCL |
| a<br>b<br>c<br>d<br>e<br>h | B5.3 Tratados de Paz e reaxuste internacional: a Sociedade de Nacións. | B5.3 Identificar os Tratados de Paz da I Guerra Mundial establecendo como unha consecuencia o xurdimento da Sociedade de Nacións. | HMCB5.3.1 Explica os acordos dos Tratados de Paz da I Guerra Mundial e analiza as súas consecuencias a curto prazo. | CSC<br>CCL<br>CAA |
| | | | HMCB5.3.2 Analiza o papel que xoga a Sociedade de Nacións nas relacións internacionais, a partir de fontes históricas. | CSC<br>CCL |
| a<br>b<br>c<br>d<br>e<br>h | B5.4 Estados Unidos e a crise de 1929: a Gran Depresión e o New Deal. | B5.4 Explicar a Gran Depresión describindo os factores desencadeantes e as súas influencias na vida cotiá. | HMCB5.4.1 Interpreta imaxes da Gran Depresión. | CSC<br>CCL<br>CAA<br>CD |
| | | | HMCB5.4.2 Comenta gráficas que explican a crise económica de 1929. | CSC<br>CCL<br>CMCCT |
| a<br>b<br>c<br>d<br>e<br>h<br>k | B5.5 Os fascismos europeos e o nazismo alemán. | B5.5. Recoñecer a transcendencia dos fascismos europeos como ideoloxías que conduciron ao desencadeamento de conflitos no panorama europeo do momento. | HMCB5.5.1 Compara o fascismo italiano e o nazismo alemán. | CSC<br>CCL |
| | | | HMCB5.5.2 Distingue símbolos dos fascismos europeos da Primeira Metade do século XX. | CSC |

| | Historia do Mundo Contemporáneo. 1º Bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| A<br>b<br>c<br>d<br>e<br>h | B5.6 As relacións internacionais do período de Entreguerras, viraxes cara a guerra. | B5.6 Comprender as relacións internacionais no período de entreguerras como elementos importantes das causas da Segunda Guerra Mundial. | HMCB5.5.3 Analiza a partir de diferentes fontes contrapostas as relacións internacionais anteriores ao estoupido da II Guerra Mundial. | CSC<br>CAA<br>CCL |
| A<br>b<br>c<br>d<br>e<br>h | B5.7 A Segunda Guerra Mundial: Orixes do conflito e características xerais. | B5.7 Identificar e explicar as desencadeantes da II Guerra Mundial, así como os feitos máis característicos. | HMCB5.7.1 Identifica e explica as causas desencadeantes da II Guerra Mundial a partir de fontes históricas. | CSC<br>CAA<br>CCL |
| A<br>b<br>c<br>d<br>e<br>h | B5.8 Desenvolvemento da Segunda Guerra Mundial. | B5.8 Establecer as etapas do desenvolvemento da II Guerra Mundial, distinguindo as que afectaron a Europa e as que afectaron a Estados Unidos e Xapón. | HMCB5.8.1 Explica as etapas da II Guerra Mundial tanto na fronte europea coma na guerra do Pacífico. | CSC<br>CAA<br>CCL |
| | | | HMCB5.8.2 Analiza o desenvolvemento da II Guerra Mundial a partir de mapas históricos. | CSC<br>CAA<br>CCL |
| A<br>b<br>c<br>d<br>e<br>h | B5.9 Consecuencias da Segunda Guerra Mundial. | B5.9. Analizar o papel da guerra mundial como elemento de transformación da vida cotiá. | HMCB5.9.1 Describe as consecuencias da II Guerra Mundial. | CSC<br>CAA<br>CCL |
| A<br>b<br>c<br>d<br>e<br>h<br>k | B5.10 O Antisemitismo: o Holocausto. | B5.10 Entender o contexto no que se desenvolveu o Holocausto na guerra europea e as súas consecuencias. | HMCB5.10.1 Analiza imaxes que explican o Holocausto levado a cabo pola Alemaña Nazi. | CSC<br>CAA<br>CD |
| | | | HMCB5.10.2 Recoñece a significación do Holocausto na historia mundial. | CSC<br>CAA<br>CCL |
| A<br>b<br>c<br>d<br>e<br>h | B5.11 Preparación da Paz e a ONU. | B5.11 Obter e seleccionar información escrita e gráfica relevante, utilizando fontes primarias ou secundarias, relativa a postguerra. | HMCB5.11.1 Sintetiza textos que explican a intervención da ONU nas relacións internacionais e asuntos de descolonización. | CSC<br>CCL<br>CAA |
| | Bloque 6. Evolución de dous mundos diferentes e os seus enfrontamentos | | | |
| A<br>b<br>c<br>d<br>e<br>h | B6.1 A formación do bloque comunista fronte ao bloque capitalista: a Guerra Fría. | B6.1 Describir os feitos políticos, económicos, sociais e culturais que explican o xurdimento dos dous bloques antagónicos, clasificándoos e presentándoos adecuadamente. | HMCB6.1.1 Localiza nun mapa os países que formaban os bloques comunista e capitalista. | CSC<br>CD |
| A<br>b<br>c<br>d<br>e<br>h | B6.2 A evolución das relacións entre as dúas superpotencias. Os conflitos: da Guerra Fría á Coexistencia Pacífica e a Distensión. | B6.2 Interpretar a Guerra Fría, a Coexistencia Pacífica e a Distensión e as súas consecuencias establecendo acontecementos que exemplifiquen cada unha destas etapas das relacións internacionais. | HMCB6.2.1 Identifica e explica os conflitos da Guerra Fría a partir dun mapa histórico. | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CD |
| A<br>b<br>c<br>d<br>e<br>h | B6.3 Evolución da economía mundial de postguerra. | B6.3 Distinguir feitos que explican o enfrontamento entre os bloques comunista e capitalista, revisando as novas dos medios de comunicación da época. | HMCB6.3.1 Selecciona símbolos e imaxes que se identifican co mundo capitalista e o mundo comunista | CSC |
| | | | HMCB6.3.2 Extrae conclusións dos textos, imaxes, mapas, gráficas que explican a evolución de ámbolos bloques enfrontados na Guerra Fría sinalando a que bloque pertence e algúns motivos que explican esa pertenza. | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CD<br>CMCCT |
| A<br>b<br>c<br>d<br>e<br>h | B6.4 Características sociais e culturais de dous modelos políticos diferentes: comunismo e capitalismo. | B6.4 Comparar analizando o modelo capitalista co comunista dende os puntos de vista político, social, económico e cultural, exempllificando coa selección de feitos que durante este período | HMCB6.4.1 Explica algunhas características da economía capitalista a partir de gráficas. | CSC<br>CCL<br>CMCCT |
| | | | HMCB6.4.2 Explica algunhas características da economía comunista a partir de gráficos. | CSC<br>CCL<br>CMCCT |

XAL IES GTB

| | Historia do Mundo Contemporáneo. 1º Bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | afecten as dúas grandes superpotencias: URSS e Estados Unidos. | HMCB6.4.3 Establece razoada e comparativamente as diferenzas entre o mundo capitalista e o mundo comunista. | CSC<br>CAA<br>CCL |
| | | | HMCB6.4.4 Identifica formas políticas do mundo occidental e do mundo comunista. | CSC<br>CCL |
| | Bloque 7. A Descolonización e o Terceiro Mundo | | | |
| a<br>b<br>c<br>d<br>e<br>h | B7.1 Orixes, causas e factores da descolonización. | B7.1 Explicar os motivos e feitos que conducen á descolonización establecendo as causas e factores que explican o proceso. | HMCB7.1.1 Localiza nun mapa as zonas afectadas pola descolonización e os seus conflitos. | CSC<br>CCL<br>CD |
| a<br>b<br>c<br>d<br>e<br>h | B7.2 Etapas e modelos de descolonización. | B7.2 Describir as etapas e consecuencias do proceso descolonizador identificando as que afectan a unhas colonias e a outras, establecendo feitos e personaxes significativos de cada proceso. | HMCB7.2.1 Establece de forma razoada as distintas causas, feitos e factores que desencadean e explican o proceso descolonización. | CSC<br>CCL<br>CAA |
| | | | HMCB7.2.2 Identifica e compara as características da descolonización de Asia e de África. | CSC<br>CCL |
| a<br>b<br>c<br>d<br>e<br>h | B7.3 Desenvolvemento do proceso descolonizador: o papel da ONU. | B7.3 Definir o papel da ONU na descolonización analizando información que demostre as súas actuacións. | HMCB7.3.1 Explica as actuacións da ONU no proceso descolonizador a partir de fontes históricas. | CSC<br>CCL |
| a<br>b<br>c<br>d<br>e<br>h<br>k | B7.4 O Terceiro Mundo e o Movemento de Países Non Aliñados: problemas dos países do Terceiro Mundo. | B7.4 Analizar o subdesenvolvemento do Terceiro Mundo establecendo as causas que o explican. | HMCB7.4.1 Analiza as características dos países do Terceiro Mundo a partir de gráficas. | CSC<br>CCL<br>CMCTT |
| | | | HMCB7.4.2 Localiza nun mapa os Países do Terceiro Mundo. | CSC<br>CD |
| | | | HMCB7.4.3 Analiza textos, imaxes do Movemento de Países Non Aliñados e dos subdesenvolvidos. | CSC<br>CCL |
| a<br>b<br>c<br>d<br>e<br>h | B7.5 As relacións entre os países desenvolvidos e non desenvolvidos, o nacemento da axuda internacional. | B7.5 Apreciar o nacemento da axuda internacional e o xurdimento das relacións entre os países desenvolvidos e subdesenvolvidos, reproducindo as formas de axuda ao desenvolvemento e describindo as formas de neocolonialismo dentro da política de bloques. | HMCB7.5.1 Explica a evolución das relacións entre os países desenvolvidos e os países en vías de desenvolvemento, comparando a axuda internacional coa intervención neocolonialista. | CSC<br>CCL<br>CAA |
| | Bloque 8. A crise do bloque comunista | | | |
| a<br>b<br>c<br>d<br>e<br>h<br>i | B8.1 A URSS e as democracias populares. | B8.1 Describir a situación da URSS a finais do século XX, establecendo os seus trazos máis significativos dende unha perspectiva política, social e económica. | HMCB8.1.1 Localiza nun mapa as repúblicas exsoviéticas e os diferentes países formados trala caída do muro de Berlín. | CSC<br>CD |
| | | | HMCB8.1.2 Elabora un eixe cronolóxico que ordena os acontecementos que explican a desintegración da URSS, formación da CEI e o xurdimento das repúblicas exsoviéticas. | CSC<br>CMCCT |
| | | | HMCB8.1.3 Compara utilizando mapas de situación dos países dos Balcáns dende os anos 80 ata a actualidade. | CSC<br>CAA<br>CD CCL |
| a<br>b<br>c<br>d<br>e<br>h | B8.2 A irrupción de M. Gorbachov: "Perestroika" e "Glasnost". | B8.2 Resumir as políticas de M. Gorbachov nomeando as disposicións concernintes á "Perestroika" e á "Glasnost" e resaltando as súas influencias. | HMCB8.2.1 Describe os trazos políticos e socioeconómicos da URSS dende a época de Breznev ata a de Gorbachov. | CSC<br>CCL |
| a<br>b<br>c<br>d<br>e<br>h, i | B8.3 A desintegración da URSS: CEI-Federación Rusa e as novas repúblicas exsoviéticas. | B8.3 Analizar a situación creada co xurdimento da CEI e as repúblicas exsoviéticas recollendo informacións que resuman as novas circunstancias políticas e económicas. | HMCB8.3.1 Elabora un cadro sinóptico sobre a situación política e económica das repúblicas exsoviéticas e a CEI- Federación Rusa. | CSC<br>CAA<br>CMCCT |

| | Historia do Mundo Contemporáneo. 1º Bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| A<br>b<br>c<br>d<br>e<br>h | B8.4 A caída do muro de Berlín e a evolución dos países de Europa Central e Oriental. | B8.4 Explicar a caída do muro de Berlín nomeando as súas repercusións nos países de Europa Central e Oriental. | HMCB8.4.1 Analiza imaxes que reflicten a caída do muro de Berlín. | CSC<br>CCL |
| | | | HMCB8.4.2 Explica as novas relacións das repúblicas exsoviéticas con Europa occidental. | CSC<br>CCL |
| | | | HMCB8.4.3 Realiza unha busca guiada en Internet para explicar de maneira razoada a disolución do bloque comunista. | CSC<br>CAA<br>CCL |
| A<br>b<br>c<br>d<br>e<br>h | B8.5 O problema dos Balcáns. A guerra de Iugoslavia. | B8.5 Identificar o problema dos Balcáns enumerando as causas que explican o xurdimento de tal situación e resumindo os feitos que configuran o desenvolvemento de conflitos nesta zona. | HMCB8.5.1 Describe comparativamente a evolución política dos países de Europa Central e Oriental trala caída do muro de Berlín. | CSC<br>CCL |
| | | | HMCB8.5.2 Describe e analiza as causas, desenvolvemento e consecuencias da guerra dos Balcáns especialmente en Iugoslavia. | CSC<br>CCL |
| | Bloque 9. O mundo capitalista na segunda metade do século XX | | | |
| a<br>b<br>c<br>d<br>e<br>h<br>k | B9.1 Pensamento e cultura da sociedade capitalista na segunda metade do século XX. | B9.1 Distinguir os postulados que defende a cultura capitalista da segunda metade do século XX establecendo as liñas de pensamento e os logros obtidos. | HMCB9.1.1 Enumera as liñas de pensamento económico do mundo capitalista na segunda metade do século XX. | CSC<br>CCL |
| | | | HMCB9.1.2 Explica o modelo capitalista dun país elaborando información a partir dunha busca guiada en internet | CSC<br>CAA<br>CCL |
| a<br>b<br>c<br>d<br>e<br>h<br>k | B9.2 O Estado do Benestar. | B9.2 Describir o Estado do Benestar, aludindo ás características significativas que inflúen na vida cotiá. | HMCB9.2.1 Identifica razoadamente as características e símbolos do Estado do Benestar. | CSC<br>CCL |
| a<br>b<br>c<br>d<br>e<br>h | B9.3 O proceso de construción da Unión Europea: das Comunidades Europeas á Unión. | B9.3 Explicar o proceso de construción da Unión Europea enumerando os fitos máis destacados que configuran a súa evolución. | HMCB9.3.1 Elabora eixes cronolóxicos sobre o proceso de construción da Unión Europea. | CSC<br>CMCCT |
| a<br>b<br>c<br>d<br>e<br>h | B9.4 Obxectivos e Institucións da Unión Europea. | B9.4 Coñecer os obxectivos que persegue a Unión Europea relacionándoos coas Institucións que compoñen a súa estrutura. | HMCB9.4.1 Relaciona razoadamente as Institucións da Unión Europea cos obxectivos que esta persegue. | CSC<br>CCL |
| a<br>b<br>c<br>d<br>e<br>h | B9.5 Evolución de Estados Unidos: dos anos 60 aos 90. | B9.5 Describir a evolución política, social e económica de Estados Unidos dende os anos 60 aos 90 do século XX sintetizando os aspectos que explican a transformación da sociedade norteamericana e que constitúen elementos orixinarios do Estado do Benestar. | HMCB9.5.1 Realiza un eixe cronolóxico dos feitos máis significativos de tipo político, social e económico de Estados Unidos dende os anos 60 aos 90. | CSC<br>CMCCT |
| | | | HMCB9.5.2 Selecciona e presenta mediante mapas ou redes conceptuais información referida a Estados Unidos entre 1960 e 2000. | CSC<br>CD<br>CAA |
| a<br>b<br>c<br>d<br>e<br>h | B9.6 Xapón e os novos países asiáticos industrializados. | B9.6 Identificar as singularidades do capitalismo de Xapón e os Novos Países Industriais Asiáticos, establecendo trazos de carácter político, económico, social e cultural. | HMCB9.6.1 Establece razoadamente as características e símbolos que explican aspectos singulares do capitalismo de Xapón ea Área do Pacífico. | CSC<br>CAA<br>CCL |
| | Bloque 10. O mundo actual dende unha perspectiva histórica | | | |
| a<br>b<br>c<br>d<br>e<br>g<br>h<br>k | B10.1 A globalización e os medios de comunicación. O impacto científico e tecnolóxico.<br>A caída do muro de Berlín.<br>Os atentados de Nova | B10.1 Analizar as características da globalización describindo a influencia que sobre este fenómeno teñen os medios de comunicación e o impacto que os medios científicos e tecnolóxicos teñen na sociedade actual. | HMCB10.1.1 Identifica as principais características ligadas á fiabilidade e obxectividade do fluxo de información existente en internet e outros medios dixitais. | CSC<br>CD<br>CCL<br>CAA |
| | | | HMCB10.1.2 Elabora un breve informe sobre as relacións entre inmigración e globalización a partir de fontes históricas. | CSC<br>CD<br>CCL<br>CSIEE |

| | Historia do Mundo Contemporáneo. 1º Bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | York.<br>A inmigración como fenómeno globalizado. | | HMCB10.1.3 Extrae conclusións de imaxes e material videográfico relacionados co mundo actual. | CSC<br>CD<br>CCL |
| a<br>b<br>c<br>d<br>e<br>h<br>k | B10.2 A ameaza terrorista nun mundo globalizado. | B10.2 Describir os efectos da ameaza terrorista (yihadismo, etc.) sobre a vida cotiá, explicando as súas características. | HMCB10.2.1 Realiza unha busca guiada en Internet sobre a ameaza terrorista, organizacións que a sustentan, actos máis relevantes (Nova York 11-S, Madrid 11-M, Londres 7-J, etc.), os seus símbolos e repercusións na sociedade (a cidadanía ameazada, as asociacións de vítimas, a mediación en conflitos, etc.) e analiza e comunica a información máis relevante. | CSC<br>CD<br>CCL<br>CAA |
| a<br>b<br>c<br>d<br>e<br>h | B10.3 Europa: reto e unión. | B10.3Resumir os retos que ten a Unión Europea no mundo actual distinguindo os problemas que posúe para amosarse como zona xeopolítica unida fronte a outras áreas. | HMCB10.3.1 Identifica os retos actuais da Unión Europea a partir de novas xornalísticas seleccionadas. | CSC<br>CCL<br>CAA |
| | | | HMCB10.3.2 Explica comparativamente os desaxustes que ten a Unión Europea na relación con outros países ou áreas xeopolíticas. | CSC<br>CCL<br>CAA |
| a<br>b<br>c<br>d<br>e<br>h<br>k<br>l | B10.4 Trazos relevantes da sociedade norteamericana a comezos do século XXI, tralos atentados do 11-S de 2001. | B10.4 Enumerar os trazos relevantes da sociedade norteamericana a comezos do século XXI distinguindo a transcendencia dos atentados do 11-S e explicando as transformacións e o impacto ocasionado a este país. | HMCB10.4.1 Elabora mapas conceptuais sobre os trazos da sociedade norteamericana agrupándoos en política, sociedade, economía e cultura. | CSC<br>CD<br>CCL<br>CAA |
| a<br>b<br>c<br>d, e<br>h, l | B10.5 Hispanoamérica: situación actual. | B10.5 Analizar a evolución política, económica, social e cultural de Hispanoamérica. | HMCB10.5.1 Describe os principais movementos políticos, económicos, sociais e culturais da Hispanoamérica actual. | CSC<br>CCL<br>CAA |
| a<br>b<br>c<br>d<br>e<br>h<br>k | B10.6 O mundo islámico na actualidade. | B10.6 Describir a evolución do mundo islámico na actualidade resumindo os seus trazos económicos, políticos, relixiosos e sociais. | HMCB10.6.1 Enumera e explica os trazos económicos, políticos, relixiosos e sociais do mundo islámico e localiza nun mapa os países que forman na actualidade o mundo islámico. | CSC<br>CD<br>CCL<br>CAA |
| A<br>b<br>c<br>d<br>e<br>h | B10.7 África Islámica, Subsahariana e Sudáfrica. | B10.7 Distinguir a evolución dos países de África distinguindo e relacionando as súas zonas xeoestratéxicas. | HMCB10.7.1 Compara aspectos económicos, políticos, relixiosos e sociais entre os principais países do continente africano. | CSC<br>CCL<br>CAA |
| a<br>b<br>c<br>d<br>e<br>h | B10.8 India e China do século XX ao XXI: evolución política, económica, social e de mentalidades. | B10.8 Resumir a evolución de China e India dende finais do século XX ao século XXI, seleccionando trazos políticos, económicos, sociais e de mentalidades. | HMCB10.8.1 Compara aspectos económicos, políticos, relixiosos e sociais de China e India. | CSC<br>CCL<br>CAA |
| | | | HMCB10.8.2 Compara aspectos económicos, políticos, relixiosos e sociais entre países emerxentes de Asia e África. | CSC<br>CCL<br>CAA |
| | Bloque 11. A historia contemporánea: O tempo histórico. Métodos e ferramentas propias da disciplina. | | | |
| h<br>j<br>k | B11.1 O tempo histórico. | B11.1 Recoñecer que os acontecementos e procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía). | HMCB11.1.1 Recoñecer que os acontecementos e procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía). | CSC<br>CMCCT<br>CAA |
| e<br>g<br>h<br>j<br>k<br>i | B11.2 As fontes históricas. | B11.2 Localizar e seleccionar información escrita e gráfica relevante utilizando fontes primarias e secundarias (en Biblioteca, Internet,..), analizando a súa credibilidade. | HMCB11.2.1 Localiza e selecciona información escrita e gráfica relevante utilizando fontes primarias e secundarias analizando a súa credibilidade. | CSC<br>CD<br>CAA<br>CCL |
| e<br>h<br>i<br>l | B11.3 Vocabulario histórico e artístico da idade contemporánea. | B11.3 Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado. | HMCB11.3.1 Utiliza con fluidez e precisión o vocabulario histórico e artístico necesario. | CSC<br>CCL |

**4.- TEMPORALIZACIÓN**

1ª Avaliación: Bloques 1, 2 e 3.

Revolución e cambio no século XIX

- Capitalismo e Revolución Industrial
- As revolucións liberais
- As transformacións sociais
- Potencias burguesas e novos Estados
- Expansión colonial e imperialismo

2ª Avaliación: Bloques 4 e 5.

A época dos grandes conflitos mundiais: a primeira metade do século XX

- A Gran Guerra
- A Revolución Rusa e o Estado soviético
- A economía no periodo de Entreguerras
- Democracias e totalitarismos
- A Segunda Guerra Mundial

3ª Avaliación: Bloques 6 a 10.

O mundo na segunda metade do século XX. O mundo actual.

- Guerra fría e política de bloques
- O mundo occidental
- O bloque soviético
- Os non aliñados
- Globalización e mundo actual

**Nota: o bloque 11 tratarase de xeito transversal, ó longo de todo o curso.**

**5.- ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS.**

A adquisición dos coñecementos históricos necesarios para explicar o funcionamento das sociedades contemporáneas e actuais, criticando as desigualdades e inxustizas que se producen e tomando conciencia da responsabilidade individual e colectiva na construción dun mundo máis xusto, solidario e tolerante.

Algunhas suxestións que, de acordo coas perspectivas máis actuais da aprendizaxe, poden axudar a que o ensino da historia resulte máis eficaz son:

Establecer relacións entre o coñecemento histórico e a realidade cotiá, de forma que resulte útil para formular e resolver problemas que preocupan a sociedade e o alumnado.

Ter en conta os intereses e preocupacións do alumnado para que actúe motivado e se comprometa de forma persoal coa aprendizaxe.

Utilizar o coñecemento histórico para cuestionar ideas comunmente aceptadas e desvelar aspectos non evidentes da realidade, de forma que se converta nun coñecemento emancipador que promova a autonomía persoal do alumnado. Inducilo a que revise, matice e perfeccione os seus puntos de vista á luz do coñecemento histórico que manexa na aula.

Dar acceso a unha gran variedade de información para que se fagan visibles os discursos dos grupos hexemónicos e dos excluídos, das maiorías e das minorías, dos homes e das mulleres, dos adultos e da mocidade; deste xeito, o alumnado poderá comprender as diferentes perspectivas e intereses presentes na sociedade e formar o seu propio criterio fun-dado en argumentos.

Estimular o alumnado para que aplique nocións e conceptos históricos a contextos concretos (incluído o contexto máis próximo), de tal xeito que sinta a necesidade de adaptalos e reelaboralos para dar conta de diferentes realidades sociais e históricas.

Manexar informacións de diferentes tipos (textos escritos, imaxes, datos estatísticos, mapas) para que o alumnado obteña información e elabore textos históricos breves a partir delas.

Promover a necesidade de buscar outras informacións en fontes diferentes do libro de texto ou dos materiais da clase (incluídas as TIC), que complementen ou amplíen a información que proporciona o profesorado.

Promover o papel activo do alumnado de forma que participe, exprese opinións, faga presentacións orais e escritas, etc.

Crear situacións de ensinanza que permitan a todas e todos os estudantes compartir e colaborar na planificación, realización e presentación dos resultados dun informe ou proxecto.

Promover o papel activo do alumnado de forma que participe, exprese opinións e faga presentacións orais e escritas.

Deseñar actividades que resulten atractivas para estudantes con intereses, motivacións e capacidades diversas, e que contribúan a reducir as desigualdades de partida que existen entre eles.

XH - IES GTB

# 2º CURSO
# HISTORIA DE ESPAÑA

XH - IESGTB

**1.- INTRODUCIÓN**

O estudo da historia de España é esencial para o coñecemento e comprensión non só do noso pasado senón tamén do mundo actual. Non menos importante é o carácter formativo da materia de Historia de España, xa que desenvolve capacidades e técnicas intelectuais propias do pensamento abstracto e formal, tales como a observación, a análise, a interpretación, a capacidade de comprensión e o sentido crítico. Por outra banda, a historia contribúe decisivamente á formación de cidadáns e cidadás responsables, conscientes dos seus dereitos e das súas obrigas, así como da herdanza recibida e do seu compromiso coas xeracións futuras.

Historia de España de segundo curso de bacharelato pretende ofrecer unha visión de conxunto dos procesos históricos fundamentais dos territorios que configuran o actual Estado español, prestando, cando cumpra, unha especial atención a Galicia, pero sen esquecer por iso a súa pluralidade interna e a súa pertenza a outros ámbitos máis amplos, coma o europeo e o iberoamericano. Neste sentido, a materia recolle, na análise dos procesos históricos, tanto os aspectos compartidos como os diferenciais.

Concibida como materia común para todas as modalidades de bacharelato, ofrécelles aos alumnos e ás alumnas que chegan á vida adulta a posibilidade de coñeceren a historia de España de xeito continuo e sistemático. Na distribución cronolóxica dos contidos outórgaselle unha maior importancia ao coñecemento da historia contemporánea, sen renunciar por iso aos referidos ás etapas anteriores, pois en grande medida a pluralidade da España actual só é comprensible se nos remontamos a procesos e feitos que teñen a súa orixe nun pasado remoto. Deste xeito, dedícase un primeiro bloque aos comezos da nosa historia, desde os primeiros humanos á monarquía visigoda; o segundo refírese á Idade Media, desde a conquista musulmá da Península; os dous seguintes estudan a Idade Moderna, ata as vésperas da Revolución Francesa; e os oito restantes a Idade Contemporánea.

A través do estudo da Historia de España, o alumnado deberá adquirir determinados valores e hábitos de comportamento, como a actitude crítica cara ás fontes, o recoñecemento da diversidade de España ou a valoración do patrimonio cultural e histórico recibido. Así mesmo, tal estudo deberá contribuír a fomentar unha especial sensibilidade cara á sociedade do presente e a súa problemática, que anime a adoptar unha actitude responsable e solidaria coa defensa da liberdade, a igualdade de entre homes e mulleres, os dereitos humanos, a non-discriminación e os valores democráticos.

A materia é rica en achegas ao coñecemento competencial. As competencias clave sociais e cívicas, e de conciencia e expresións culturais reciben un tratamento moi específico relacionado cos contidos que son propios da historia de España. Ademais, as competencias lingüística, dixital e de aprender a aprender están presentes de maneira constante na súa vertente máis instrumental, e deben impregnar todo o que sexa posible o desenvolvemento curricular da materia. O traballo competencial matemático e en ciencias e tecnoloxía trátase de xeito puntual. A competencia clave de sentido de iniciativa e espírito emprendedor debe estar moi presente nas vertentes máis actitudinais e competenciais da materia.

O tratamento metodolóxico da materia débese axustar ao nivel competencial inicial do alumnado, respectando os ritmos e os estilos de aprendizaxe, e tendo en conta a atención á diversidade. A materia de Historia de España permite desenvolver metodoloxías activas, nas que o traballo individual e cooperativo estean permanentemente presentes, con elaboración de diferentes tipos de materiais, integrando de xeito especial as tecnoloxías da información e da comunicación.

XH - ESGTB

## 2.- CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE. RELACIÓN COAS COMPETENCIAS E OS OBXECTIVOS (obxectivos do bacharelato, enunciados no apartado 2.- de 1º de bach.).

| Historia de España. 2º de bacharelato | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 0: Como se escribe a Historia. Criterios comúns | | | |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ m | ▪ B0.1. Método histórico. Fontes e perspectivas. | ▪ B0.1. Localizar fontes primarias (históricas) e secundarias (historiográficas) en bibliotecas, internet, etc., e extraer información salientable sobre o tratado, valorando criticamente a súa fiabilidade. | ▪ HEB0.1.1. Procura información de interese (en libros e internet) sobre a importancia cultural e artística dun personaxe historicamente salientable, un feito ou un proceso histórico, e elabora unha breve exposición. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE<br>▪ CCEC |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B0.2. Análise e comentario de fontes. | ▪ B0.2. Elaborar mapas e liñas de tempo, localizando as fontes adecuadas, utilizando os datos proporcionados ou servíndose dos coñecementos xa adquiridos. | ▪ HEB0.2.1. Representa unha liña do tempo situando nunha ringleira os principais acontecementos relativos a determinados feitos ou procesos históricos. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| ▪ h<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B0.3. Utilidade das fontes. | ▪ B0.3. Comentar e interpretar fontes primarias (históricas) e secundarias (historiográficas), relacionando a súa información cos coñecementos previos. | ▪ HEB0.3.1. Responde a cuestións propostas a partir de fontes históricas e historiográficas. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B0.4. Mapas e liñas do tempo. | ▪ B0.4. Recoñecer a utilidade das fontes para o/a historiador/a, á parte da súa fiabilidade. | ▪ HEB0.4.1. Distingue o carácter das fontes históricas non só como información, senón tamén como proba para responder ás preguntas que se formulan os/as historiadores/as. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| | Bloque 1. A Península Ibérica desde os primeiros humanos ata a desaparición da monarquía Visigoda (711) | | | |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ n<br>▪ p | ▪ B1.1. Da prehistoria á monarquía visigoda: prehistoria (evolución do Paleolítico ao Neolítico; pintura cantábrica e levantina; importancia da metalurxia); configuración das áreas celta e ibérica (Tartesos, indoeuropeos e colonizadores orientais; cultura castrexa); Hispania romana (conquista e romanización da Península; legado cultural romano; exemplo galego); monarquía visigoda (ruralización da economía; poder da Igrexa e a nobreza). | ▪ B1.1. Explicar as características dos principais feitos e procesos históricos da Península Ibérica desde a prehistoria ata a desaparición da monarquía visigoda, e identificar as súas causas e consecuencias. | ▪ HEB1.1.1. Explica as diferenzas entre a economía e a organización social do Paleolítico e do Neolítico, e as causas do cambio. | ▪ CCL<br>▪ CCS |
| | | | ▪ HEB1.1.2. Identifica as diferenzas entre unha imaxe de pintura cantábrica e outra de pintura levantina. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ HEB1.1.3. Describe os avances no coñecemento das técnicas metalúrxicas e explica as súas repercusións. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB1.1.4. Resume as características principais do reino de Tartesos e cita as fontes históricas para o seu coñecemento. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB1.1.5. Explica o diferente nivel de desenvolvemento das áreas celta e ibérica en vésperas da conquista romana en relación coa influencia recibida dos indoeuropeos, o reino de Tartesos e os colonizadores fenicios e gregos. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ HEB1.1.6. Debuxa un mapa esquemático da Península Ibérica e delimita nel as áreas ibérica e celta. | ▪ CAA<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB1.1.7. Define o concepto de romanización e describe os medios empregados para levala a cabo. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |

| Historia de España. 2º de bacharelato | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | ▪ HEB1.1.8. Compara o ritmo e grao de romanización dos territorios peninsulares. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ HEB1.1.9. Resume as características da monarquía visigoda e explica por que alcanzou tanto poder a igrexa e a nobreza. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB1.1.10. Procura información de interese (en libros e internet) sobre o mantemento cultural e artístico do legado romano na España actual, e elabora unha breve exposición. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ HEB1.1.11. Representa unha liña do tempo desde 250 a.C. ata 711 d.C., e sitúa nela os principais acontecementos históricos. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB1.1.12. Partindo de fontes historiográficas, responde a cuestións ou situacións. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | Bloque 2. A Idade Media: tres culturas e un mapa político en constante cambio (711-1474) | | | |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ n | ▪ B2.1. Al-Andalus: conquista musulmá da Península; evolución política de Al-Andalus; revitalización económica e urbana; estrutura social; relixión, cultura e arte. | ▪ B2.1. Explicar a evolución dos territorios musulmáns na Península, describindo as súas etapas políticas e os cambios económicos, sociais e culturais que introduciron. | ▪ HEB2.1.1. Explica as causas da invasión musulmá e da súa rápida ocupación da Península. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB2.1.2. Representa unha liña do tempo desde 711 ata 1474 e sitúa nunha ringleira os principais acontecementos relativos a Al-Andalus e noutra os relativos aos reinos cristiáns. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB2.1.3. Describe a evolución política de Al-Andalus. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB2.1.4. Resume os cambios económicos, sociais e culturais introducidos polos musulmáns en Al-Andalus. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ p | ▪ B2.2. Os reinos cristiáns do século XIII ao XV: evolución política; nacemento das Cortes. Os reinos cristiáns na baixa Idade Media (séculos XIV e XV): diferente evolución e organización política das coroas de Castela, Aragón e Navarra. Proceso de reconquista e repoboación. | ▪ B2.2. Explicar a evolución e configuración política dos reinos cristiáns, en relación co proceso de reconquista e o concepto patrimonial da monarquía. | ▪ HEB2.2.1. Describe as grandes etapas e as causas xerais que conducen ao mapa político da Península Ibérica ao remate da Idade Media. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB2.2.2. Explica a orixe das Cortes nos reinos cristiáns e as súas principais funcións. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB2.2.3. Compara a organización política da coroa de Castela, a de Aragón e o reino de Navarra ao remate da Idade Media. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB2.2.4. Comenta o ámbito territorial e as características de cada sistema de repoboación, así como as súas causas e as súas consecuencias. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B2.3. Os reinos cristiáns na Idade Media: réxime señorial e sociedade estamental. Tensións sociais. | ▪ B2.3. Diferenciar as tres grandes fases da evolución económica dos reinos cristiáns durante toda a Idade Media | ▪ HEB2.3.1. Describe as grandes fases da evolución económica dos territorios cristiáns durante a Idade Media. | ▪ CCL<br>▪ CSC |

| Historia de España. 2º de bacharelato | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ i<br>▪ p | | (estancamento, expansión e crise), e sinalar os seus factores e as súas características. | | |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i, p | ▪ B2.4. Os reinos cristiáns na Idade Media: do estancamento á expansión económica. Crises agraria e demográfica. | ▪ B2.4. Analizar a estrutura social dos reinos cristiáns e describir o réxime señorial e as características da sociedade estamental. | ▪ HEB2.4.1. Explica a orixe e as características do réxime señorial e a sociedade estamental no ámbito cristián. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ m<br>▪ n<br>▪ p | ▪ B2.5. O Camiño de Santiago. Unha cultura plural: cristiáns, musulmáns e xudeus. Manifestacións artísticas. | ▪ B2.5. Describir as relacións culturais de cristiáns, musulmáns e xudeus, e especificar as súas colaboracións e as influencias mutuas. | ▪ HEB2.5.1. Describe o labor dos centros de tradución. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ HEB2.5.2. Procura información de interese (en libros e internet) sobre a importancia cultural e artística do Camiño de Santiago, e elabora unha breve exposición. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE<br>▪ CCEC |
| | Bloque 3. A formación da monarquía hispánica e a súa expansión mundial (1474-1700) | | | |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ p | ▪ B3.1. Os Reis Católicos: unión dinástica de Castela e Aragón; reorganización do Estado; política relixiosa; conquista de Granada; descuberta de América; incorporación de Navarra; relacións con Portugal. | ▪ B3.1. Analizar o reinado dos Reis Católicos como unha etapa de transición entre a Idade Media e a Idade Moderna, e identificar as reminiscencias medievais e os feitos salientables que abren o camiño á modernidade. | ▪ HEB3.1.1. Define o concepto de unión dinástica aplicado a Castela e Aragón en tempos dos Reis Católicos e describe as características do novo Estado. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB3.1.2. Explica as causas e as consecuencias dos feitos máis relevantes de 1492. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB3.1.3. Analiza as relacións dos Reis Católicos con Portugal e os obxectivos que perseguían. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i | ▪ B3.2. Auxe do Imperio no século XVI: dominios de Carlos I e de Filipe II; modelo político dos Austrias; conflitos internos; conflitos relixiosos no seo do Imperio; conflitos exteriores; exploración e colonización de América e do Pacífico; política económica respecto a América; a revolución dos prezos e o custo do Imperio. | ▪ B3.2. Explicar a evolución e a expansión da monarquía hispánica durante o século XVI, diferenciando os reinados de Carlos I e Filipe II. | ▪ HEB3.2.1. Compara os imperios territoriais de Carlos I e de Filipe II, e explica os problemas que provocaron. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB3.2.2. Explica a expansión colonial en América e no Pacífico durante o século XVI. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB3.2.3. Analiza a política respecto a América no século XVI e as súas consecuencias para España, Europa e a poboación americana. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i | ▪ B3.3. Crise e decadencia do Imperio no século XVII: os validos; expulsión dos mouriscos; proxectos de reforma de Olivares; guerra dos Trinta Anos e perda da hexemonía en Europa en favor de Francia; rebelións de Cataluña e Portugal en 1640; Carlos II e o problema sucesorio; crise demográfica e económica. | ▪ B3.3. Explicar as causas e as consecuencias da decadencia da monarquía hispánica no século XVII, relacionando os problemas internos, a política exterior e a crise económica e demográfica. | ▪ HEB3.3.1. Describe a práctica do valemento e os seus efectos na crise da monarquía. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB3.3.2. Explica os principais proxectos de reforma do Conde Duque de Olivares. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB3.3.3. Analiza as causas da guerra dos Trinta Anos e as súas consecuencias para a monarquía hispánica e para Europa. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HEB3.3.4. Compara e comenta as rebelións de Cataluña e Portugal de 1640. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CAA |

| Historia de España. 2º de bacharelato | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | ▪ HEB3.3.5. Explica os principais factores da crise demográfica e económica do século XVII, e as súas consecuencias. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB3.3.6. Representa unha liña do tempo desde 1474 ata 1700, e sitúa nela os principais acontecementos históricos. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ m<br>▪ n<br>▪ p | ▪ B3.4. Século de Ouro español: do Humanismo á Contrarreforma; Renacemento e Barroco na literatura e na arte. | ▪ B3.4. Recoñecer as grandes achegas culturais e artísticas do Século de Ouro español, extraendo información de interese en fontes primarias e secundarias (en bibliotecas, internet, etc.). | ▪ HEB3.4.1. Procura información de interese (en libros e internet) e elabora unha breve exposición sobre os seguintes pintores do Século de Ouro español: El Greco, Ribera, Zurbarán, Velázquez e Murillo. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| | Bloque 4. España na órbita francesa: o reformismo dos primeiros Borbóns (1700-1788) | | | |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i | ▪ B4.1. Cambio dinástico e Guerra de Sucesión: unha contenda civil e europea; a Paz de Utrecht e o novo equilibrio europeo; os pactos de familia con Francia. | ▪ B4.1. Analizar a Guerra de Sucesión española como contenda civil e europea, e explicar as súas consecuencias para a política exterior española e a nova orde internacional. | ▪ HEB4.1.1. Explica as causas da Guerra de Sucesión Española e a composición dos bandos en conflito. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB4.1.2. Representa unha liña do tempo desde 1700 ata 1788, e sitúa nela os principais acontecementos históricos. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB4.1.3. Detalla as características da nova orde europea xurdida da Paz de Utrecht e o papel de España nela. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ p | ▪ B4.2. Reformas institucionais: novo modelo de Estado; Administración en América; Facenda Real; relacións Igrexa-Estado. | ▪ B4.2. Describir as características do novo modelo de Estado, especificando o alcance das reformas promovidas polos primeiros monarcas da dinastía borbónica. | ▪ HEB4.2.1. Define os decretos de nova planta e explica a súa importancia na configuración do novo Estado borbónico. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB4.2.2. Elabora un esquema comparativo do modelo político dos Austrias e dos Borbóns. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HEB4.2.3. Explica as medidas que adoptaron ou proxectaron os primeiros Borbóns para sanear a Facenda Real. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB4.2.4. Describe as relacións Igrexa-Estado e as causas da expulsión dos xesuítas. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ m<br>▪ p | ▪ B4.3. Economía e política económica: recuperación demográfica; problemas da agricultura, a industria e o comercio; liberalización do comercio con América. | ▪ B4.3. Comentar a situación inicial dos sectores económicos, detallando os cambios introducidos e os obxectivos da nova política económica. | ▪ HEB4.3.1. Compara a evolución demográfica do século XVIII coa da centuria anterior. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HEB4.3.2. Desenvolve os principais problemas da agricultura e as medidas impulsadas por Carlos III neste sector. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB4.3.3. Explica a política industrial da monarquía e as medidas adoptadas respecto ao comercio con América. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h, i<br>▪ m, p | ▪ B4.4. Engalaxe económica de Cataluña. Estancamento económico de Galicia. | ▪ B4.4. Explicar a engalaxe económica de Cataluña, en comparación coa evolución económica do resto de España. | ▪ HEB4.4.1. Especifica as causas da engalaxe económica de Cataluña no século XVIII. | ▪ CCL<br>▪ CSC |

XH - IESGTB

| Historia de España. 2º de bacharelato | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ p | ▪ B4.5. A Ilustración en España e Galicia: proxectistas, anovadores e ilustrados; despotismo ilustrado; novo concepto de educación; Sociedades Económicas de Amigos do País; prensa periódica. | ▪ B4.5. Expor os conceptos fundamentais do pensamento ilustrado, identificando as súas vías de difusión. | ▪ HEB4.5.1. Comenta as ideas fundamentais da Ilustración e define o concepto de despotismo ilustrado. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ HEB4.5.2. Razoa a importancia das Sociedades Económicas de Amigos do País e da prensa periódica na difusión dos valores da Ilustración. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| | Bloque 5. A crise do Antigo Réxime (1788-1833): Liberalismo fronte a Absolutismo | | | |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ p | ▪ B5.1. Impacto da Revolución Francesa: relacións entre España e Francia; Guerra da Independencia. | ▪ B5.1. Analizar as relacións entre España e Francia desde a Revolución Francesa ata a Guerra da Independencia, e especificar en cada fase os principais acontecementos e as súas repercusións para España. | ▪ HEB5.1.1. Resume os cambios que experimentan as relacións entre España e Francia desde a Revolución Francesa ata o comezo da Guerra de Independencia. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB5.1.2. Describe a Guerra da Independencia: as súas causas, a composición dos bandos en conflito e o desenvolvemento dos acontecementos. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ p | ▪ B5.2. Primeiro intento de revolución liberal, Cortes de Cádiz e Constitución de 1812. | ▪ B5.2. Comentar o labor lexislador das Cortes de Cádiz, en relación co ideario do liberalismo. | ▪ HEB5.2.1. Compara as Cortes de Cádiz coas estamentais do Antigo Réxime. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HEB5.2.2. Comenta as características esenciais da Constitución de 1812. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CAA |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ p | ▪ B5.3. Reinado de Fernando VII: restauración do absolutismo; trienio liberal; reacción absolutista. | ▪ B5.3. Describir as fases do reinado de Fernando VII, e explicar os principais feitos de cada unha. | ▪ HEB5.3.1. Detalla as fases do conflito entre liberais e absolutistas durante o reinado de Fernando VII. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB5.3.2. Define o carlismo e resume a súa orixe e os apoios con que contaba inicialmente. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB5.3.3. Representa unha liña do tempo desde 1788 ata 1833 e sitúa nela os principais acontecementos históricos. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB5.3.4. Representa nun esquema as diferenzas, en canto a sistema político e estrutura social, entre o Antigo Réxime e o réxime liberal burgués. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i | ▪ B5.4. Emancipación da América española: protagonismo crioulo; fases do proceso; repercusións para España. | ▪ B5.4. Explicar o proceso de independencia das colonias americanas, diferenciando as súas causas e as súas fases, así como as repercusións económicas para España. | ▪ HEB5.4.1. Explica as causas e o desenvolvemento do proceso de independencia das colonias americanas. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB5.4.2. Especifica as repercusións económicas para España da independencia das colonias americanas. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ D<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ i, l<br>▪ m, n | ▪ B5.5. A obra de Goya como testemuño da época. | ▪ B5.5. Relacionar as pinturas e os gravados de Goya cos acontecementos deste período, e identificar nelas o reflexo da situación e os feitos contemporáneos. | ▪ HEB5.5.1. Procura información de interese (en libros e internet) sobre Goya e elabora unha breve exposición sobre a súa visión da guerra. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |

| Historia de España. 2º de bacharelato | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 6. A conflitiva construción do Estado liberal (1833-1874) | | | |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ p | ▪ B6.1. O carlismo como derradeiro bastión absolutista: ideario e apoios sociais; as dúas primeiras guerras carlistas. | ▪ B6.1. Describir o fenómeno do carlismo como resistencia absolutista fronte á revolución liberal, analizando os seus compoñentes ideolóxicos, as súas bases sociais, a súa evolución no tempo e as súas consecuencias. | ▪ HEB6.1.1. Identifica o ámbito xeográfico do carlismo e explica o seu ideario e os seus apoios sociais. | ▪ CAA<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB6.1.2. Especifica as causas e consecuencias das dúas primeiras guerras carlistas. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB6.1.3. Representa unha liña do tempo desde 1833 ata 1874 e sitúa nela os principais acontecementos históricos. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ p | ▪ B6.2. Triunfo e consolidación do liberalismo no reinado de Isabel II: primeiros partidos políticos; protagonismo político dos militares; lexislación económica de signo liberal; nova sociedade de clases. | ▪ B6.2. Analizar a transición definitiva do Antigo Réxime ao réxime liberal burgués durante o reinado de Isabel II, explicar o protagonismo dos militares e especificando os cambios políticos, económicos e sociais. | ▪ HEB6.2.1. Describe as características dos partidos políticos que xurdiron durante o reinado de Isabel II. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB6.2.2. Resume as etapas da evolución política do reinado de Isabel II desde a súa minoría de idade, e explica o papel dos militares. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB6.2.3. Explica as medidas de liberalización do mercado da terra levadas a cabo durante o reinado de Isabel II. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB6.2.4. Compara as desamortizacións de Mendizábal e Madoz, e especifica os obxectivos dunha e outra. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB6.2.5. Especifica as características da nova sociedade de clases e compáraa coa sociedade estamental do Antigo Réxime. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i | ▪ B6.3. Proceso constitucional. | ▪ B6.3. Explicar o proceso constitucional durante o reinado de Isabel II, en relación coas correntes ideolóxicas dentro do liberalismo e a súa loita polo poder. | ▪ HEB6.3.1. Compara o Estatuto Real de 1834 e as Constitucións de 1837 e 1845. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ p | ▪ B6.4. Sexenio Democrático: revolución de 1868 e caída da monarquía isabelina; procura de alternativas políticas e monarquía de Amadeo I; primeira República; guerra de Cuba, terceira guerra carlista e insurrección cantonal. | ▪ B6.4. Explicar o Sexenio Democrático como período de procura de alternativas democráticas á monarquía isabelina, especificando os grandes conflitos internos e externos que desestabilizaron o país. | ▪ HEB6.4.1. Explica as etapas políticas do Sexenio Democrático. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB6.4.2. Describe as características esenciais da Constitución democrática de 1869. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB6.4.3. Identifica os grandes conflitos do sexenio e explica as súas consecuencias políticas. | ▪ CAA<br>▪ CSC |
| ▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ p | ▪ B6.5. Inicios do movemento obreiro español: condicións de vida da poboación obreira e labrega; a Asociación Internacional de Traballadores e o xurdimento das correntes anarquista e socialista. | ▪ B6.5. Describir as condicións de vida das clases traballadoras e os inicios do movemento obreiro en España, en relación co desenvolvemento do movemento obreiro internacional. | ▪ HEB6.5.1. Relaciona a evolución do movemento obreiro español durante o Sexenio Democrático coa do movemento obreiro internacional. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| | Bloque 7. A Restauración Borbónica: implantación e afianzamento dun novo sistema político (1874-1902) | | | |
| ▪ d | ▪ B7.1. Teoría e realidade do sistema canovista: inspiración no modelo | ▪ B7.1. Explicar o sistema político da Restauración, distinguindo a | ▪ HEB7.1.1. Explica os elementos fundamentais do sistema político | ▪ CCL |

XH - IES GTB

| Historia de España. 2º de bacharelato | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ p | inglés; a Constitución de 1876 e o bipartidismo; quenda de partidos, caciquismo e fraude electoral. | súa teoría e o seu funcionamento real. | ideado por Cánovas. | ▪ CAA<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB7.1.2. Especifica as características esenciais da Constitución de 1876. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB7.1.3. Describe o funcionamento real do sistema político da Restauración. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB7.1.4. Representa unha liña do tempo desde 1874 ata 1902 e sitúa nela os principais acontecementos históricos. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ p | ▪ B7.2. Oposición ao sistema: catalanismo, nacionalismo vasco, rexionalismo galego e movemento obreiro. | ▪ B7.2. Analizar os movementos políticos e sociais excluídos do sistema, especificando a súa evolución durante o período estudado. | ▪ HEB7.2.1. Resume a orixe e a evolución do catalanismo, o nacionalismo vasco e o rexionalismo galego. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ HEB7.2.2. Analiza as correntes ideolóxicas do movemento obreiro e labrego español, así como a súa evolución durante o derradeiro cuarto do século XIX. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i | ▪ B7.3. Éxitos políticos: estabilidade e consolidación do poder civil; liquidación do problema carlista; solución temporal do problema de Cuba. | ▪ B7.3. Describir os principais logros do reinado de Afonso XII e a rexencia de María Cristina, inferindo as súas repercusións na consolidación do novo sistema político. | ▪ HEB7.3.1. Compara o papel político dos militares no reinado de Afonso XII co das etapas precedentes do século XIX. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB7.3.2. Describe a orixe, o desenvolvemento e as repercusións da terceira guerra carlista. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i | ▪ B7.4. Perda das derradeiras colonias e crise de 1898: guerra de Cuba e con Estados Unidos; Tratado de París; rexeneracionismo. | ▪ B7.4. Explicar o desastre colonial e a crise do 98, identificando as súas causas e as súas consecuencias. | ▪ HEB7.4.1. Explica a política española respecto ao problema de Cuba. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB7.4.2. Sinala os principais feitos do desastre colonial de 1898 e as consecuencias territoriais do Tratado de París. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB7.4.3. Especifica as consecuencias para España da crise do 98 nos ámbitos económico, político e ideolóxico. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| | Bloque 8. Continuidade e transformacións económicas no século XIX: un desenvolvemento insuficiente | | | |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ p | ▪ B8.1. Lento crecemento da poboación: mantemento dun réxime demográfico antigo; excepción de Cataluña. | ▪ B8.1. Explicar a evolución demográfica de España ao longo do século XIX, comparando o crecemento da poboación española no seu conxunto co de Cataluña e o dos países máis avanzados de Europa. | ▪ HEB8.1.1. Identifica os factores do lento crecemento demográfico español no século XIX. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB8.1.2. Compara a evolución demográfica de Cataluña coa do resto de España no século XIX. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ p | ▪ B8.2. Economía española no XIX: agricultura protexida e estancada (efectos das desamortizacións; baixos rendementos); deficiente industrialización (industria téxtil catalá, siderurxia e a minaría); dificultades dos transportes (condicionamentos xeográficos; rede de ferrocarrís); comercio (proteccionismo fronte a | ▪ B8.2. Analizar os sectores económicos e especificar a situación herdada, as transformacións de signo liberal e as consecuencias que se derivan delas. | ▪ HEB8.2.1. Explica os efectos económicos das desamortizacións de Mendizábal e Madoz. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB8.2.2. Especifica as causas dos baixos rendementos da agricultura española do século XIX. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB8.2.3. Describe a evolución da industria téxtil catalá, a siderurxia e a | ▪ CCL<br>▪ CSC |

| Historia de España. 2º de bacharelato | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | librecambismo); finanzas (a peseta como unidade monetaria; desenvolvemento da banca moderna; problemas da Facenda; investimentos estranxeiros. O caso galego. | | minaría ao longo do século XIX. | |
| | | | ▪ HEB8.2.4. Compara a revolución industrial española coa dos países máis avanzados de Europa. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB8.2.5. Relaciona as dificultades do transporte e o comercio interior cos condicionamentos xeográficos. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB8.2.6. Explica os obxectivos da rede ferroviaria e as consecuencias da lei xeral de ferrocarrís de 1855. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB8.2.7. Compara os apoios, os argumentos e as actuacións de proteccionistas e librecambistas ao longo do século XIX. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB8.2.8. Explica o proceso que conduciu á unidade monetaria e á banca moderna. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB8.2.9. Explica a reforma Mon-Santillán da Facenda pública e os seus efectos. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB8.2.10. Especifica como os investimentos en España de Francia e de Inglaterra afectaron o modelo de desenvolvemento económico español durante o século XIX. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | Bloque 9. A crise do sistema da Restauración e a caída da monarquía (1902-1931) | | | |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ p | ▪ B9.1. Intentos de modernización do sistema: revisionismo político dos primeiros gobernos de Afonso XIII; oposición de republicanos e nacionalistas cataláns, vascos, galegos e andaluces. | ▪ B9.1. Relacionar o rexeneracionismo xurdido da crise do 98 co revisionismo político dos primeiros gobernos, e especificar as súas actuacións máis importantes. | ▪ HEB9.1.1. Define en que consistiu o revisionismo político inicial do reinado de Afonso XIII, e as principais medidas adoptadas. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB9.1.2. Representa unha liña do tempo desde 1902 ata 1931, e sitúa nela os principais acontecementos históricos. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB9.1.3. Elabora un esquema cos factores internos e externos da quebra do sistema político da Restauración. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i | ▪ B9.2. Quebra do sistema: impacto dos acontecementos exteriores (intervención en Marrocos; I Guerra Mundial; Revolución Rusa); crecente axitación social (Semana Tráxica de Barcelona; crise xeral de 1917; "trienio bolchevique" en Andalucía). | ▪ B9.2. Analizar as causas da quebra do sistema político da Restauración e identificar os factores internos e os externos. | ▪ HEB9.2.1. Especifica a evolución das forzas políticas de oposición ao sistema: republicanos e nacionalistas. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB9.2.2. Explica as repercusións da I Guerra Mundial e da Revolución Rusa en España. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB9.2.3. Analiza as causas, os principais feitos e as consecuencias da intervención de España en Marrocos entre 1904 e 1927. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB9.2.4. Analiza a crise xeral de 1917: as súas causas, manifestacións e consecuencias. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ d<br>▪ e | ▪ B9.3. Ditadura de Primo de Rivera: directorio militar e directorio civil; | ▪ B9.3. Explicar a ditadura de Primo de Rivera como solución | ▪ HEB9.3.1. Especifica as causas do golpe de estado de Primo de Rivera e | ▪ CCL<br>▪ CSC |

| Historia de España. 2º de bacharelato | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ h<br>▪ i | remate da guerra de Marrocos; caída da ditadura; afundimento da monarquía. | autoritaria á crise do sistema, e describir as súas características, etapas e actuacións. | os apoios con que contou inicialmente. | |
| | | | ▪ HEB9.3.2. Describe a evolución da ditadura de Primo de Rivera, desde o directorio militar ao directorio civil e o seu remate. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB9.3.3. Explica as causas da caída da monarquía. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ p | ▪ B9.4. Crecemento económico e cambios demográficos no primeiro terzo do século: efectos da Guerra Mundial na economía española; intervencionismo estatal da ditadura; transición ao réxime demográfico moderno; movementos migratorios; transvasamento de poboación da agricultura á industria. | ▪ B9.4. Explicar a evolución económica e demográfica no primeiro terzo do século XX, en relación coa situación herdada do século XIX. | ▪ HEB9.4.1. Analiza os efectos da I Guerra Mundial sobre a economía española. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB9.4.2. Describe a política económica da ditadura de Primo de Rivera. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB9.4.3. Explica os factores da evolución demográfica de España no primeiro terzo do século XX. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | Bloque 10. A II República. A Guerra Civil nun contexto de crise internacional (1931-1939) | | | |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i | ▪ B10.1. A II República como solución democrática ao afundimento do sistema da Restauración. | ▪ B10.1. Explicar a II República como solución democrática ao afundimento do sistema político da Restauración, enmarcándoa no contexto internacional de crise económica e conflitividade social. | ▪ HEB10.1.1. Explica as causas que levaron á proclamación da II República e relaciona as súas dificultades coa crise económica mundial dos anos 30. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB10.1.2. Diferencia as forzas de apoio e oposición á República nos seus comezos, e describe as súas razóns e as principais actuacións. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ p | ▪ B10.2. Evolución política durante a II República: bienio reformista (Constitución de 1931; política de reformas; Estatuto de Cataluña; forzas de oposición á República); bienio radical-cedista (política restauradora e radicalización popular; revolución de Asturias); Fronte Popular (primeiras actuacións do Goberno; preparación do golpe militar). | ▪ B10.2. Diferenciar as etapas da República ata o comezo da Guerra Civil, especificando os feitos e as actuacións principais en cada unha. | ▪ HEB10.2.1. Resume as reformas impulsadas durante o bienio reformista da República. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB10.2.2. Especifica as características esenciais da Constitución de 1931. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB10.2.3. Analiza o proxecto de reforma agraria: as súas razóns, o seu desenvolvemento e os seus efectos. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB10.2.4. Compara as actuacións do bienio radical-cedista coas do bienio anterior. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HEB10.2.5. Describe as causas, o desenvolvemento e as consecuencias da Revolución de Asturias de 1934. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB10.2.6. Explica as causas da formación da Fronte Popular e as actuacións tras o seu triunfo electoral, ata o comezo da guerra. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ p | ▪ B10.3. Guerra Civil: sublevación e desenvolvemento da guerra; dimensión internacional do conflito; evolución das dúas zonas; consecuencias da guerra. | ▪ B10.3. Analizar a Guerra Civil, identificando as súas causas e as consecuencias, a intervención internacional e o curso dos acontecementos nas dúas zonas. | ▪ HEB10.3.1. Especifica os antecedentes da Guerra Civil. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB10.3.2. Relaciona a Guerra Civil española co contexto internacional. | ▪ CCL<br>▪ CAA, CSC |
| | | | ▪ HEB10.3.3. Compara a evolución política e a situación económica dos dous bandos durante a guerra. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC |

| Historia de España. 2º de bacharelato | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | ▪ HEB10.3.4. Especifica os custos humanos e as consecuencias económicas e sociais da guerra. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB10.3.5. Sintetiza nun esquema as grandes fases da guerra, desde o punto de vista militar. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB10.3.6. Representa unha liña do tempo desde 1931 ata 1939, e sitúa nela os principais acontecementos históricos. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ m<br>▪ n<br>▪ p | ▪ B10.4. Idade de Prata da cultura española: da xeración do 98 á do 36. | ▪ B10.4. Valorar a importancia da Idade de Prata da cultura española, e expor as achegas das xeracións e das figuras máis representativas. | ▪ HEB10.4.1. Procura información de interese (en libros e internet) e elabora unha breve exposición sobre a Idade de Prata da cultura española. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE<br>▪ CCEC |
| | Bloque 11. A ditadura franquista (1939-1975) | | | |
| ▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ p | ▪ B11.1. Características e evolución do franquismo: postguerra (grupos ideolóxicos e apoios sociais do franquismo; oscilantes relacións co exterior; configuración política do novo Estado; represión política; autarquía económica); anos do "desenvolvemento" (plans de desenvolvemento e o crecemento económico; transformacións sociais; reafirmación política do réxime; política exterior; crecente oposición ao franquismo); fin do franquismo (inestabilidade política; dificultades exteriores; efectos da crise económica internacional de 1973). | ▪ B11.1. Analizar as características do franquismo e a súa evolución no tempo e especificar as transformacións políticas, económicas e sociais que se produciron, en relación coa cambiante situación internacional. | ▪ HEB11.1.1. Elabora un esquema cos grupos ideolóxicos e os apoios sociais do franquismo na súa etapa inicial. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB11.1.2. Diferencia etapas na evolución de España durante o franquismo, e resume os trazos esenciais de cada unha. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB11.1.3. Explica a organización política do Estado franquista. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB11.1.4. Explica as relacións exteriores, a evolución política e a situación económica de España desde o remate da Guerra Civil ata 1959. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB11.1.5. Explica as relacións exteriores, a evolución política e as transformacións económicas e sociais de España desde 1959 ata 1973. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB11.1.6. Especifica as causas da crise final do franquismo desde 1973. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB11.1.7. Relaciona a evolución política do réxime cos cambios que se producen no contexto internacional. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HEB11.1.8. Explica a política económica do franquismo nas súas etapas e a evolución económica do país. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB11.1.9. Describe as transformacións que experimenta a sociedade española durante os anos do franquismo, así como as súas causas. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB11.1.10. Especifica os grupos de oposición política ao réxime franquista e comenta a súa evolución no tempo. | ▪ CCL<br>▪ CSC |

| Historia de España. 2º de bacharelato | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | ▪ HEB11.1.11. Representa unha liña do tempo desde 1939 ata 1975, e sitúa nela os principais acontecementos históricos. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ m<br>▪ p | ▪ B11.2. Cultura española durante o franquismo: cultura oficial; cultura do exilio; cultura interior á marxe do sistema. | ▪ B11.2. Describir a diversidade cultural do período, distinguindo as súas manifestacións. | ▪ HEB11.2.1. Procura información de interese (en libros e internet) e elabora unha breve exposición sobre a cultura do exilio durante o franquismo. | ▪ CCL<br>CD<br>▪ CSIEE<br>CCEC |
| | Bloque 12. Normalización democrática de España e integración en Europa (desde 1975) | | | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ p | ▪ B12.1. Transición á democracia: crise económica mundial; alternativas políticas ao franquismo, continuísmo, reforma ou ruptura; o papel do Rei; a lei para a reforma política; primeiras eleccións democráticas. | ▪ B12.1. Describir as dificultades da transición á democracia desde o franquismo nun contexto de crise económica, e explicar as medidas que permitiron a celebración das primeiras eleccións democráticas. | ▪ HEB12.1.1. Explica as alternativas políticas que se propuñan tras a morte de Franco, e quen defendía cada unha. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB12.1.2. Describe o papel desempeñado polo Rei durante a transición. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB12.1.3. Describe as actuacións impulsadas polo presidente de Goberno Adolfo Suárez para a reforma política do réxime franquista: lei para a reforma política de 1976, lei de amnistía de 1977, etc. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB12.1.4. Explica as causas e os obxectivos dos Pactos da Moncloa. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ p | ▪ B12.2. Período constituínte: Pactos da Moncloa; preautonomías de Cataluña e o País Vasco; Constitución de 1978 e Estado das autonomías. O caso de Galicia. | ▪ B12.2. Caracterizar o novo modelo de Estado democrático establecido na Constitución de 1978, especificando as actuacións previas encamiñadas a alcanzar o máis amplo acordo social e político. | ▪ HEB12.2.1. Explica o proceso de elaboración e aprobación da Constitución de 1978 e as súas características esenciais. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB12.2.2. Describe como se estableceron as preautonomías de Cataluña e o País Vasco. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i | ▪ B12.3. Gobernos constitucionais: problema do terrorismo; golpe de Estado frustrado de 1981; ingreso na OTAN; plena integración en Europa. | ▪ B12.3. Analizar a evolución económica, social e política de España desde o primeiro Goberno constitucional de 1979 ata a aguda crise económica iniciada en 2008, sinalando as ameazas máis salientables ás que se enfronta e os efectos da plena integración en Europa. | ▪ HEB12.3.1. Elabora un esquema coas etapas políticas desde 1979 ata a actualidade, segundo o partido no poder, e sinala os principais acontecementos de cada unha delas. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB12.3.2. Comenta os feitos máis salientables do proceso de integración en Europa e as consecuencias para España desta integración. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB12.3.3. Analiza a evolución económica e social de España desde a segunda crise do petróleo en 1979 ata o comezo da crise financeira mundial de 2008. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB12.3.4. Analiza o impacto da ameaza terrorista sobre a normalización democrática de España, describe a xénese e evolución das organizacións terroristas que actuaron desde a transición democrática ata os nosos días (ETA, GRAPO, etc.) e | ▪ CCL<br>▪ CSC |

XH-IES GTB

| Historia de España. 2º de bacharelato | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | reflexiona sobre outros temas relacionados: a cidadanía ameazada, os movementos asociativos de vítimas, a mediación en conflitos, etc. | |
| | | | ▪ HEB12.3.5. Representa unha liña do tempo desde 1975 ata os nosos días, e sitúa nela os principais acontecementos históricos. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B12.4. Papel de España no mundo actual. | ▪ B12.4. Resumir o papel de España no mundo actual, especificando a súa posición na Unión Europea e as súas relacións con outros ámbitos xeopolíticos. | ▪ HEB12.4.1. Explica a posición e o papel da España actual na Unión Europea e no mundo. | ▪ CCL<br>▪ CSC |

## 3.- TEMPORALIZACIÓN

1ª Avaliación: Bloques 0, 1, 2, 5 e 6
2ª Avaliación: Bloques 3, 7, 8 e 9
3ª Avaliación: Bloques 4, 10, 11 e 12

## 4.- ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS

Para darlle continuidade ao traballo realizado nas etapas educativas anteriores, será precisa unha actualización metodolóxica que favoreza a innovación na aula e o desenvolvemento de metodoloxías activas e participativas.
-Contextualizar os procesos, estruturas e acontecementos históricos máis relevantes, identificando os elementos que contribuíron a configurar os trazos actuais de Galicia e España.
-Potenciar unha análise histórica, recoñecendo a multicausalidade na xénese dos procesos de evolución e cambio na historia de España e nos conflitos sociais e políticos.
-Favorecer a transformación da información en coñecemento, a través da selección e interpretación de contidos procedentes de diversas fontes, propiciando a elaboración de explicacións históricas rigorosas e coherentes.
-Producir e interpretar informacións sobre aspectos cuantitativos e espaciais.
-Promover a participación do alumnado en debates sobre temas seleccionados en función da súa potencialidade crítica para a comprensión de problemas socialmente relevantes, utilizando as normas do intercambio comunicativo.
-Elaboración de traballos de investigación no contorno sobre algún momento destacado da historia contemporánea, establecendo conexións cos marcos galego, español e europeo.
-Utilizar técnicas básicas de indagación e explicación histórica, para entender a provisionalidade de todo coñecemento, e ensinar a pensar historicamente.
-Utilizar actividades de carácter interdisciplinario en que prime o traballo en grupo e a colaboración na resolución de problemas.
-Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación como instrumentos que reforzan a comunicación interpersoal e o traballo cooperativo, así como a relación con contornos físicos e sociais máis amplos, ademais de practicar o manexo crítico e selectivo da información que proporcionan.

**5.- CUESTIÓNS A CONSIDERAR.**

Dende o curso 2016/2017 a obrigatoriedade da Historia de España nas probas ABAU elevou o nivel de compromiso do profesorado e supuxo unha maior implicación, e ás veces moito esforzo, por parte do alumnado coa materia. Por iso é polo que o seu desenvolvemento curricular adáptase cada vez máis ás exisencias da ABAU e conleva a prioridade do traballo nos bloques dos séculos XIX e XX con máis peso nestas probas.
Como instrumentos de avaliación o modelo de exames que se seguirá serán aqueles propostos pola CIUG empregando o mesmo sistema de cualificación en cada un deles. Ó longo do curso se realizarán traballos dirixidos á composición de texto que serán obxecto de avaliación do acordo cos criterios xerais de cualificación para o bacharelato e recollidos nesta programación.

De acordo coas últimas directrices emanadas da CIUG e relativas á materia de Historia de España, traballaremos sobre o novo modelo de exame e o vocabulario seleccionado en cada bloque. Así, para os bloques 0 a 4 centrarémonos no modelo de desenvolvemento de preguntas curtas, e nos bloques 5 a 12 na composición de texto.

XH - IES GTB

**2º CURSO**
**XEOGRAFÍA**

XH - IES GTB

## 1.- INTRODUCIÓN

A Xeografía ocúpase especificamente do espazo, as paisaxes e as actividades que se desenvolven sobre o territorio, analizando a relación entre a natureza e a sociedade, así como as súas consecuencias. Ten como obxectivo a comprensión do territorio, produto da interrelación de múltiples factores e ademais que o estudante poida explicar a realidade xeográfica española, con especial atención ó territorio galego, como referente e identidade próxima. Grazas a este coñecemento adquirido, a Xeografía pode transmitir a idea de responsabilidade dentro da sociedade, posto que o ser humano é o principal axente de transformación do medio natural: desta maneira, esta materia participa moi profundamente na formación en valores no eido dos principios do desenvolvemento sostible e o medio como recurso escaso e non renovable.

O uso dos instrumentos propios desta disciplina, entre outros a cartografía, imaxes ou estatísticas de distinto tipo, aporta a posibilidade de analizar e realizar interpretacións globais, sistemáticas e integradas da realidade que nos rodea, identificar as unidades territoriais, as paisaxes, os resultados da actividade humana para poder coñecer e comprender o espazo. Deste xeito, a Xeografía proposta neste curso ten coma obxectivo fundamental dar unha interpretación global e interrelacionada de cada fenómeno xeográfico, ofrecer os mecanismos que sirvan para dar respostas e explicacións aos problemas do territorio español. Unhas aprendizaxes que leven á comprensión da coevolución socio-ecolóxica dos territorios.

A distribución de contidos que se propón pretende afianzar os coñecementos sobre a Xeografía adquiridos na ESO e, por outra banda, profundar no coñecemento da ciencia xeográfica para proporcionar as conexións con opcións posteriores.

A Xeografía de España non pode concibirse só na diversidade que lle aportan as Comunidades Autónomas, senón que é necesario coñecer ademais as interdependencias que a vinculan co resto do mundo, en especial coa Unión Europea (UE), xa que estes aspectos teñen a súa tradución nos procesos de organización do territorio. Os conxuntos espaciais cos que o noso país se relaciona: a UE, as áreas xeograficamente próximas e outras zonas do mundo, cuxos aspectos políticos, sociais e económicos manteñen relacións con España, inclúense nun tema final que contextualizará España nas súas relacións coa UE e o resto do mundo. Ademais, a través destes coñecementos rescátanse os aspectos aprendidos polo estudante que non deben perderse

Os primeiros temas conteñen os coñecementos básicos para a construción do coñecemento xeográfico do país e para explicar a variedade de paisaxes de España.

A materia é rica en achegas ao desenvolvemento competencial. A competencia clave matemática e, moi especialmente, as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía están moi presentes, xa que, en Xeografía, se requiren abordar aprendizaxes de feitos e procedementos propios das ciencias da Terra ou da Estatística. Do mesmo xeito, a competencias sociais e cívicas reciben un tratamento moi específico relacionado cos contidos propios á Xeografía como o desenvolvemento sostible, que ademais é un elemento transversal ao longo da etapa. Pola súa banda, as competencias lingüística, dixital (fronte á realidade ineludible da universalización da cartografía dixital e o tratamento cotiá das imaxes satélite) e de aprender a aprender están presentes de maneira constante na súa vertente máis instrumental e deben impregnar todo o que sexa posible o desenvolvemento curricular da materia. A competencia clave sentido de iniciativa e espírito emprendedor debe estar moi presente nas vertentes máis actitudinal da competencia (saber ser) e na de coñecemento procedemental.

Finalmente, o tratamento metodolóxico da materia debe axustarse ao nivel competencial inicial do alumnado, respectando distintos ritmos e estilos de aprendizaxe que teñan en conta a atención á diversidade. A Xeografía permite desenvolver metodoloxías activas, nas que o traballo individual e cooperativo estean permanentemente presentes, con elaboración de diferentes tipos de materiais, integrando de forma especial as TIC.

## 2.- CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE. RELACIÓN COAS COMPETENCIAS E OS OBXECTIVOS (enunciados no apartado correspondente a 1º de bacharelato)

| | Xeografía. 2º Bacharelato. | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. A xeografía e o estudo do espazo xeográfico | | | |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ j | ▪ B1.1 Concepto de Xeografía.<br>– Métodos e ferramentas propias da disciplina. | ▪ B1.1 Recoñecer a peculiaridade do coñecemento xeográfico utilizando as súas ferramentas de análise e os seus procedementos. | ▪ XHB1.1.1 Describe a finalidade do estudo da xeografía e as principais ferramentas de análise e os seus procedementos. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ j | ▪ B1.2 Características do espazo xeográfico.<br>– O concepto de paisaxe como resultado da interacción entre factores naturais e culturais. O desenvolvemento sostible. | ▪ B1.2 Identificar o espazo xeográfico como tal nas súas diversas ocupacións, entendéndoo como centro de relacións humanas e sociais. | ▪ XHB1.2.1 Identifica as distintas paisaxes xeográficas. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| | | | ▪ XHB1.2.2 Enumera e describe as características das paisaxes xeográficas. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| ▪ d<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ j | ▪ B1.3 A representación gráfica do espazo xeográfico a distintas escalas. | ▪ B1.3 Distinguir e analizar os distintos tipos de planos e mapas con diferentes escalas, identificándoos coma ferramentas de representación do espazo xeográfico | ▪ XHB1.3.1 Utiliza adecuadamente as ferramentas características da ciencia xeográfica. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CD |
| ▪ d<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ j | ▪ B1.4 Planos e mapas, os seus compoñentes e análise.<br>– O mapa topográfico nacional a escala 1:50.000. | ▪ B1.4 Analizar e comentar o Mapa Topográfico Nacional E: 1/50.000. | ▪ XHB1.4.1 Extrae información do Mapa Topográfico mediante os procedementos de traballo do xeógrafo. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CD |
| | | | ▪ XHB1.4.2 Sobre mapas e planos de diferentes escalas extrae a información. | ▪ CMCCT<br>▪ CD |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ j | ▪ B1.5 As técnicas cartográficas. | ▪ B1.5 Deseñar e comparar mapas sobre espazos xeográficos próximos utilizando os procedementos característicos. | ▪ XHB1.5.1 Identifica nunha paisaxe as diferenzas entre paisaxe natural e cultural. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i, j | ▪ B1.6 Obtención e interpretación da información cartográfica.<br>– As imaxes satélite. | ▪ B1.6 Buscar, seleccionar e elaborar información de contido xeográfico obtida de fontes diversas presentándoa de forma adecuada. | ▪ XHB1.6.1 Analiza e extrae conclusións da observación dun plano e mapa, comentando as características do espazo xeográfico. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| | Bloque 2. O relevo español, a súa diversidade xeomorfolóxica | | | |
| ▪ D<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ j | ▪ B2.1 España e a súa singularidade xeográfica: unidade e diversidade. | ▪ B2.1 Distinguir as singularidades do espazo xeográfico español establecendo os aspectos que lle confiren unidade e os elementos que ocasionan diversidade. | ▪ XHB2.1.1 Debuxa e sinala sobre un mapa físico de España as unidades do relevo español, comentando as súas características. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| ▪ D<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i, j | ▪ B2.2 O relevo español, a súa diversidade xeomorfolóxica: A localización dos principais accidentes xeográficos. | ▪ B.2.2 Describir os trazos do relevo español, situando e analizando as súas unidades de relevo. | ▪ XHB2.2.1 Identifica e representa nun mapa os elementos do relevo que son similares e diferentes do territorio peninsular e insular. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| ▪ d, e<br>▪ g, i<br>▪ j | ▪ B2.3 A evolución xeolóxica do territorio español conforma as diferentes morfoestruturas. | ▪ B2.3 Definir o territorio español subliñando as diferenzas das unidades morfoestruturais. | ▪ XHB2.3.1 Enumera e describe os principais trazos do relevo de España. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL |

XH - IES GTB

| | Xeografía. 2º Bacharelato. | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ j | ▪ B2.4 Litoloxía peninsular e insular e formas de modelado. | ▪ B2.4 Diferenciar a litoloxía de España diferenciando as súas características e modelado. | ▪ XHB2.4.1 Clasifica as unidades do relevo español segundo as súas características xeomorfolóxicas. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ j | ▪ B2.5 Identificación das unidades do relevo español peninsular e insular e trazos de cada unha. | ▪ B2.5 Utilizar correctamente o vocabulario específico da xeomorfoloxía. | ▪ XHB2.5.1 Describe someramente nun mapa a evolución xeolóxica e conformación do territorio español. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ j | ▪ B2.6 Corte topográfico: realización e análise. | ▪ B2.6 Buscar e seleccionar información do relevo obtido de fontes diversas: bibliográficas, cartográficas, Internet ou traballos de campo, presentándoa de forma adecuada e sinalando os condicionamentos que o relevo pode impoñer. | ▪ XHB2.6.1 Realiza un corte topográfico e explica o relevo que reflicte. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ j | ▪ B2.7 Concepto de solo. Os solos en España: variedade edáfica e as súas características. | ▪ B2.7 Identificar as características edáficas dos solos. | ▪ XHB2.7.1 Enumera e describe os elementos constitutivos dos diferentes tipos de solo de España. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| | | | ▪ XHB2.7.2 Localiza nun mapa de España os distintos tipos de solos peninsulares e insulares. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| | Bloque 3. A diversidade climática e a vexetación | | | |
| ▪ d<br>▪ g<br>▪ i, j | ▪ B3.1 Clima e tempo atmosférico.Factores xeográficos, dinámica atmosférica e elementos do clima. | ▪ B3.1 Sinalar nun mapa de España os dominios climáticos. | ▪ XHB3.1.1 Localiza nun mapa de España os diversos climas. | ▪ CMCCT<br>▪ CA<br>▪ CD |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i, j | ▪ B3.2 Dominios climáticos españois: as súas características e representación en climogramas. | ▪ B3.2 Distinguir os climas en España e comentar as súas características (sinalando os factores e elementos que os compoñen para diferencialos. | ▪ XHB3.2.1 Describe e compara os climas en España enumerando os factores e elementos característicos. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i, j | ▪ B3.3 Dominios climáticos españois: Factores limitantes. | ▪ B3.3 Distinguir os climas en España e a súa representación en climogramas. | ▪ XHB3.3.1 Representa e comenta climogramas específicos de cada clima. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i, j | ▪ B3.4 Variabilidade climática. Temperatura e precipitación. | ▪ B3.4 Comentar a información climatolóxica que se deduce utilizando mapas de temperaturas ou precipitacións de España. | ▪ XHB3.4.1 Comenta as características dos diferentes climas españois a partir dos seus climogramas representativos. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| ▪ D<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ j | ▪ B3.5Situacións sinópticas e tipos de tempo atmosférico en España. | ▪ B3.5 Analizar os tipos de tempo atmosférico en España utilizando os mapas de superficie e de altura. | ▪ XHB3.5.1 Enumera os trazos dos tipos de tempo atmosférico reflectidos nas estacións climatolóxicas. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| | | | ▪ XHB3.5.2 Identifica e interpreta nun mapa do tempo os elementos que explican os diversos tipos de tempo atmosférico. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |

| | Xeografía. 2º Bacharelato. | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ D<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i, j | ▪ B3.6. Os mapas do tempo, altura e superficie: a súa análise e interpretación. | ▪ B3.6.Interpretar un mapa do tempo aplicando as características dos tipos de tempo peninsulares ou insulares. | ▪ XB33.6.1 Comenta un mapa do tempo de España distinguindo os elementos que explican o tipo de tempo característico da estación do ano correspondente. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| ▪ D<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ j | ▪ B3.7.Escenarios de cambio climático nos diferentes dominios do territorio peninsular e insular. | ▪ B3.7.Obter e seleccionar información de contido xeográfico relativo á diversidade climática de España utilizando as fontes dispoñibles, tanto de Internet, coma de medios de comunicación social, ou bibliografía. | ▪ XHB3.7.1 Analiza cómo afecta a España o cambio climático. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| | | | ▪ XHB3.7.2 Utilizando gráficas e estatísticas que reflicten as chuvias torrenciais extrae conclusións medioambientais. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL, CD |
| ▪ D<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ j | ▪ B3.8.Factores xeográficos e características da vexetación.<br>– As rexións bioxeográficas. | ▪ B3.8 Identificar as diferentes rexións vexetais. | ▪ XHB3.8.1 Identifica nun mapa os diferentes dominios vexetais, e describe e comenta as súas características. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| ▪ D<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ j | ▪ B3.9.Formacións vexetais españolas e a súa distribución.<br>– Análise de cliseries de vexetación | ▪ B3.9. Diferenciar razoadamente as formacións vexetais españolas. | ▪ XHB3.9.1 Ante unha paisaxe natural identifica as formacións vexetais que aparezan. | ▪ CMCCT<br>▪ CA<br>▪ CD |
| | | | ▪ XHB3.9.2 Analiza razoadamente unha cliserie. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL, CD |
| | Bloque 4. A hidrografía | | | |
| ▪ D<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ j | ▪ B4.1 A diversidade hídrica da península e as illas<br>– Os principais elemento hídricos nas paisaxes. | ▪ B4.1 Explicar a diversidade hídrica da península Ibérica e as illas, enumerando e localizando os diversos tipos de elementos hídricos que se poden percibir observando a paisaxe. | ▪ XHB4.1.1 Explica a diversidade hídrica en España. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| ▪ D<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i, j | ▪ B4.2 As vertentes hidrográficas.<br>– As principais concas fluviais peninsulares. | ▪ B4.2 Describir as cuncas fluviais españolas situándoas nun mapa e enumerando as súas características. | ▪ XHB4.2.1 Localiza nun mapa de España as principais cuncas fluviais. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| ▪ D<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ j | ▪ B4.3 Réximes fluviais predominantes. | ▪ B4.3 Identificar os réximes fluviais máis característicos. | ▪ XHB4.3.1 Relaciona os réximes hídricos dos cursos fluviais coas posibilidades de aproveitamento hídrico en España. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| ▪ D<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ j | ▪ B4.4 Os humedais..<br>– As zonas húmidas en España. | ▪ B4.4 Enumerar as zonas húmidas de España localizándoas nun mapa. Comentar as súas características | ▪ XHB4.4.1 Localiza nun mapa as zonas húmidas españolas. Debate un aspecto de actualidade sobre este tema. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| ▪ D<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ j | ▪ B4.5 O aproveitamento dos recursos hídricos: a incidencia da seca e das chuvias torrenciais. | ▪ B4.5 Analizar o aproveitamento dos recursos hídricos no noso país incluíndo as características de seca e chuvias torrenciais do clima. | ▪ XHB4.5.1 Sitúa nun mapa da rede hidrográfica española os grandes encoros. Deduce consecuencias analizando tamén as características climáticas | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| | | | ▪ XHB4.5.2 Analiza e comenta gráficas e estatísticas que reflicten as épocas de seca en relación cun mapa de tipos de réximes fluviais dos ríos da península. Saca conclusións | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |

| | Xeografía. 2º Bacharelato. | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ D<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ j | ▪ B4.6 As augas subterráneas. | ▪ B4.6 Obter e seleccionar información de contido xeográfico relativo á hidroloxía española, incidindo na explotación das augas subterráneas, utilizando distintas fontes de información. | ▪ XHB4.6.1 Selecciona imaxes e novas xornalísticas que reflictan a desigualdade hídrica no país e a súa interacción coas actividades humanas. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| | Bloque 5. As paisaxes naturais e as interrelacións natureza-sociedade | | | |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ j | ▪ B5.1 As paisaxes naturais españolas. | ▪ B5.1 Describir e reflectir nun mapa as paisaxes naturais españolas identificando os seus trazos. | ▪ XHB5.1.1 Distingue as características dos grandes conxuntos paisaxísticos españois. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| | | | ▪ XHB5.1.2 Localiza no mapa as paisaxes naturais españolas, identificando as súas características. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL, CSC |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ j | ▪ B5.2 A influencia do medio na actividade humana.Políticas favorecedoras do patrimonio natural. | ▪ B5.2 Relacionar o medio natural coa actividade humana describindo casos de modificación do medio polo ser humano. | ▪ XHB5.2.1 Identifica e formula os problemas suscitados pola interacción home-natureza sobre as paisaxes. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL, CSC |
| | | | ▪ XHB5.2.2 Analiza algún elemento lexislador corretivo da acción humana sobre a natureza. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL, CSC |
| ▪ d<br>▪ e, g<br>▪ i, j | ▪ B5.3 Os medios humanizados e a súa interacción no espazo xeográfico. As paisaxes culturais. | ▪ B5.3 Describir os espazos humanizados enumerando os seus elementos constitutivos. | ▪ XHB5.3.1 Diferencia as paisaxes humanizadas das naturais. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ j | ▪ B5.4 Aproveitamento sostible do medio físico. | ▪ B5.4 Obter e seleccionar información de contido xeográfico relativo ás paisaxes naturais e as interrelacións natureza-sociedade utilizando fontes nas que se encontre dispoñible, tanto en Internet, bibliografía ou medios de comunicación social. | ▪ XHB5.4.1 Selecciona e analiza novas xornalísticas ou imaxes nas que se percibe a influencia do medio na actividade humana. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| | | | ▪ XHB5.4.2 Selecciona e analiza a partir de distintas fontes de información novas xornalísticas ou imaxes nas que se percibe a influencia do home sobre o medio.. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| | | | ▪ XHB5.4.3 Obtén e analiza a información que aparece nos medios de comunicación social referida á destrución do medio natural por parte do ser humano. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ j | ▪ B5.5 As variedades de paisaxes naturais | ▪ B5.5 Comparar imaxes das variedades de paisaxes naturais. | ▪ XHB5.5.1 Diferencia as distintas paisaxes naturais españolas a partir de fontes gráficas e comenta imaxes representativas de cada unha das variedades de paisaxes naturais localizadas en medios de comunicación social, internet ou outras fontes bibliográficas. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| | Bloque 6. A poboación española | | | |
| ▪ d<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ j | ▪ B6.1 Fontes para o estudo da poboación.<br>– Os procedementos de análise en Demografía. | ▪ B6.1 Identificar as fontes para o estudo da poboación establecendo os procedementos que permiten estudar casos concretos. | ▪ XHB6.1.1 Utiliza as ferramentas de estudo da poboación. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CD |

XH - IES GTB

| | Xeografía. 2º Bacharelato. | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ j | ▪ B6.2 Evolución histórica. | ▪ B6.2 Comentar gráficos e taxas que amosen a evolución da poboación española. | ▪ XHB6.2.1 Comenta a pirámide actual de poboación española e a compara con algunha dun período anterior ou de previsións futuras. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| | | | ▪ XHB6.2.2 Distingue as distintas pirámides de poboación na súa evolución histórica. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ j | ▪ B6.3 Movementos naturais de poboación. | ▪ B6.3 Caracterizar a poboación española identificando os movementos naturais. | ▪ XHB6.3.1 Aplica a teoría da Transición Demográfica ao caso español. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| | | | ▪ XHB6.3.2 Elixe datos e taxas demográficas que mostren a configuración da poboación dun territorio. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| ▪ D<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ j | ▪ B6.4 Distribución territorial da poboación. | ▪ B6.4 Diferenciar a densidade de poboación no espazo peninsular e insular explicando a distribución de poboación. | ▪ XHB6.4.1 Comenta o mapa da densidade de poboación actual en España. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| ▪ D<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ j<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ j | ▪ B6.5 As migracións. | ▪ B6.5 Explicar a distribución da poboación española identificando as migracións. | ▪ XHB6.5.1 Explica os procesos migratorios antigos que afectan a España. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| | | | ▪ XHB6.5.2 Identifica e analiza as migracións recentes. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| | | | ▪ XHB6.5.3 Explica as relacións entre Comunidades Autónomas en relación coas migracións interiores. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| ▪ D<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i, j | ▪ B6.6 Mapa da distribución da poboación española. | ▪ B6.6 Analizar a poboación das diversas Comunidades Autónomas definindo a súa evolución a problemática de cada unha delas. | ▪ XHB6.6.1 Compara e comenta a poboación das rexións que medran e as que diminúen a súa poboación. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| ▪ D<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i, j | ▪ B6.7 Mapa de densidade da poboación española. | ▪ B6.7 Comentar un mapa da densidade de poboación de España analizando a súa estrutura. | ▪ XHB6.7.1 Analiza un gráfico da estrutura da poboación española. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| ▪ D<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ j | ▪ B6.8 Conformación do espazo demográfico actual.<br>– Definición e cálculo de taxas demográficas. | ▪ B6.8 Analizar as pirámides de poboación das diversas Comunidades Autónomas, incidindo no caso galego, comentando as súas peculiaridades. | ▪ XHB6.8.1 Resolve problemas de demografía referidos ao cálculo de taxas de poboación. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>CD |
| ▪ D<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i, j | ▪ B6.9 Diversidades rexionais. Estrutura, problemática actual e posibilidades de futuro da poboación española.<br>– A realidade demográfica galega. | ▪ B6.9 Explicar as perspectivas de poboación española e a Ordenación do Territorio. | ▪ XHB6.9.1 Selecciona e analiza información sobre as perspectivas de futuro da poboación española. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |

XH - IES GTB

| | Xeografía. 2º Bacharelato. | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ D<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ j | ▪ B6.10 A Ordenación do territorio. O peso do factor demográfico . | ▪ B6.10 Obter e seleccionar información de contido demográfico utilizando fontes nas que se encontre dispoñible tanto en internet ou noutras fontes de información. | ▪ XHB6.10.1 Presenta e defende información sobre a poboación española resaltando os aspectos máis significativos, utilizando gráficos, mapas, pirámides, etc., nunha presentación informática ou exposicións en directo. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| | Bloque 7. O espazo rural e as actividades do sector primario | | | |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ j | ▪ B7.1 O peso das actividades agropecuarias, forestais e pesqueiras no PIB. A poboación activa. | ▪ B7.1 Describir as actividades agropecuarias e forestais especificando as características de España. | ▪ XHB7.1.1 Identifica as actividades agropecuarias e forestais. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL, CD |
| | | | ▪ XHB7.1.2 Diferencia as actividades do sector primario doutras actividades económicas. | ▪ CCL<br>▪ CAA, CD |
| ▪ d<br>▪ e, g<br>▪ i, j | ▪ B7.2 Aspectos naturais e históricos que explican os factores agrarios. | ▪ B7.2 Distinguir as paisaxes agrarias , a súa morfoloxía e estruturas , establecendo as súas características. | ▪ XHB7.2.1 Sitúa nun mapa a distribución dos principais aproveitamentos agrarios. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL, CD |
| | | | ▪ XHB7.2.2 Aporta os aspectos do pasado histórico que incidiron nas estruturas agrarias españolas. | ▪ CAA<br>▪ CCL |
| ▪ d<br>▪ e, g<br>▪ i, j | ▪ B7.3 Os elementos que conforman as paisaxes agrarias.<br>– As paisaxes agrarias de España, as súas características. | ▪ B7.3 Analizar adecuadamente unha paisaxe rural distinguindo o terrazgo, bosques e hábitat. | ▪ XHB7.3.1 Selecciona e comenta imaxes que poñen de manifesto as características das diversas paisaxes agrarias españolas. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL, CD |
| ▪ d<br>▪ e, g<br>▪ i, j | ▪ B7.4 A estrutura da propiedade e tenencia da terra. | ▪ B7.4 Comprender a evolución da estrutura da propiedade e Identificar formas de tenencia da terra. | ▪ XHB7.4.1 Define historicamente, de forma sumaria, a estrutura da propiedade | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL, CD |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i, j | ▪ B7.5 As explotacións agrarias, as súas características.<br>– Tipos de agricultura: coexistencia de formas avanzadas e tradicionais.<br>– As transformacións agroindustriais. | ▪ B7.5 Explicar o sector agrario español tendo en conta as súas estruturas da propiedade e as características das súas explotacións. | ▪ XHB7.5.1 Identifica e analiza as características das diversas paisaxes agrarias españolas. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ j | ▪ B7.6 Políticas de reforma agraria.A situación española do sector no contexto da Unión Europea.<br>– A Política Agraria Común (PAC) . | ▪ B7.6 Explicar a situación do sector agrario español tendo en conta o contexto europeo e as políticas da Unión Europea (PAC). | ▪ XHB7.6.1 Aporta datos ou gráficos de aspectos estruturais que expliquen o dinamismo dun sector agrario dado. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL, CD |
| | | | ▪ XHB7.6.2 Comenta textos xornalísticos que expliquen a situación española na PAC. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ j | ▪ B7.7 A actividade pesqueira: localización, características e problemas. Análise dos aspectos físicos e humanos que conforman o espazo pesqueiro.<br>– O caso galego. | ▪ B7.7 Analizar a actividade pesqueira definindo as súas características e problemas. | ▪ XHB7.7.1 Establece as características e peculiaridades da actividade pesqueira española e galega. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL, CD |
| | | | ▪ XHB7.7.2 Selecciona e analiza novas xornalísticas que tratan problemas pesqueiros e identifica a súa orixe. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ j | ▪ B7.8 A silvicultura: características e desenvolvemento no territorio. | ▪ B7.8 Obter e seleccionar información de contido xeográfico relativo ao espazo rural, silvícola ou pesqueiro utilizando fontes dispoñibles en Internet, medios de | ▪ XHB7.8.1 Confecciona gráficos comparativos do peso específico no PIB das actividades agrarias, gandeiras, forestal e pesqueiras españolas fronte a outros sectores de actividade. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |

| | Xeografía. 2º Bacharelato. | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | comunicación social ou bibliografía. | | |
| | Bloque 8. As fontes de enerxía e o espazo industrial | | | |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ j | ▪ B8.1 O proceso de industrialización español: características e breve evolución histórica. | ▪ B8.1 Analizar o proceso de industrialización español establecendo as características históricas que conducen á situación actual. | ▪ XHB8.1.1 Selecciona e analiza información sobre os problemas e configuración da industria española. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL, CD |
| | | | ▪ XHB8.1.2 Establece un eixe cronolóxico para explicar a evolución histórica da industrialización española. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ XHB8.1.3 Selecciona e analiza imaxes que mostren a evolución histórica da industria española nunha zona concreta ou dun sector concreto. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CD |
| ▪ d<br>▪ e, g<br>▪ i, j | ▪ B8.2 Localización das fontes de enerxía en España. | ▪ B8.2 Relacionar as fontes de enerxía e a industrialización describindo as súas consecuencias en España. | ▪ XHB8.2.1 Relaciona o nacemento da industria e a localización de fontes de enerxía e materias primas no país. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL, CDC |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ j | ▪ B.8.3 Achega ao PIB da industria. A poboación activa.<br>– Deficiencias e problemas do sector industrial español. | ▪ B8.3 Coñecer os factores da industria en España. | ▪ XHB8.3.1 Enumera as características da industria española e as súas diferenzas rexionais. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL, CD |
| | | | ▪ XHB8.3.2 Confecciona e analiza gráficas e estatísticas que expliquen as producións industriais. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL, CD |
| ▪ d<br>▪ e, g<br>▪ i, j | ▪ B8.4 Elementos das paisaxes industriais. Tipoloxías de paisaxes. | ▪ B8.4 Identificar e comentar os elementos dunha paisaxe industrial dada. | ▪ XHB8.4.1 Analiza e comenta paisaxes de espazos industriais. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL, CD |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ j | ▪ B8.5 Rexións industriais e eixos de desenvolvemento de España: importancia das políticas territoriais no sector. A planificación e perspectivas de futuro. | ▪ B8.5 Describir os eixes de desenvolvemento industrial sobre un mapa, establecendo as súas características e as posibilidades de rexeneración e cambio futuros. | ▪ XHB8.5.1 Sinala nun mapa os asentamentos industriais máis importantes, distinguindo entre os distintos sectores industriais. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA |
| | | | ▪ XHB8.5.2 Localiza e describe as rexións industriais e os eixes de desenvolvemento industrial. | ▪ CCL<br>▪ CAA, CD |
| | | | ▪ XHB8.5.3 Describe os eixes ou focos de desenvolvemento industrial e as súas perspectivas de futuro. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL, CD |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ j | ▪ B8.6 Influencia da política da Unión Europea na configuración da industria española. | ▪ B8.6 Obter e seleccionar información de contido xeográfico relativo ao espazo industrial español e a influencia nel da política industrial europea, utilizando fontes nas que se encontre dispoñible, tanto en Internet, bibliografía, ou medios de comunicación. | ▪ XHB8.6.1 Describe as políticas industriais da Unión Europea e a súa influencia nas españolas. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| | Bloque 9. O sector servizos | | | |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g | ▪ B9.1 A terciarización da economía española: influencia no PIB. A poboación activa do sector terciario. | ▪ B9.1 Analizar a terciarización da economía española establecendo as súas características e a influencia no | ▪ XHB9.1.1 Identifica as características do sector terciario español. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL |

XH-IES-GTB

| | Xeografía. 2º Bacharelato. | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ i<br>▪ j | | Produto Interior Bruto e utilizar correctamente a terminoloxía do sector servizos. | | ▪ CD |
| ▪ d<br>▪ e, g<br>▪ i, j | ▪ B9.2 Análise dos servizos e distribución no territorio. | ▪ B9.2 Identificar a presenza dos servizos no territorio analizando a súa distribución e impacto no medio. | ▪ XHB9.2.1 Explica a incidencia que para a economía española posúe o sector servizos. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL, CD |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ j | ▪ B9.3 O sistema de transportes en España.<br>– O impacto das infraestruturas sobre o espazo xeográfico. | ▪ B9.3 Explicar o sistema de transporte en España distinguindo a articulación territorial que configura. | ▪ XHB9.3.1 Describe cómo se articulan os medios de comunicación máis importantes de España (ferrocarrís, estradas, portos e aeroportos). | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| | | | ▪ XHB9.3.2 Comenta sobre un mapa de transportes a transcendencia que este sector ten para articular o territorio. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL, CD |
| | | | ▪ XHB9.3.3 Describe e analiza mapas que reflictan un sistema de transporte determinado. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL, CD |
| | | | ▪ XHB9.3.4 Distingue nun mapa os principais nodos de transporte español. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL, CD |
| | | | ▪ XHB9.3.5 Resolve problemas formulados nun caso específico sobre vías de comunicación no noso país. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL, CD |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i, j | ▪ B9.4 O desenvolvemento comercial. Características e evolución.<br>– A súa distribución territorial. | ▪ B9.4 Describir o desenvolvemento comercial establecendo as súas características e describindo a ocupación territorial que impón. | ▪ XHB9.4.1 Comenta gráficas e estatísticas que explican o desenvolvemento comercial. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL, CD |
| ▪ d<br>▪ e, g<br>▪ i, j | ▪ B9.5 Os espazos turísticos. Características e evolución. | ▪ B9.5 Localizar nun mapa os espazos turísticos enumerando as súas características e desigualdades rexionais. | ▪ XHB9.5.1 Analiza e explica as desigualdades do espazo turístico. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL, CD |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ j | ▪ B9.6 Outras actividades terciarias: sanidade, educación, finanzas, os servizos públicos. | ▪ B9.6 Obter e seleccionar información de contido xeográfico relativo á actividade ou ao espazo do sector "servizos" español, utilizando fontes nas que se encontre dispoñible, tanto en Internet como en bibliografía ou medios de comunicación social. | ▪ XHB9.6.1 Comenta gráficas e estatísticas que explican o desenvolvemento turístico español. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL, CD |
| | | | ▪ XHB9.6.2 Explica cómo articulan o territorio outras actividades terciarias. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL, CD |
| | | | ▪ XHB9.6.3 Analiza e comenta imaxes do espazo destinado a transportes, comercial, ou outras actividades do sector servizos. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL, CD |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ j | ▪ B9.7 As transformacións das paisaxes nas zonas turísticas. O caso do litoral | ▪ B9.7 Identificar e comentar unha paisaxe transformado por unha importante zona turística. | ▪ XHB9.7.1 Confecciona esquemas para analizar a influencia do sector servizos na economía e o emprego en España a partir de imaxes que reflictan o seu impacto nunha paisaxe. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CSC |
| | Bloque 10. O espazo urbano | | | |
| ▪ d | ▪ B10.1 Concepto de cidade e a súa influencia na ordenación do territorio. | ▪ B10.1 Definir a cidade. | ▪ XHB10.1.1 Define 'cidade' e aporta exemplos. | ▪ CMCCT |

XH-IES GTB

| | Xeografía. 2º Bacharelato. | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ j | | | | ▪ CAA<br>▪ CCL |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i, j | ▪ B10.2 Morfoloxía e estrutura urbanas. A análise socioeconómico e político a través do plano da cidade. | ▪ B10.2 Analizar e comentar planos de cidades, distinguindo os seus diferentes trazados. | ▪ XHB10.2.1 Analiza e explica o plano da cidade máis próxima, ou significativa, ao lugar de residencia. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ j | ▪ B10.3 As planificacións urbanas.<br>– Os instrumentos do planeamento. | ▪ B10.3 Identificar o proceso de urbanización enumerando as súas características e planificacións internas. | ▪ XHB10.3.1 Identifica as características do proceso de urbanización. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| | | | ▪ XHB10.3.2 Explica e propón exemplos de procesos de planificación urbana. | ▪ CAA<br>▪ CCL |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ j | ▪ B10.4 Características do proceso de urbanización. As áreas de influencia. | ▪ B10.4 Analizar a morfoloxía e estrutura urbana extraendo conclusións da pegada da Historia e a súa expansión espacial, reflexo da evolución económica e política da cidade. | ▪ XHB10.4.1 Sinala a influencia histórica no plano das cidades españolas. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL, CD |
| | | | ▪ XHB10.4.2 Explica a morfoloxía urbana e sinala as partes dunha cidade sobre un plano da mesma. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ j | ▪ B10.5 As características da paisaxe urbana. | ▪ B10.5 Analizar e comentar unha paisaxe urbana. | ▪ XHB10.5.1 Comenta unha paisaxe urbana a partir dunha fonte gráfica. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL, CD |
| | | | ▪ XHB10.5.2 Selecciona e analiza imaxes que expliquen a morfoloxía e estrutura urbana dunha cidade coñecida. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL, CD |
| ▪ d<br>▪ e, g<br>▪ i, j | ▪ B10.6 Os usos do solo urbano.<br>– A ordenación territorial. | ▪ B10.6 Identificar o papel das cidades na ordenación do territorio. | ▪ XHB10.6.1 Explica a xerarquización urbana española. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA, CCL |
| ▪ d<br>▪ e, g<br>▪ i, j | ▪ B10.7 A rede urbana española. Características do proceso de crecemento espacial das cidades. | ▪ B10.7 Describir a rede urbana española comentando as características da mesma. | ▪ XHB10.7.1 Describe e analiza as influencias mutuas existentes entre a cidade e o espazo que a rodea. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ j | ▪ B10.8 O sistema urbano español: o desenvolvemento sostible. Cidades saudables. O territorio como recurso. | ▪ B10.8 Obter e seleccionar e analizar información de contido xeográfico relativo ao espazo urbano español utilizando fontes nas que se encontre dispoñible, en Internet, medios de comunicación social ou bibliografía. | ▪ XHB10.8.1 Selecciona e analiza novas xornalísticas que mostren a configuración e problemática do sistema urbano español. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| | Bloque 11. Formas de organización territorial | | | |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ j | ▪ B11.1 A organización territorial de España. | ▪ B11.1 Describir a organización territorial española analizando a estrutura local, rexional, autonómica e nacional. | ▪ XHB11.1.1 Localiza e explica nun mapa a organización territorial española partindo do concello e Comunidade Autónoma. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| ▪ d<br>▪ e, g<br>▪ i, j | ▪ B11.2 A Influencia da Historia e a Constitución de 1978 no deseño territorial. | ▪ B11.2 Explicar a organización territorial española establecendo a influencia da Historia e a | ▪ XHB11.2.1 Explica a ordenación territorial española a partir de mapas históricos e actuais. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL, CD |

| | Xeografía. 2º Bacharelato. | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | Constitución de 1978; mediante o emprego de mapas históricos e actuais. | ▪ XHB11.2.2 Caracteriza a ordenación territorial establecida pola Constitución de 1978. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL, CD |
| | | | ▪ XHB11.2.3 Compara a ordenación territorial actual e a da primeira metade do s. XX. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL, CD |
| | | | ▪ XHB11.2.4 Distingue e enumera as Comunidades Autónomas, as principais cidades en cada unha delas e os países fronteirizos de España. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| ▪ d<br>▪ e, g<br>▪ i, j | ▪ B11.3 Os desequilibrios e contrastes territoriais. | ▪ B11.3 Analizar a organización territorial española describindo os desequilibrios e contrastes territoriais e os mecanismos correctores. | ▪ XHB11.3.1 Enumera os desequilibrios e contrastes territoriais existentes na organización territorial española. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ j | ▪ B11.4 As Comunidades Autónomas: políticas rexionais e de cohesión territorial.<br>– A Comunidade Autónoma Galega. | ▪ B11.4 Describir a transcendencia das Comunidades Autónomas definindo as políticas territoriais que levan a cabo estas, incidindo no caso de Galicia. | ▪ XHB11.4.1 Explica as políticas territoriais que practican as Comunidades Autónomas en aspectos concretos. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ j | ▪ B11.5 A cuestión territorial na España das Autonomías. | ▪ B11.5 Obter e seleccionar e analizar información de contido xeográfico relativo ás formas de organización territorial en España utilizando fontes nas que se encontre dispoñible en Internet, medios de comunicación social ou bibliografía. | ▪ XHB11.5.1 Distingue os símbolos que diferencian as Comunidades Autónomas. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| | | | ▪ XHB11.5.2 Explica razoadamente os trazos esenciais das políticas territoriais autonómicas. | ▪ CAA<br>▪ CCL |
| | Bloque 12. España en Europa e no mundo | | | |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ j | ▪ B12.1 España: situación xeográfica; posición e localización dos territorios que conforman a unidade e diversidade política. | ▪ B12.1 Definir a situación xeográfica de España no mundo establecendo a súa posición e localizando os seus territorios. | ▪ XHB12.1.1 Localiza nun mapa as grandes áreas xeoeconómicas e sinala aquelas coas que España ten máis relación. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL, CD |
| | | | ▪ XHB12.1.2 Identifica aspectos relevantes de España na situación mundial. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL, CD |
| | | | ▪ XHB12.1.3 Localiza a situación española entre as grandes áreas xeoeconómicas mundiais. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL, CD |
| ▪ d<br>▪ e, g<br>▪ i, j | ▪ B12.2 España en Europa. Estrutura territorial. Contrastes físicos e socioeconómicos de Europa. | ▪ B12.2 Describir o continente europeo distinguindo a súa estrutura territorial, os contrastes físicos e socioeconómicos. | ▪ XHB12.2.1 Explica a posición de España na Unión Europea. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i, j | ▪ B12.3 A posición de España na Unión Europea. Políticas rexionais e de cohesión territorial | ▪ B12.3 Identificar a posición de España na Unión Europea enumerando as políticas rexionais e de cohesión territorial que se practican en | ▪ XHB12.3.1 Extrae conclusións das medidas que a Unión Europea toma en política rexional e de cohesión territorial que afectan a España. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL |

XH - IES GTB

| | Xeografía. 2º Bacharelato. | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | Europa e que afectan ao noso país. | ▪ XHB12.3.2 Comenta novas xornalísticas ou textos que explican a posición de España na Unión Europea.. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL, CD |
| ▪ D<br>▪ E, g<br>▪ i, j | ▪ B12.4 España no mundo. Globalización e diversidade no mundo. | ▪ B12.4 Definir a globalización explicando os seus trazos. | ▪ XHB12.4.1 Identifica e describe os trazos da globalización con exemplificacións que afectan ao noso país. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL, CSC |
| ▪ D<br>▪ e, g<br>▪ i, j | ▪ B12.5 Procesos de mundialización e desigualdades territoriais. Grandes eixes mundiais. | ▪ B12.5 Comparar os procesos de mundialización e diversidade territorial resumindo as características de un e outro. | ▪ XHB12.5.1 Confecciona cadros comparativos da aplicación a casos concretos do concepto mundialización e o concepto diversidade territorial. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ j | ▪ B12.6 Posición de España nas áreas socioeconómicas e xeopolíticas mundiais. | ▪ B12.6 Explicar as repercusións da inclusión de España en espazos socioeconómicos e xeopolíticos continentais e mundiais, utilizando fontes diversas baseadas en material bibliográfico ou on line e en opinións expostas nos medios de comunicación social. | ▪ XHB12.6.1 Explica as repercusións da inclusión de España en espazos xeopolíticos e socioeconómicos continentais e mundiais a partir de distintas fontes de información xeográfica. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |

XH IES GTB

## 3. TEMPORALIZACIÓN

| | |
|---|---|
| 1ª Avaliación | Bloques 1 a 5 |
| 2ª Avaliación | Bloques 11, 12, 7 e 8 |
| 3ª Avaliación | Bloques 9, 6 e 10 |

## 4.- ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS.

A xeografía no bacharelato debe proporcionarlle ao alumnado as claves interpretativas para abordar a complexidade dos procesos territoriais, facilitando así a comprensión do espazo xeográfico. Algunhas liñas metodolóxicas, con carácter xeral e aberto, serán:

-Selección e interpretación de información de diversas fontes, favorecendo a transformación do coñecemento cotián en escolar para construír as explicacións que lle dean coherencia e permitan elaborar un discurso argumentado que cumpra cos requisitos que caracterizan as ciencias sociais.

-Análise de problemas sociais e ambientais relevantes, facilitando a conceptualización teórica por parte do alumnado e permitíndolle unha mellor comprensión do mundo no que vive.

-Potenciar a comprensión da multicausalidade, de maneira que o alumnado se achegue á complexidade da realidade xeográfica.

-Utilización de técnicas básicas de análise de paisaxes como síntese da realidade xeográfica e plasmación das dinámicas ecoxeográficas, axudando a comprensión e contextualización dos procesos espaciais, en particular, aqueles decisivos na conformación territorial de Galicia e España.

-Fomento do traballo colaborativo e grupal, estimulando a participación en debates sobre temas relevantes para a comprensión crítica da realidade xeográfica.

-Análise do contorno, non só como un fin en si mesmo, senón, e sobre todo, como medio para reflexionar sobre os elementos que conforman o territorio, as súas interaccións e dinámicas, de xeito que se adquira a capacidade de abstracción espacial e técnicas de análise aplicables a outros espazos distintos e distantes.

-Saídas didácticas e o traballo de campo como medio de achegamento directo a unha realidade xeográfica específica.

-Enfoque interdisciplinar, aproveitando o carácter globalizador e integrador da materia. Presentación da información de diferentes lingua-xes que inclúan os aspectos cartográfico, icónico, estatístico e verbal.

-Impulsar o uso das tecnoloxías da información e da comunicación como instrumento para traballar a análise espacial, aproveitando en particular a potencialidade que ofrecen en canto a manexo crítico de diversas fontes; xestión de datos estatísticos; cartografía e fotointerpretación.

-Elaboración de traballos de investigación e de síntese.

XH - IES GTB

**2º CURSO**
**HISTORIA DA ARTE**

XH - IES GTB

**1.- INTRODUCIÓN**

A Historia da Arte ten por obxecto de estudo a obra de arte como produto resultante da intelixencia, a creatividade a actuación humanas, que se manifestaron de forma diferente nas diversas sociedades e culturas ao longo do tempo.

O estudo da Historia da Arte debe aportar ao estudante os coñecementos necesarios para a análise, interpretación e valoración da arte a través da linguaxe das formas e do pensamento visual. A obra de arte, xunto a outras fontes de coñecemento histórico, constitúe un valioso testemuño para coñecer a mentalidade, cultura e evolución das diferentes sociedades: é, polo tanto, imprescindible estudala no seu contexto histórico, social e cultural, incidindo á vez no feito de que as obras artísticas poden perdurar a través do tempo con usos e funcións sociais diferentes en cada época. Tampouco hai que esquecer que na sociedade actual, altamente tecnificada, o ámbito das artes plásticas tradicionais viuse agrandado coa achega doutras manifestacións procedentes das novas tecnoloxías e os medios de comunicación visual, de maneira que o universo da imaxe forma parte da nosa realidade cotiá.

Proponse unha selección que permita unha aproximación xeral ao desenvolvemento da arte occidental, dende o nacemento do clasicismo na antigüidade grecorromana ata a arte contemporánea. Neste senso, resulta preferible centrar o estudo nas características esenciais dos períodos, estilos ou correntes máis significativos da arte occidental, así como na súa evolución, a través da análise dun número limitado de obras representativas ou especialmente relevantes, aínda que iso obrigue a renunciar de antemán a certos artistas e obras de interese indiscutible.

A complexidade dos factores que interveñen na creación da obra de arte e a especificidade de cada unha das linguaxes artísticas esixen utilizar un método de análise que integre distintas perspectivas, entre as que poden sinalarse, polo menos, a formal, a sociolóxica e a iconolóxica. A perspectiva formal oriéntase a ver, recoñecer e valorar a materialidade das formas artísticas coma unha linguaxe específica, a descubrir os seus procesos e técnicas de creación, a función ou funcións para as que foron creadas, así como as concepcións estéticas que manifestan. A perspectiva sociolóxica aborda a relación entre os artistas e os clientes, os destinatarios da obra, as formas de patrocinio, a consideración social do artista, ou a demanda e consumo de arte. En canto á perspectiva iconolóxica, parte da análise iconográfica para indagar no significado último que o autor da obra pretende transmitir.

O coñecemento da Historia da Arte consolida nos alumnos e nas alumnas certos valores e actitudes fundamentais, como a tolerancia e o respecto polos valores e as crenzas dos outros,a capacidade de desfrute ante a contemplación da arte, o respecto pola creación artística, aínda que non exento de espírito crítico, e de forma moi especial a valoración do patrimonio artístico e a responsabilidade da súa conservación, pois trátase dun legado que ha de transmitirse ás xeracións futuras. A materia é, pois, rica en achegas ao coñecemento competencial. A competencia clave conciencia e expresións culturais recibe un tratamento moi específico relacionado cos contidos que son propios da Historia da Arte. A competencia social e cidadá desenvólvese tamén en tanto que a arte reflicte as ideoloxías, as estruturas económicas e políticas e as formas de organización social que conforman as sociedades. Ademais as competencias lingüística, dixital e aprender a aprender están presentes de maneira constante na súa vertente máis instrumental e deben impregnar todo o que sexa posible o desenvolvemento curricular da materia. A competencia clave sentido de iniciativa e espírito emprendedor debe estar moi presente nas vertentes máis actitudinais e procedementais da materia..

O tratamento metodolóxico da materia debe axustarse ao nivel competencial inicial do alumnado, respectando os distintos ritmos e estilos de aprendizaxe e tendo en conta a atención á diversidade. A Historia da Arte permite desenvolver metodoloxías activas, nas que o traballo individual e cooperativo estean permanentemente presentes, con elaboración de diferentes tipos de materiais, e integrando de forma especial as TIC.

Evidentemente, o noso traballo vese mediatizado polo horizonte da ABAU. A este respecto, gustaríanos realizar as seguintes matizacións:

1. En todos os estándares relacionados coa identificación, análise e comentario de obras de arte centraremos a nosa atención naquelas obras destacadas polo grupo de traballo dependente da CIUG.

2. No que se refire ós estándares relacionados coa realización de catálogos e traballos de investigación, e atendendo á complexidade do nivel, reduciremos o número de traballos esixidos a TRES, adaptándoos ademais ó traballo competencial. Así mesmo proporase en cada avaliación a realización de comentarios, sinxelos ou comparados, así como a preparación dunha unidade didáctica para un dos niveis da ESO.

## 2.- CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE. RELACIÓN COAS COMPETENCIAS E OS OBXECTIVOS (enunciados no apartado correspondente a 1º de bacharelato)

| | Historia da Arte. 2º Bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. Raíces da arte europea: o legado da arte clásica | | | |
| ▪ l | ▪ B1.1 Grecia, creadora da linguaxe clásica. Principais manifestacións. | ▪ B1.1 Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte grega, relacionándoa co seu contexto histórico e cultural. | ▪ HAB1.1.1Explica as características esenciais da arte grega e a súa evolución no tempo a partir de fontes históricas ou historiográficas. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB1.1.2 Define o concepto de orde arquitectónica e compara as tres ordes da arquitectura grega. | ▪ CCEC<br>▪ CCL,<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB1.1.3 Describe os distintos tipos de templo grego, con referencia ás características arquitectónicas e a decoración escultórica. | ▪ CCEC<br>▪ CCL |
| | | | ▪ HAB1.1.4 Describe as características do teatro grego e a función de cada unha das súas partes. | ▪ CCEC<br>▪ CCL |
| | | | ▪ HAB1.1.5 Explica a evolución da figura humana masculina na escultura grega a partir do *Kouros de Anavysos*,o *Doríforo* (Policleto) e o *Apoxiomenos* (Lisipo). | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ l | ▪ B1.2 A función social da arte en Grecia. | ▪ B1.2 Explicar a función social da arte grega, especificando o papel desempeñado por clientes e artistas e as relacións entre eles. | ▪ HAB1.2.1 Especifica quen eran os principais clientes da arte grega, e a consideración social da arte e dos artistas. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ k<br>▪ l | ▪ B1.3 O comentario de obras de arte: Grecia | ▪ B1.3 Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte grega, aplicando un método que inclúa diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico). | ▪ HAB1.3.1 Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas gregas: Partenón, tribuna das cariátides do Erecteion, templo de Atenea Niké, teatro de Epidauro. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB1.3.2 Identifica, analiza e comenta as seguintes esculturas gregas: *Kouros de Anavysos*, *Auriga* de Delfos, *Discóbolo* (Mirón), *Doríforo* (Policleto), unha metopa do Partenón (Fidias), *Hermes con Dioniso neno* (Praxíteles), *Apoxiomenos.*(Lisipo), *Victoria de Samotracia*, *Venus de Milo*, friso do altar de Zeus en Pérgamo (detalle de Atenea e Gea). | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ l | ▪ B1.4 A visión do clasicismo en Roma.<br>A arte na Hispania romana.<br>▪ A arte na Gallaecia. | ▪ B1.4 Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte romana, relacionándoa co seu contexto histórico e cultural. | ▪ HAB1.4.1 Explica as características esenciais da arte romana e a súa evolución no tempo a partir de fontes históricas ou historiográficas. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB1.4.2 Especifica as achegas da arquitectura romana en relación coa grega. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |

| | Historia da Arte. 2º Bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | ▪ HAB1.4.3 Describe as características e funcións dos principais tipos de edificio romanos. | ▪ CCEC<br>▪ CCL |
| | | | ▪ HAB1.4.4 Compara o templo e o teatro romanos cos respectivos gregos. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB1.4.5 Explica os trazos principais da cidade romana a partir de fontes históricas ou historiográficas. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB1.4.6Especifica as innovacións da escultura romana en relación coa grega. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB1.4.7Describe as características xerais dos mosaicos e a pintura en Roma a partir dunha fonte histórica ou historiográfica. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ l | ▪ B1.5 A función social da arte en Roma | ▪ B1.5 Explicar a función social da arte romana, especificando o papel desempeñado por clientes e artistas e as relacións entre eles. | ▪ HAB1.5.1Especifica quen eran os principais clientes da arte romana, e a consideración social da arte e dos artistas. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ k<br>▪ l | ▪ B1.6 O comentario de obras de arte: Roma | ▪ B1.6 Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte romana, aplicando un método que inclúa diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico). | ▪ HAB1.6.1 Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas romanas: Maison Carrée de Nimes, Panteón de Roma, teatro de Mérida, Coliseo de Roma, Basílica de Maxencio e Constantino en Roma, ponte de Alcántara, Acueducto de Segovia, Arco de Tito en Roma, Columna de Traxano en Roma. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB1.6.2 Identifica, analiza e comenta as seguintes esculturas romanas: *Augusto de Prima Porta*, estatua ecuestre de Marco Aurelio, relevo do Arco de Tito (detalle dos soldados co candelabro e outros obxectos do Templo de Xerusalén), relevo da columna de Traxano. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ k<br>▪ l | ▪ B1.7 O traballo de investigación en Historia da Arte | ▪ B1.7 Realizar e expoñer, individualmente ou en grupo, traballos de investigación, utilizando tanto medios tradicionais como as novas tecnoloxías. | ▪ HAB1.7.1 Realiza un traballo de investigación sobre Fidias. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA, CD<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ HAB1.7.2 Realiza un traballo de investigación sobre o debate acerca da autoría grega ou romana do grupo escultórico de *Laocoonte e os seus fillos*. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CSIEE |
| ▪ h<br>▪ l | ▪ B1.8 A conservación do patrimonio: a arte grecorromana | ▪ B1.8 Respectar as creacións artísticas da Antigüidade grecorromana, valorando a súa calidade en relación coa súa época ea súa importancia como patrimonio escaso e insubstituíble que hai que conservar. | ▪ HAB1.8.1 Confecciona un catálogo, con breves comentarios, das obras máis relevantes da arte antiga que se conservan en Galicia. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |

| | Historia da Arte. 2º Bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 2. Nacemento da tradición artística occidental: a arte medieval | | | |
| ▪ l | ▪ B2.1 A aportación cristiá na arquitectura e a iconografía. | ▪ B2.1. 1 Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte paleocristiá, relacionándoa co seu contexto histórico e cultural. | ▪ HAB2.1.1 Explica as características esenciais da arte paleocristiá e a súa evolución no tempo a partir de fontes históricas ou historiográficas. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB2.1.2 Describe a orixe, características e función da basílica paleocristiá. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HAB2.1.3 Describe as características e función dos baptisterios, mausoleos e *martiria* paleocristiás e de cada unha das súas partes. | ▪ CCEC<br>▪ CCL |
| | | | ▪ HAB2.1.4 Explica a evolución da pintura e o mosaico na arte paleocristiá, con especial referencia á iconografía. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ l | ▪ B2.2 A arte bizantina | ▪ B2.2 Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte bizantina, relacionándoa co seu contexto histórico e cultural. | ▪ HAB2.2.1 Explica as características esenciais da arte bizantina a partir de fontes históricas ou historiográficas. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB2.2.2 Explica a arquitectura bizantina a través da igrexa de Santa Sofía de Constantinopla. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB2.2.3 Describe as características do mosaico bizantino e dos temas iconográficos do *Pantocrátor*, a Virxe e a *Déesis*, así como a súa influencia na arte occidental. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ k<br>▪ l | ▪ B2.3 O comentario de obras de arte bizantina | ▪ B2.3 Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte bizantina, aplicando un método que inclúa diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico). | ▪ HAB2.3.1 Identifica, analiza e comenta o mosaico do *Cortexo da emperatriz Teodora* en San Vital de Rávena. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ l | ▪ B2.4 A arte prerrománica | ▪ B2.4 Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte prerrománica, relacionando cada un dos seus estilos cos seus respectivos contextos históricos e culturais. | ▪ HAB2.4.1 Define o concepto de arte prerrománica e especifica as súas manifestacións en España e en Galicia. | ▪ CCEC<br>▪ CCL |
| | | | ▪ HAB2.4.2 Identifica e clasifica razoadamente no seu estilo as seguintes obras: San Pedro da Nave (Zamora), Santa María do Naranco (Oviedo), San Miguel da Escalada (León), Santa Comba de Bande e San Miguel de Celanova (Ourense). | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ l | ▪ B2.5 Configuración e desenvolvemento da arte románica. Igrexas e mosteiros. A iconografía románica. | ▪ B2.5 Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte románica, relacionándoa co seu contexto histórico e cultural. | ▪ HAB2.5.1 Describe as características xerais da arte románica a partir de fontes históricas ou historiográficas. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB2.5.2 Describe as características e función das igrexas e mosteiros na arte románica. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CSC |

| | Historia da Arte. 2º Bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | ▪ HAB2.5.3 Explica as características da escultura e a pintura románicas, con especial referencia á iconografía. | ▪ CCEC<br>▪ CCL |
| ▪ l | ▪ B2.6 A función social da arte románica | ▪ B2.6 Explicar a función social da arte románica, especificando o papel desempeñado por clientes e artistas e as relacións entre eles. | ▪ HAB2.6.1 Especifica as relacións entre os artistas e os clientes da arte románica. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ k<br>▪ l | ▪ B2.7 O comentario de obras de arte románica | ▪ B2.7 Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte románica, aplicando un método que inclúa diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico). | ▪ HAB2.7.1 Identifica, analiza e comenta das esculturas románicas do *Xuízo Final* no tímpano de Santa Fe de Conques (Francia). | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ l | ▪ B2.8 A aportación do gótico, expresión dunha cultura urbana. A catedral e a arquitectura civil. Modalidades escultóricas. A pintura italiana e flamenca, orixe da pintura moderna. | ▪ B2.8 Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte gótica, relacionándoa co seu contexto histórico e cultural. | ▪ HAB2.8.1 Describe as características xerais da arte gótica a partir de fontes históricas ou historiográficas. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB2.8.2 Describe as características e evolución da arquitectura gótica e especifica os cambios introducidos respecto á románica. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB2.8.3 Describe as características e evolución da escultura gótica e especifica as súas diferenzas tipolóxicas, formais e iconográficas respecto á escultura románica. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB2.8.4 Recoñece e explica as innovacións da pintura de Giotto e do*Trecento* italiano respecto á pintura románica e bizantina. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB2.8.5 Explica as innovacións da pintura flamenga do século XV e cita algunhas obras dos seus principais representantes. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ l | ▪ B2.9 A función social da arte gótica | ▪ B2.9 Explicar a función social da arte gótica, especificando o papel desempeñado por clientes e artistas e as relacións entre eles. | ▪ HAB2.9.1 Especifica as relacións entre os artistas e os clientes da arte gótica, ea súa variación respecto ao románico. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CSC, CAA |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ k<br>▪ l | ▪ B2.10 O comentario de obras de arte gótica | ▪ B2.10Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte gótica, aplicando un método que inclúa diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico). | ▪ HAB2.10.1 Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas góticas: fachada occidental da catedral de Reims, interior da planta superior da Sainte Chapelle de París. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB2.10.2 Identifica, analiza e comenta o *Grupo da Anunciación e a Visitación* de Reims. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB2.10.3 Identifica, analiza e comenta as seguintes pinturas góticas: escena de *A fuxida a Exipto,* de Giotto, na Capela Scrovegni de Padua; o *Matrimonio Arnolfini*, de Jan Van Eyck; *O descendemento da cruz*, de Roger van der Weyden; *O Xardín das Delicias*, de O Bosco. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |

XH - IES GTB

| | Historia da Arte. 2º Bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ l | ▪ B2.11 O peculiar desenvolvemento artístico da Península Ibérica. Arte hispano-musulmá. O románico no Camiño de Santiago. O gótico e a súa longa duración. | ▪ B2.11 Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte románica e gótica española e hispano-musulmá, relacionando cada un dos seus estilos cos seus respectivos contextos históricos e culturais. | ▪ HAB2.11.1 Explica as características e evolución da arte románica e gótica en España. | ▪ CCEC<br>▪ CCL, CAA |
| | | | ▪ HAB2.11.2 Explica as características xerais da arte islámica a partir de fontes históricas ou historiográficas. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB2.11.3 Describe os trazos esenciais da mesquita e o pazo islámico. | ▪ CCEC<br>▪ CCL, CSC |
| | | | ▪ HAB2.11.4 Explica a evolución da arte hispanomusulmá. | ▪ CCEC<br>▪ CCL, CAA |
| | | | ▪ HAB2.11.5 Explica as características da arte mudéxar e específica, con exemplos de obras concretas, as diferencias entre o mudéxar popular eo cortesán. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ k<br>▪ l | ▪ B2.12 O comentario de obras de arte medieval española | ▪ B2.12 Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte medieval española, aplicando un método que inclúa diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico). | ▪ HAB2.12.1 Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas románicas: San Vicente de Cardona (Barcelona), San Martín de Frómista, Catedral de Santiago de Compostela. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB2.12.2 Identifica, analiza e comenta as seguintes esculturas románicas: *A dúbida de Santo Tomás* no ángulo do claustro de Santo Domingo de Silos (Burgos), *Última cena* do capitel historiado do claustro de San Xoán da Peña (Huesca), Fachada de Praterías e *Pórtico da Gloria* da catedral de Santiago. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB2.12.3 Identifica, analiza e comenta as seguintes pinturas murais románicas: bóveda da *Anunciación aos pastores* no Panteón Real de San Isidoro de León; ábsida de San Clemente de Tahull (Lleida). | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB2.12.4 Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas góticas: fachada occidental e interior da catedral de León, interior da catedral de Barcelona, interior da igrexa de San Xoán dos Reis de Toledo. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB2.12.5 Identifica, analiza e comenta as seguintes esculturas góticas: tímpano da Portada do Sarmental da catedral de Burgos, Retablo de Gil de Siloé na Cartuxa de Miraflores (Burgos). | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB2.12.6 Identifica, analiza e comenta as seguintes obras hispanomusulmás: Mesquita de Córdoba, Alxafería de Zaragoza, Xiralda de Sevilla, Alhambra de Granada. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |

| | Historia da Arte. 2º Bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ k<br>▪ l | ▪ B2.13 O traballo de investigación en Historia da Arte | ▪ B2.13 Realizar e expoñer, individualmente ou en grupo, traballos de investigación, utilizando tanto medios tradicionais como as novas tecnoloxías. | ▪ HAB2.13.1 Realiza un traballo de investigación sobre o tratamento iconográfico e o significado da *Visión apocalíptica de Cristo* e o *Xuízo Final* na arte medieval. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CSIEE |
| ▪ h<br>▪ l | ▪ B2.14 A conservación do patrimonio: arte medieval | ▪ B2.14 Respectar as creacións da arte medieval, valorando a súa calidade en relación coa súa época ea súa importancia como patrimonio que hai que conservar. | ▪ HAB2.14.1 Explica a importancia da arte románica no Camiño de Santiago. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HAB2.14.2 Confecciona un catálogo, con breves comentarios, das obras máis relevantes de arte medieval que se conservan en Galicia. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| | Bloque 3. Desenvolvemento e evolución da arte europea no mundo moderno | | | |
| ▪ l | ▪ B3.1 O Renacemento. Patróns e artistas. Orixe e desenvolvemento da nova linguaxe en arquitectura, escultura e pintura. Achegas dos grandes artistas do Renacemento italiano. | ▪ B3.1 Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte do Renacemento, relacionándoa co seu contexto histórico e cultural. | ▪ HAB3.1.1 Explica as características esenciais do Renacemento italiano ea súa periodización a partir de fontes históricas ou historiográficas. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB3.1.2 Especifica as características da arquitectura renacentista italiana e explica a súa evolución, desde o *Quattrocento* ao manierismo. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB3.1.3 Especifica as características da escultura renacentista italiana e explica a súa evolución, desde el *Quattrocento* ao manierismo. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB3.1.4 Especifica as características da pintura renacentista italiana e explica a súa evolución, desde o *Quattrocento* ao manierismo. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB3.1.5 Compara a pintura italiana do *Quattrocento* coa dos pintores góticos flamencos contemporáneos. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB3.1.6 Explica a peculiaridade da pintura veneciana do *Cinquecento*e cita aos seus artistas máis representativos. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ l | ▪ B3.2 A función social da arte no Renacemento | ▪ B3.2 Explicar a función social da arte especificando o papel desempeñado por patróns, Academias, clientes e artistas, e as relacións entre eles. | ▪ HAB3.2.1 Describe a práctica do patrocinio no Renacemento italiano, e as novas reivindicacións dos artistas en relación co seu recoñecemento social e a natureza do seu labor. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ k<br>▪ l | ▪ B3.3 O comentario de obras de arte: arte do Renacemento | ▪ B3.3 Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte do Renacemento, aplicando un método que inclúa diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico). | ▪ HAB3.3.1 Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas do Renacemento italiano: cúpula de Santa María das Flores e interior da igrexa de San Lorenzo, ámbalas en Florencia e de Brunelleschi; Pazo Médici-Riccardi en Florencia, de Michelozzo; fachada de Santa María Novella e do Pazo Rucellai, | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |

XH - IES GTB

| Historia da Arte. 2º Bacharelato | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | ámbolos en Florencia y de Alberti; templete de San Pietro in Montorio en Roma, de Bramante; cúpula e proxecto de planta de San Pedro do Vaticano, de Miguel Ángel; Il Gesù en Roma, de Giacomo della Porta e Vignola; Villa Capra (Villa Rotonda) en Vicenza, de Palladio. | |
| | | | ▪ HAB3.3.2 Identifica, analiza e comenta as seguintes esculturas do Renacemento italiano: primeiro panel da "Porta do Paraíso" (da creación do mundo á expulsión do Paraíso), de Ghiberti; *David*e*Gattamelata*, de Donatello *Piedad do Vaticano*, *David*, *Moisés* e*Tumbas mediceas*, de Miguel Ángel; *O rapto das sabinas*, de Giambologna. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB3.3.3 Identifica, analiza e comenta as seguintes pinturas do Renacemento italiano: *O tributo da moeda* e *A Trinidade*, de Masaccio; *Anunciación* do Convento de San Marcos en Florencia, de Fra Angelico; *Madonna do Duque de Urbino*, de Piero della Francesca; *A Virxe das rochas, A última cea e A Gioconda*, de Leonardo da Vinci; *A Escola de Atenas* de Rafael; a bóveda e o *Xuízo Final* da Capela Sixtina, de Miguel Ángel; *A tempestade*, de Giorgione; *Venus de Urbino* e *Carlos V en Mühlberg*, de Tiziano; *O lavatorio*, de Tintoretto; *As bodas de Caná*, de Veronés. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ l | ▪ B3.4 A recepción da estética renacentista na Península Ibérica. | ▪ B3.4 Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte española do Renacemento, relacionándoa co seu contexto histórico e cultural. | ▪ HAB3.4.1 Especifica as características peculiares do Renacemento español e o compara co italiano. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB3.4.2 Describe a evolución da arquitectura renacentista española. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB3.4.3 Explica a peculiaridade da escultura renacentista española. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB3.4.4 Explica as características da pintura de El Greco a través de algunhas das súas obras máis representativas. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ k<br>▪ l | ▪ B3.5 O comentario de obras de arte: arte española do Renacemento | ▪ B3.5 Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte española do Renacemento, aplicando un método que inclúa diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico). | ▪ HAB3.5.1 Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas do Renacemento español: fachada da Universidade de Salamanca; Pazo de Carlos V na Alhambra de Granada, de Pedro Machuca; Mosteiro de San Lorenzo de El Escorial, de Xoán de Herrera. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |

XH - IES GTB

| | Historia da Arte. 2º Bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | ▪ HAB3.5.2 Identifica, analiza e comenta as seguintes obras escultóricas do Renacemento español: *Sacrificio de Isaac* do retablo de San Bieito de Valladolid, de Alonso Berruguete; *Santo enterro*, de Juan de Juni. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB3.5.3 Identifica, analiza e comenta as seguintes pinturas de El Greco: *O expolio, A Santa Liga* ou *Adoración do nome de Xesús*, *O martirio de San Mauricio, O enterro do Señor de Orgaz, A adoración dos pastores, O cabaleiro da man no peito.* | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ l | ▪ B3.6 Unidade e diversidade do Barroco. A linguaxe artística ao servizo do poder civil e eclesiástico. O Urbanismo barroco. Igrexas e pazos. Principais tendencias. | ▪ B3.6 Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte do Barroco, relacionándoa co seu contexto histórico e cultural. | ▪ HAB3.6.1 Explica as características esenciais do Barroco. | ▪ CCEC<br>▪ CCL |
| | | | ▪ HAB3.6.2 Especifica as diferenzas entre a concepción barroca da arte e a renacentista. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB3.6.3 Compara a arquitectura barroca coa renacentista. | ▪ CCEC<br>▪ CCL, CAA |
| | | | ▪ HAB3.6.4 Explica as características xerais do urbanismo barroco. | ▪ CCEC<br>▪ CCL |
| | | | ▪ HAB3.6.5 Compara a escultura barroca coa renacentista a través da representación de *David* por Miguel Ángel e por Bernini. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB3.6.6 Describe as características xerais da pintura barroca e especifica as diferenzas entre a Europa católica e a protestante. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HAB3.6.7 Distingue e caracteriza as grandes tendencias da pintura barroca en Italia e os seus principais representantes. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB3.6.8 Especifica as peculiaridades da pintura barroca flamenca e holandesa. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ l | ▪ B3.7 A función social da arte no Barroco | ▪ B3.7 Explicar a función social da arte especificando o papel desempeñado por patróns, Academias, clientes e artistas, e as relacións entre eles. | ▪ HAB3.7.1 Describe o papel desempeñado no século XVIII polas Academias en toda Europa e, en particular, polo Salón de París. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ k<br>▪ l | ▪ B3.8 O comentario de obras de arte: arte do Barroco | ▪ B3.8 Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte do Barroco, aplicando un método que inclúa diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico). | ▪ HAB3.8.1 Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas do Barroco europeo do século XVII: fachada de San Pedro do Vaticano, de Carlo Maderno; columnata da praza de San Pedro do Vaticano, de Bernini; San Carlos das Catro Fontes en Roma, de Borromini; Pazo de Versalles, de Le Vau, J.H. Mansart e Le Nôtre. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |

XH - IES GTB

| | Historia da Arte. 2º Bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | ▪ HAB3.8.2 Identifica, analiza e comenta as seguintes esculturas de Bernini: *David, Apolo e Dafne, O éxtase de Santa Teresa, Cátedra de San Pedro.* | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB3.8.3 Identifica, analiza e comenta as seguintes pinturas do Barroco europeo do século XVII: *Vocación de San Mateo* e *Morte da Virxe*, de Caravaggio; *Triunfo de Baco e Ariadna*, na bóveda do Pazo Farnese de Roma, de Annibale Carracci; *Adoración do nome de Xesús*, bóveda de IlGesù en Roma, de Gaulli (IlBaciccia); *Adoración dos Magos, As tres Gracias* e *O xardín do Amor*, de Rubens; *A lección de anatomía do doutor Tulpy*, *A rolda nocturna*, de Rembrandt. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ l | ▪ B3.9 O Barroco hispánico. Urbanismo e arquitectura. Imaxinería barroca. A aportación da pintura española: as grandes figuras do século de Ouro. | ▪ B3.9 Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte española do Barroco, relacionándoa co seu contexto histórico e cultural. | ▪ HAB3.9.1 Explica as características do urbanismo barroco en España e a evolución da arquitectura española durante o século XVII. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB3.9.2 Explica as características da imaxinería barroca española do século XVII e compara a escola castelá coa andaluza. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB3.9.3 Explica as características xerais da pintura española do século XVII. | ▪ CCEC<br>▪ CCL |
| | | | ▪ HAB3.9.4 Describe as características e evolución da pintura de Velázquez a través dalgunhas das súas obras máis significativas. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ k<br>▪ l | ▪ B3.10 O comentario de obras de arte: arte española do Barroco | ▪ B3.10 Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte española do Barroco, aplicando un método que inclúa diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico). | ▪ HAB3.10.1 Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas do Barroco español do século XVII: Praza Maior de Madrid, de Xoán Gómez de Mora; Retablo de San Estebo de Salamanca, de Churriguera. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | HAB3.10.2 Identifica, analiza e comenta as seguintes esculturas do Barroco español do século XVII: *Piedad*, de Gregorio Fernández, *Inmaculada do facistol*, de Alonso Cano; *Magdalena penitente*, de Pedro de Mena. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB3.10.3 Identifica, analiza e comenta as seguintes pinturas españolas do Barroco español do século XVII: *Martirio de San Felipe, O soño de Xacob e O patizambo*, de Ribera; *Bodegón* do Museo do Prado, de Zurbarán; *O aguador de Sevilla, Os borrachos, A fragua de Vulcano, A rendición de Breda, O Príncipe* | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |

XH - IES GTB

| | Historia da Arte. 2º Bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | *Baltasar Carlos a cabalo, A Venus do espello, As meninas, As fiandeiras,* de Velázquez; *A Sagrada Familia do paxariño, A Inmaculada de El Escorial, Os nenos da concha, Nenos xogando aos dados,* de Murillo. | |
| ▪ l | ▪ B3.11 O século XVIII. A pervivencia do Barroco. O refinamento Rococó. Neoclasicismo e Romanticismo. | ▪ B3.11 Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte do século XVIII, relacionando cada un dos seus estilos cos seus respectivos contextos históricos e culturais. | ▪ HAB3.11.1 Explica o século XVIII como época de coexistencia de vellos e novos estilos artísticos nun contexto histórico de cambios profundos. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HAB3.11.2 Compara o Barroco tardío e o Rococó e especifica a diferente concepción da vida ea arte que encerran una e outro. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HAB3.11.3 Explica as razóns do xurdimento do Neoclasicismo e as súas características xerais en arquitectura, escultura e pintura. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HAB3.11.4 Comenta a escultura neoclásica a través da obra de Canova. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB3.11.5 Especifica as posibles coincidencias entre o Neoclasicismo e o Romanticismo na pintura de David. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB3.11.6 Distingue entre a corrente tradicional e a clasicista da arquitectura barroca española do século XVIII. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB3.11.7 Explica a figura de Salzillo como último representante da imaxinería relixiosa española en madeira policromada. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ k<br>▪ l | ▪ B3.12 O comentario de obras de arte: arte do século XVIII | ▪ B3.12 Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte do século XVIII, aplicando un método que inclúa diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico). | ▪ HAB3.12.1 Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas do século XVIII: fachada do Hospicio de San Fernando de Madrid, de Pedro de Ribera; fachada do Obradoiro da catedral de Santiago de Compostela, de Casas e Novoa; Pazo Real de Madrid, de Juvara e Sacchetti; Panteón de París, de Soufflot; Museo do Prado en Madrid, de Juan de Villanueva. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB3.12.2 Identifica, analiza e comenta as seguintes obras escultóricas do século XVIII: *A oración no horto*, de Salzillo; *Eros e Psique* e *Paulina Bonaparte*, de Canova. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB3.12.3 Identifica, analiza e comenta as seguintes obras de David: *O xuramento dos Horacios* e *A morte de Marat.* | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |

XH - IES GTB

| | Historia da Arte. 2º Bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ k<br>▪ l | ▪ B3.13 O traballo de investigación en Historia da Arte | ▪ B3.13 Realizar e expoñer, individualmente ou en grupo, traballos de investigación, utilizando tanto medios tradicionais como as novas tecnoloxías. | ▪ HAB3.13.1 Realiza un traballo de investigación sobre o proceso de construción da nova basílica de San Pedro do Vaticano ao longo dos séculos XVI e XVII. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CSIEE |
| ▪ h<br>▪ l | ▪ B3.14 A conservación do patrimonio: arte moderna | ▪ B3.14 Respectar as creacións da arte da Idade Moderna, valorando a súa calidade en relación coa súa época ea súa importancia como patrimonio que hai que conservar. | ▪ HAB3.14.1 Confecciona un catálogo, con breves comentarios, das obras máis relevantes da arte dos séculos XVI ao XVIII que se conservan en Galicia. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| | Bloque 4. O século XIX: a arte dun mundo en transformación | | | |
| ▪ l | ▪ B4.1. A figura de Goya. | ▪ B4.1 Analizar a obra de Goya, identificando nela os trazos propios das correntes da súa época e os que anticipan diversas vangardas posteriores. | ▪ HAB4.1.1 Analiza a evolución da obra de Goya como pintor e gravador, dende a súa chegada á Corte ata o seu exilio final en Burdeos. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB4.1.2 Compara a visión de Goya nas series de gravados *Os caprichos* e *Os disparates ou proverbios.* | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ k<br>▪ l | ▪ B4.2 O comentario de obras de arte: Goya | ▪ B4.2 Clasificar, analizar e comentar obras significativas de Goya, aplicando un método que inclúa diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico). | ▪ HAB4.2.1 Identifica, analiza e comenta as seguintes obras de Goya: *O quitasol, A familia de Carlos IV, O 2 de maio de 1808 en Madrid* (*A loita cos mamelucos*), *Os fusilamentos do 3 de maio de 1808;* Desastre nº 15 ("*E non hai remedio*") da serie *Os desastres da guerra; Saturno devorando a un fillo* e *A leiteira de Burdeos.* | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ l | ▪ B4.3 A Revolución industrial e o impacto dos novos materiais na arquitectura. Do Historicismo ao Modernismo. A Escola de Chicago.<br>▪ O nacemento do urbanismo moderno. | ▪ B4.3 Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arquitectura do século XIX, relacionando cada un dos seus estilos cos seus respectivos contextos históricos e culturais. | ▪ HAB4.3.1 Describe as características e evolución da arquitectura do ferro no século XIX, en relación cos avances e necesidades da revolución industrial. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ HAB4.3.2 Explica as diferenzas entre enxeñeiros e arquitectos na primeira metade do século XIX. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB4.3.3 Explica as características do neoclasicismo arquitectónico durante o Imperio de Napoleón. | ▪ CCEC<br>▪ CCL |
| | | | ▪ HAB4.3.4 Explica as características do historicismo en arquitectura ea súa evolución cara o eclecticismo. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB4.3.5 Explica as características e principais tendencias da arquitectura modernista. | ▪ CCEC<br>▪ CCL |
| | | | ▪ HAB4.3.6 Especifica as achegas da Escola de Chicago á arquitectura. | ▪ CCEC<br>▪ CCL |

| | Historia da Arte. 2º Bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | ▪ HAB4.3.7 Describe as características e obxectivos das remodelacións urbanas de París, Barcelona e Madrid na segunda metade do século XIX. | ▪ CCEC<br>▪ CCL |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ k<br>▪ l | ▪ B4.4. O comentario de obras de arte: a arquitectura do século XIX | ▪ B4.4 Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arquitectura do século XIX, aplicando un método que inclúa diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico). | ▪ HAB4.4.1 Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas: Templo da Magdalena en París, de Vignon; Parlamento de Londres, de Barry e Pugin; Auditorium de Chicago, de Sullivan e Adler; Torre Eiffel de París; Templo da Sagrada Familia en Barcelona, de Gaudí. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ l | ▪ B4.5 A evolución da pintura: Romanticismo, Realismo, Impresionismo, Simbolismo. Os postimpresionistas, o xerme das vangardas pictóricas do século XX. | ▪ B4.5. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da pintura do século XIX, relacionando cada un dos seus estilos cos seus respectivos contextos históricos e culturais. | ▪ HAB4.5.1 Describe as características do Romanticismo na pintura e distingue entre o romanticismo da liña de Ingres e o romanticismo da cor de Gericault e Delacroix. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB4.5.2 Compara as visións románticas da paisaxe en Constable e Turner. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB4.5.3 Explica o Realismo ea súa aparición no contexto dos cambios sociais e culturais de mediados do século XIX. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HAB4.5.4 Compara o Realismo co Romanticismo. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB4.5.5 Describe as características xerais do Impresionismo e o Neoimpresionismo. | ▪ CCEC<br>▪ CCL |
| | | | ▪ HAB4.5.6 Define o concepto de postimpresionismo e especifica as achegas de Cézanne e Van Gogh coma precursores das grandes correntes artísticas do século XX. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB4.5.7 Explica o Simbolismo de finais do século XIX como reacción fronte ao Realismo eo Impresionismo. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ l | ▪ B4.6 A función social da arte no século XIX | ▪ B4.6 Explicar a evolución cara a independencia dos artistas respecto aos clientes, especificando o papel desempeñado polas Academias, os Salóns, as galerías privadas e os marchantes. | ▪ HAB4.6.1 Explica os cambios que se producen no século XIX nas relacións entre artistas e clientes, referidos á pintura. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ k<br>▪ l | ▪ B4.7 O comentario de obras de arte: o século XIX | ▪ B4.7. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da pintura do século XIX, aplicando un método que inclúa diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico). | ▪ HAB4.7.1 Identifica, analiza e comenta as seguintes pinturas do século XIX: *O baño turco*, de Ingres; *A balsa da Medusa*, de Gericault; *A liberdade guiando ao pobo*, de Delacroix; *O carro de feno*, de Constable; *Chuvia, vapor e velocidade*, de Turner; *O enterro de Ornans*, de Courbet;*O ánxelus*, de Millet; *Almorzo sobre a herba*, | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |

| | Historia da Arte. 2º Bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | de Manet; *Impresión, sol nacente* ea serie sobre a *Catedral de Ruán*, de Monet; *Le Moulin de la Galette*, de Renoir; *Unha tarde de domingo na Grande Jatte*, de Seurat; *Xogadores de cartas* e *Mazás e laranxas*, de Cézanne; *A noite estrelada e O segador*, de Van Gogh; *Visión despois do sermón e O mercado ("Ta matete")*, de Gauguin. | |
| ▪ l | ▪ B4.8 A escultura: a pervivencia do clasicismo. Rodin. | ▪ B4.8 Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da escultura do século XIX, relacionando cada un dos seus estilos cos seus respectivos contextos históricos e culturais. | ▪ HAB4.8.1 Relaciona a produción eo academicismo dominante na escultura do século XIX coas transformacións levadas a cabo nas cidades (monumentos conmemorativos en prazas, parques e avenidas, e esculturas funerarias nos novos cemiterios). | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HAB4.8.2 Explica as características da renovación escultórica emprendida por Rodin. | ▪ CCEC<br>▪ CCL |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ k<br>▪ l | ▪ B4.9 O comentario de obras de arte: o século XIX | ▪ B4.9. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da escultura do século XIX, aplicando un método que inclúa diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico). | ▪ HAB4.9.1 Identifica, analiza e comenta as seguintes obras de Rodin: *O pensador* e *Os burgueses de Calais*. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ k<br>▪ l | ▪ B4.10 O traballo de investigación en Historia da Arte | ▪ B4.10. Realizar e expoñer, individualmente ou en grupo, traballos de investigación, utilizando tanto medios tradicionais coma as novas tecnoloxías. | ▪ HAB4.10.1 Realiza un traballo de investigación sobre as Exposicións Universais do século XIX ea súa importancia dende o punto de vista arquitectónico. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CD, CSIEE |
| | | | ▪ HAB4.10.2 Realiza un traballo de investigación sobre a influencia da fotografía e o gravado xaponés no desenvolvemento do Impresionismo, con referencias a obras concretas. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CSIEE |
| ▪ h<br>▪ l | ▪ B4.11. A conservación do patrimonio: arte do século XIX | ▪ B4.11. Respectar as creacións da arte do século XIX, valorando a súa calidade en relación coa súa época ea súa importancia como patrimonio que hai que conservar. | ▪ HAB4.11.1 Confecciona un catálogo, con breves comentarios, das obras máis relevantes da arte do século XIX que se conservan en Galicia. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| | Bloque 5. A ruptura da tradición: a arte na primeira metade do século XX | | | |
| ▪ l | ▪ B5.1 O fenómeno das vangardas nas artes plásticas: Fauvismo, Cubismo, Futurismo, Expresionismo, pintura abstracta, Dadaísmo e Surrealismo. | ▪ B5.1 Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais das vangardas artísticas das artes plásticas na primeira metade do século XX, relacionando cada unha delas cos seus respectivos contextos históricos e culturais. | ▪ HAB5.1.1 Define o concepto de vangarda artística en relación co acelerado ritmo de cambios na sociedade da época e a liberdade creativa dos artistas iniciada na centuria anterior. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HAB5.1.2 Describe a orixe e características do Fauvismo. | ▪ CCEC<br>▪ CCL |
| | | | ▪ HAB5.1.3 Describe o proceso de xestación e as características do Cubismo, distinguindo entre o Cubismo analítico eo sintético. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA, CSC |
| | | | ▪ HAB5.1.4 Describe o ideario e principios básicos do futurismo. | ▪ CCEC<br>▪ CCL |

| | Historia da Arte. 2º Bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | ▪ HAB5.1.5 Identifica os antecedentes do expresionismo no século XIX, explica as súas características xerais e especifica as diferenzas entre *A Ponte* e *O xinete azul.* | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB5.1.6 Describe o proceso de xestación e as características da pintura abstracta, distingue a vertente cromática e a xeométrica, e especifica algunhas das súas correntes máis significativas, como o Suprematismo ruso ou o Neoplasticismo. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB5.1.7 Describe as características do Dadaísmo como actitude provocadora nun contexto de crise. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HAB5.1.8 Explica a orixe, características e obxectivos do Surrealismo. | ▪ CCEC<br>▪ CCL |
| | | | ▪ HAB5.1.9 Explica a importancia de Picasso, Miró e Dalí no desenvolvemento das vangardas artísticas. | ▪ CCEC<br>▪ CCL |
| | | | ▪ HAB5.1.10 Explica a renovación temática, técnica e formal da escultura na 1ª 1/2 do século XX, distinguindo as obras que están relacionadas coas vangardas pictóricas e as que utilizan recursos ou linguaxes independentes. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ l<br>▪ e | ▪ B5.2 O comentario de obras de arte: a plástica na primeira metade do século XX | ▪ B5.2. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da plástica da primeira metade do século XX, aplicando un método que inclúa diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico). | ▪ HAB5.2.1 Identifica, analiza e comenta: *A alegría de vivir,* de Matisse; *As señoritas de Avinyó, Retrato de Ambroise Vollard, Natureza morta con cadeira de reixa de cana e Guernica*, de Picasso; *A cidade que emerxe*, de Boccioni; *O berro,* de Munch; *A rúa,* de Kirchner; *Lírica* e *Sobre branco II,* de Kandinsky; *Cadrado negro*, de Malevich; *Composición II,* de Mondrian; *L.H.O.O.Q.*, de Duchamp; *O elefante das Celebes*, de Ernst; *A clave dos campos,* de Magritte; *O entroido de Arlequín* e *Mulleres e paxaros á luz da lúa,* de Miró; *O xogo lúgubre* e *A persistencia da memoria,* de Dalí. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB5.2.2 Identifica, analiza e comenta as seguintes obras: *O profeta*, de Gargallo; *Formas únicas de continuidade no espazo*, de Boccioni; *Fonte*, de Duchamp; *Muller peiteándose ante un espello*, de González; *Mademoiselle Pogany I*, de Brancusi; *Lagosta, nasa e cola de pez*, de Calder; *Figura reclinada,* de Moore. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |

XH IES GTB

| | Historia da Arte. 2º Bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ l | ▪ B5.3 Renovación da linguaxe arquitectónica: o funcionalismo do Movemento Moderno e a arquitectura orgánica. | ▪ B5.3 Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arquitectura da primeira metade do século XX, relacionando cada unha delas cos seus respectivos contextos históricos e culturais. | ▪ HAB5.3.1 Explica o proceso de configuración e os trazos esenciais do Movemento Moderno en arquitectura. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB5.3.2 Especifica as achegas da arquitectura orgánica ao Movemento Moderno. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ e<br>▪ l | ▪ B5.4 O comentario de obras de arte: a arquitectura da primeira metade do século XX | ▪ B5.4 Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arquitectura da primeira metade do século XX, aplicando un método que inclúa diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico). | ▪ HAB5.4.1 Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas: Edificio da Bauhaus en Dessau (Alemania), de Gropius; Pavillón de Alemaña en Barcelona, de Mies van der Rohe; Vila Saboia en Poissy (Francia), de Le Corbusier; Casa Kaufman (Casa da Cascada), de Frank Lloyd Wright. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ k<br>▪ l | ▪ B5.5 O traballo de investigación en Historia da Arte | ▪ B5.5. Realizar e expoñer, individualmente ou en grupo, traballos de investigación, utilizando tanto medios tradicionais coma as novas tecnoloxías. | ▪ HAB5.5.1 Realiza un traballo de investigación sobre o GATEPAC (Grupo de Artistas e Técnicos Españois Para o Progreso da Arquitectura Contemporánea). | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CSIEE |
| ▪ d<br>▪ h<br>▪ k<br>▪ l | ▪ B5.6 A conservación do patrimonio: arte do século XX | ▪ B5.6 Respectar as manifestacións da arte da primeira metade do século XX, valorando a súa importancia como expresión da profunda renovación da linguaxe artística na que se substenta a liberdade creativa actual. | ▪ HAB5.6.1 Selecciona unha obra arquitectónica, unha escultura ou unha pintura da primeira metade do século XX, das existentes en Galicia, e xustifica a súa elección. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| | Bloque 6. A universalización da arte dende a segunda metade do século XX | | | |
| ▪ l | ▪ B6.1 O predominio do Movemento Moderno ou Estilo Internacional en arquitectura. A arquitectura á marxe do estilo internacional: *High Tech,* arquitectura Posmoderna, Deconstrución. | ▪ B6.1 Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arquitectura dende a segunda metade do século XX, enmarcándoa nas novas relacións entre clientes, artistas e público que caracterizan ao mundo actual. | ▪ HAB6.1.1 Explica o papel desempeñado no proceso de universalización da arte polos medios de comunicación de masas e as exposicións e feiras internacionais de arte. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HAB6.1.2. Explica as razóns da pervivencia e difusión internacional do Movemento Moderno en arquitectura. | ▪ CCEC<br>▪ CCL |
| | | | ▪ HAB6.1.3 Distingue e describe as características doutras tendencias arquitectónicas á marxe do Movemento Moderno ou Estilo Internacional, en particular a *High Tech*, a postmoderna e a deconstrución. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ k<br>▪ l | ▪ B6.2 O comentario de obras de arte: a arquitectura dende a segunda metade do século XX | ▪ B6.2. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arquitectura dende a segunda metade do século XX, aplicando un método que inclúa diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico). | ▪ HAB6.2.1 Identifica, analiza e comenta as seguintes obras: a *Unitéd'habitation* en Marsella, de Le Corbusier; o *SeagramBuilding* en Nova York, de M. van der Rohe e Philip Johnson; o Museo Guggenheim de Nova York, de F. Lloyd Wright; a *Sydney Opera House*, de J. Utzon; o Centro Pompidou de París, de R. Piano e R. Rogers; o *AT & T Building* de Nova York, de Philip Johnson; o Museo Guggenheim de Bilbao, de F. O. Gehry. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |

| | Historia da Arte. 2º Bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ l | ▪ B6.3 As artes plásticas: das segundas vangardas á postmodernidade. | ▪ B6.3 Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais das artes plásticas dende a segunda metade do século XX, enmarcándoa nas novas relacións entre clientes, artistas e público que caracterizan ao mundo actual. | ▪ HAB6.3.1 Explica e compara o Informalismo europeo e o Expresionismo abstracto norteamericano. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB6.3.2 Explica a Abstracción postpictórica. | ▪ CCEC<br>▪ CCL |
| | | | ▪ HAB6.3.3 Explica O minimalismo. | ▪ CCEC<br>▪ CCL |
| | | | ▪ HAB6.3.4 Explica a arte cinética e a *Op-Art.* | ▪ CCEC<br>▪ CCL |
| | | | ▪ HAB6.3.5 Explica a arte conceptual. | ▪ CCEC<br>▪ CCL |
| | | | ▪ HAB6.3.6 Explica a *Arte Povera.* | ▪ CCEC<br>▪ CCL |
| | | | ▪ HAB6.3.7 Distingue e explica algunhas das principais correntes figurativas: *Pop-Art,* Nova Figuración, Hiperrealismo. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB6.3.8 Explica en qué consisten as seguintes manifestacións de arte non duradeira: *Happening, Body Art* y *Land Art.* | ▪ CCEC<br>▪ CCL |
| | | | ▪ HAB6.3.9 Describe os formulacións xerais da posmodernidade, referida ás artes plásticas. | ▪ CCEC<br>▪ CCL |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ k<br>▪ l | ▪ B6.4 O comentario de obras de arte: a arte dende a segunda metade do século XX | ▪ B6.4 Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte dende a segunda metade do século XX, aplicando un método que inclúa diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico). | ▪ HAB6.4.1 Identifica (ao autor e a corrente artística, non necesariamente o título), analiza e comenta as seguintes obras: *Pintura* (Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía de Madrid), de Tapies; *Grito nº 7*, de Antonio Saura; *One: number 31, 1950,* de J. Pollock; *Ctesiphon III*, de F. Stella; *Equivalente VIII*, de Carl André; *Vega 200*, de Vasarely; *Unha e tres cadeiras,* de J. Kosuth; *Iglú con árbore*, de Mario Merz; *Marilyn Monroe* (serigrafía de 1967), de Warhol; *O Papa que berra (estudo a partir do retrato do Papa Inocencio X)*, de Francis Bacon; *A Gran Vía madrileña en 1974*, de Antonio López. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ l | ▪ B6.5 Novos sistemas visuais: fotografía, cine e televisión, cartelismo, cómic.<br>▪ A combinación de linguaxes expresivas. | ▪ B6.5 Explicar o desenvolvemento e a extensión dos novos sistemas visuais, como a fotografía, o cine, a televisión,o cartelismo ou o cómic, especificando o modo en que combinan diversas linguaxes expresivas. | ▪ HAB6.5.1 Explica brevemente o desenvolvemento dos novos sistemas visuais e as características da súa linguaxe expresiva: fotografía, cartel, cine, cómic, producións televisivas, videoarte, arte por ordenador. | ▪ CCEC<br>▪ CCL |
| ▪ i<br>▪ l | ▪ B6.6 O impacto das novas tecnoloxías na difusión e a creación artística. | ▪ B6.6 Describir as posibilidades que abriron as novas tecnoloxías, explicando os seus efectos tanto para a creación artística como para a difusión da arte. | ▪ HAB6.6.1 Especifica as posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías para a creación artística e para a difusión da arte. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CD |

XH - IES GTB

| | Historia da Arte. 2º Bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ l | ▪ B6.7 Arte e cultura visual de masas. | ▪ B6.7 Identificar a presenza da arte na vida cotiá, distinguindo os moi diversos ámbitos en que se manifesta. | ▪ HAB6.7.1 Define o concepto de cultura visual de masas e describe os seus trazos esenciais. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HAB6.7.2 Identifica a arte nos diferentes ámbitos da vida cotiá. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ h<br>▪ l | ▪ B6.8 O patrimonio artístico como riqueza cultural. A preocupación pola súa conservación.A UNESCO. | ▪ B6.8 Respectar as manifestacións da arte de todos os tempos, valorándoas como patrimonio cultural herdado que se debe conservar e transmitir ás xeracións futuras.Explicar qué éo Patrimonio Mundial da UNESCO, describindo a súa orixe e finalidade. | ▪ HAB6.8.1 Explica a orixe do Patrimonio Mundial da UNESCO e os obxectivos que persegue. | ▪ CCEC<br>▪ CCL |
| | | | ▪ HAB6.8.2 Realiza un traballo de investigación relacionado cos bens artísticos de España e Galicia inscritos no catálogo do Patrimonio Mundial da UNESCO. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CSIEE |
| | Bloque 7. O vocabulario artístico | | | |
| ▪ e<br>▪ l | ▪ B7.1 O vocabulario artístico. | ▪ B7.1 Utilizar a terminoloxía específica da arte nas exposicións orais e escritas, denominando con precisión os principais elementos e técnicas. | ▪ HAB7.1.1 Utiliza con corrección a terminoloxía específica das artes en exposicións orais e escritas. | ▪ CCEC<br>▪ CCL |

## 3.- TEMPORALIZACIÓN.

A necesaria adecuación do profesorado aos ritmos de aprendizaxe do alumnado así como, no caso das materias obxecto de exame na proba final do bacharelato, fai que esta temporalización aquí exposta sexa meramente orientativa. Sobre esta premisa, reorganizamos os contidos, do seguinte xeito:

1ª avaliación — Apartados relacionados coa arquitectura

2ª avaliación — Apartados relativos á escultura
Apartados relativos á pintura medieval
Apartados relativos á pintura renacentista

3ª avaliación — Apartados relativos á pintura barroca
Apartados relativos a Goya
Apartados relativos á pintura dos séculos XIX e XX

O bloque 7. é de carácter transversal, e será desenvolvido e avaliado en tódalas avaliacións.

## 4.- INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN. ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.

Realizaranse **dúas probas por avaliación** seguindo un esquema similar ao das probas de ABAU (coas modificacións correspondentes se se nos proporcionan novas indicacións). En cada unha das tres avaliacións oficiais, a cualificación da materia corresponderá á media aritmética das cualificacións obtidas en tódalas probas realizadas en dita avaliación.

En cada unha das avaliacións o alumnado poderá realizar unha serie de traballos voluntarios cos que conseguirá un máximo de dous puntos, que se engadirán á nota media das probas en cada avaliación. Para cada avaliación admitirase a entrega



XH-IESGTB

dun máximo de dous **comentarios** sinxelos de obras distintas das propostas para a ABAU, de xeito que se demostren os coñecementos prácticos e teóricos adquiridos. Tamén proporase en cada avaliación a realización dun **comentario comparado** de dúas obras; a finalidade deste modelo de comentario comparado é evitar a copia de comentarios alleos e o achegamento ó modelo de exame ABAU da materia de Fundamentos da Arte II, cuxo programa é moi similar ó noso e cuxa ponderación para o acceso á Universidade é exactamente a mesma. Tamén trimestralmente proporase ao alumnado a realización dunha **presentación** dun tema para un grupo de ESO, un **catálogo** OU un **traballo de investigación**, seguindo as liñas marcadas polo decreto de currículo pero incentivando en xeral o traballo competencial.

Para a **recuperación** dos temas suspensos realizaranse probas teóricas de recuperación, que poderán incluír contidos correspondentes a unha ou máis probas suspensas. No caso de realizarse recuperacións a cualificación definitiva do tema terá en conta só a máis elevada das obtidas nas probas realizadas. Para a preparación desta recuperación proporanse actividades a través da aula virtual. No caso de alumnos **repetidores** potenciarase a realización de esquemas conceptuais ou similares ou traballos diferentes aos realizados no curso anterior.

Na **corrección dos traballos, comentarios e probas** teranse en conta tanto **criterios** de rigor conceptual como de expresión, redacción, emprego do vocabulario preciso, presentación, etc., segundo os principios consensuados a partir das propostas realizadas polo Departamento de Lingua Galega e Literatura durante o curso 2017-18. Estes criterios plasmaranse en rúbricas que se porán en coñecemento do alumnado de xeito previo á realización dos traballos, comentarios e exposicións.

Para o cálculo das **cualificacións** empregaremos os seguintes **criterios**:

**1.** En cada **avaliación** realizaranse **dúas probas**, que serán semellantes ás de ABAU. A cualificación das probas realizarase sobre un máximo de DEZ (10) puntos cada unha. No caso de precisarse a realización de probas de recuperación SÓ SE TERÁ EN CONTA A MAIOR DAS CUALIFICACIÓNS OBTIDAS.

**2.** En cada avaliación poderán realizarse **dous comentarios sinxelos**; cualificaranse sobre un máximo de medio (0'5) punto cada un.

**3.** Ao longo do curso proporanse tres **comentarios comparados**: un comparando dúas obras arquitectónicas, outro de dúas obras escultóricas e o último de dúas obras pictóricas. Os comentarios comparados cualificaranse sobre un máximo de UN (1) punto cada un.

**4.** En cada avaliación proporase unha **presentación** dun tema de Arte nun grupo de ESO, un **catálogo** de obras de arte ou un **traballo de investigación**. A cualificación neste apartado realizarase sobre un máximo de DOUS (2) puntos cada un.

**5.** A **cualificación** de cada avaliación resultará da suma de:

a. Media aritmética das probas realizadas
b. Suma das cualificacións dos traballos realizados na avaliación
c. O redondeo realizarase á unidade máis próxima

| | **I Avaliación** | **II Avaliación** | **III Avaliación** |
|---|---|---|---|
| **TRABALLO** (escoller un por avaliación) Máximo 2 puntos por traballo | 1 Catálogo de Arquitectura Galega<br><br>2 Presentación de Arte Grecorromana: Partenón e Panteón (1º ESO) | 1 Mulleres con Arte<br><br>2 Presentación de Arte Moderna: David segundo Verrocchio, Donatello, Miguel Anxo e Bernini (3º ESO) | 1 Arte cotiá<br><br>2 Presentación de Arte Contemporánea: dos Fusilamentos de Goya ao Gernika de Picasso (pasando por Manet) (4º ESO) |
| **COMENTARIO COMPARADO** Máximo 1 punto por comentario comparado | Partenón e Santa Sofía | Pietá Vaticana de Miguel Anxo e Piedade de Gregorio Fernández | Capela Scrovegni e Capela Brancacci |
| **COMENTARIOS SINXELOS** Máximo 0'5 punto por comentario | Arco de Bará (Tarragona)<br><br>San Francisco (Pontevedra) | Cabeza de toro (escultura), de Picasso<br>O Descendemento, de Van der Weyden | Cristo abrazando a S Bernardo, de Ribalta<br><br>Gran Vía, de Antonio López |



XH - IESGTB

## 5.- ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS

Para o desenvolvemento do currículo de historia da arte propóñense as seguintes orientacións didácticas:
-Empregar un método activo no cal, a partir dos contidos procedementais, se incida na comprensión dos conceptos impartidos.
-Promover a unidade de teoría e práctica, para facilitar a fixación do aprendido. A mestura de teoría e práctica realízase a través da actividade. Promover a participación activa das alumnas e dos alumnos na aula: no proceso de aprendizaxe deberán expresar as súas propias ideas, opinións e valoracións con sentido crítico e capacidade analítica.
-Potenciar a socialización, favorecendo as relacións no grupo e o traballo de equipo, impulsando o contacto co exterior (asistencia a exposicións, museos, visitas a monumentos artísticos).
-Propiciar situacións que sexan motivadoras para o alumnado. Potenciarase o interese pola arte traballando nun ambiente distendido que propicie a asimilación dos novos conceptos.
-Propoñer a realización de traballos de investigación sobre autores e autoras, así como obras representativas dun estilo determinado ou outros. Desenvolver, ademais, a autonomía do alumnado no manexo das TIC e das fontes documentais ao seu alcance, o sentido crítico e a capacidade de síntese para tratar a información obtida, a súa coherencia e claridade, así como a súa capacidade de comunicación á hora de elaborar os resultados do traballo e de presentar as súas conclusións.

## 6.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Na aula empregaranse ordenador e encerado dixital para visualizar presentacións en power point, páxinas web, dvds, etc. Non se fixará un libro de texto, e proporcionaráselle ao alumnado material elaborado pola profesora con sínteses teóricas ou comentarios de obras relevantes.

XH - IES GTB

## CUESTIÓNS A CONSIDERAR EN BACHARELATO

### 1.- INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

a) *AVALIACIÓN CONTINUA*
**-** O departamento considera que, en bacharelato, cómpre ter en conta, preferentemente, o nivel de coñecementos que o alumno demostra nas probas orais e/ou escritas, non sendo necesario facer un seguimento por medio dun caderno persoal, algo que si é moi importante en ESO.
- O segundo instrumento a utilizar é o *traballo diario* na aula, participando, realizando exercicios, comentarios de texto e todo aquilo que o profesor, ao longo do curso, considere motivador e favorecedor da aprendizaxe individual ou de grupo.
- O alumno terá dereito a realizar un exame de recuperación, cando non acade o aprobado no correspondente parcial.
- Considerando a especificidade das materias do departamento, aplicarase o principio de *avaliación continua* ás capacidades, pero non aos contidos mínimos que sexan propios de cada unidade.

b) *PROBA FINAL DE MAIO/XUÑO*
- Realizarase unha proba semellante as realizadas durante o curso.

c) *CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DE XUÑO/SETEMBRO*
- Os alumnos realizarán unha única proba de toda a materia do curso no día e hora sinalados pola Xefatura de Estudos.

### 2.- CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN DE BACHARELATO

Para avaliar as materias de Bacharelato, o Departamento de Xeografía e Historia establece os seguintes criterios:
a) ***Probas parciais***.
1. A cualificación de cada avaliación poderá responder exclusivamente ás probas realizadas.
2. Á cualificación obtida nas probas escritas poderá engadirse a correspondente a actividades, comentarios, traballos, etc., ata un máximo de 1’5 puntos na materia de Historia de España e 2 puntos nas asignaturas de Xeografía e Historia da Arte.
3. O alumno que non acade a nota global de 5 (sumados os puntos anteriores) non poderá superar a correspondente avaliación parcial. Poderanse propoñer probas de recuperación que abarquen contidos avaliados en unha ou máis probas parciais.
4. Para a avaliación da expresión escrita de traballos, comentarios e exames aprobase (Acta nº9 de 14 de maio de 2018) o seguinte cadro de redistribución das porcentaxes sobre a cualificación total:

b) ***Convocatoria ordinaria de maio/xuño e extraordinaria de xuño/setembro***
A **cualificación** final (maio/xuño) consistirá na nota media das convocatorias parciais, resultando aprobados os alumnos que acaden como mínimo a cualificación numérica de 5. Os alumnos que non cheguen ao 5 terán dereito a un derradeiro exame de toda a materia do curso, do que resultará, ao 100%, a nota definitiva da convocatoria ordinaria de maio/xuño.
Seguirase o mesmo criterio de cualificación con respecto á avaliación extraordinaria de xuño/setembro.

c) **Cualificación de aspectos formais**
En consonancia cos acordos acadados durante o curso 2018-19, nas probas escritas cualificaremos os aspectos formais (limpeza xeral caligrafía, etc), ortografía, corrección gramatical e coherencia argumental cun máximo de 1 punto (é dicir, 10% sobre o total da posible cualificación dunha proba).

d) **Cualificación de traballos, comentarios, etc.**
A cualificación de traballos escritos realizarase tendo en conta as seguintes porcentaxes:

| | | |
|---|---|---|
| Aspectos formais | 5% | 5% |
| Corrección gramatical | 15% | 15% |
| Coherencia argumental | 20% | 20% |
| Contidos | 60% | 60% |

XH IES GTB

Estes criterios deben facerse explícitos ao alumnado a principios de curso.

Inclúense a continuación rúbricas para a corrección de traballos escritos.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo
O FSE inviste no teu futuro

IES G. TORRENTE BALLESTER
Rúa Herminia Fariña, s/n
36003 PONTEVEDRA
Tfno.: 886159156 – Fax: 886159157

## Rúbrica de corrección de traballos escritos

| | | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 | 11 | 12 | 13 | 14 | 15 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| PRESENTACIÓN | O material é adecuado | | | | | | | | | | | | | | | |
| | Hai portada e o traballo está debidamente identificado | | | | | | | | | | | | | | | |
| | Respecta as marxes | | | | | | | | | | | | | | | |
| | O texto está limpo | | | | | | | | | | | | | | | |
| | As páxinas están numeradas | | | | | | | | | | | | | | | |
| CORRECCIÓN GRAMATICAL | Presenta unha ortografía axeitada | | | | | | | | | | | | | | | |
| | A acentuación é correcta | | | | | | | | | | | | | | | |
| | Realiza un uso axeitado dos verbos | | | | | | | | | | | | | | | |
| | Coloca adecuadamente os pronomes | | | | | | | | | | | | | | | |
| | As preposicións están ben empregadas | | | | | | | | | | | | | | | |
| | Emprega o xénero e o número correctamente | | | | | | | | | | | | | | | |
| | O vocabulario é preciso e variado | | | | | | | | | | | | | | | |
| CONTIDO | Organiza as ideas xerarquicamente | | | | | | | | | | | | | | | |
| | Uso adecuado dos parágrafos | | | | | | | | | | | | | | | |
| | Uso adecuado dos signos de puntuación | | | | | | | | | | | | | | | |
| | TOTAL | | | | | | | | | | | | | | | |

## 3.- ESTÁNDARES BÁSICOS

O Departamento de Xeografía e Historia recolle os criterios de avaliación ou estándares de aprendizaxe que considera mínimos ou básicos para a superación das distintas materias da súa competencia nos niveis de Bacharelato no ANEXO II desta Programación Didáctica. Isto implica que ditos criterios e estándares haberán ser a base sobre a que se deseñarán as probas extraordinarias de xuño ou setembro e a atención ao alumnado con materias pendentes.
Nas páxinas do ANEXO II insírense as mesmas táboas empregadas nesta Programación Didáctica para relacionar obxectivos, contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe, pero iluminando con cor azul aqueles criterios e estándares que, como acabamos de explicar, consideramos básicos ou fundamentais para a superación de cada materia.

## 4.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS EN BACHARELATO

1.- *Material do alumno:*

a.- Libros de texto: En primeiro, usarase a Hª do Mundo Contemporáneo do Consorcio Editorial Galego (2012). En segundo, usarase o libro da editorial Anaya (2016) para a materia de Xeografía. Na materia de Historia de España, cada profesor decidirá o interese ou non de manexar libros de texto na súa clase (xa se fixo constar así na preceptiva indicación de xuño sobre libros); no caso de usaren libro, será preferentemente o da editora Consorcio Editorial. En Hª da Arte non se usará libro de texto. Tamén empregaremos a plataforma que nos proporciona a AULA VIRTUAL do centro para poñer a disposición do alumnado todos os materiais ou recursos que se estimen oportunos.

b.- *Material de aula:*

a.- Encerado dixital, proxector de vídeo, diapositivas, ordenador, mapas murais, topográficos, en relevo e planos, carteis, dicionarios de Historia, Xeografía e Arte, enciclopedias e dossieres de prensa, anuarios estatísticos, etc.

**5.- ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES**

O profesorado que imparte a materia de 1º Bacharelato *Hª do Mundo Contemporáneo* será o encargado de preparar e corrixir unha proba (exame) en xaneiro e, caso de non ser superada, outra en maio, deixando a criterio do devandito profesor/a a pertinencia ou non de que o/a alumno/a con asignatura de 1º pendente, elabore ou non un traballo ou cuestionario.

**6.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS**

Como tódolos cursos, este Departamento participará nas actividades complementarias e extraescolares organizadas polo Instituto ou os diferentes departamentos, deixando abertas as propias, entre as que, se é posible, haberá unha viaxe na que se conxuguen varios aspectos (Xeoloxía, Historia, Arte e Literatura...).

Contemplarase a posibilidade do deseño de fichas ou actividades a realizar durante estas saídas de xeito que podan ser avaliadas.

**7.- ALUMNADO DE 2º BACHARELATO DE CAMBIO DE MODALIDADE AO PASAR DE 1º A 2º DE BACHARELATO.**

Para a materia de Hª do Mundo Contemporáneo de 1º de Bacharelato, no que se refire á proba escrita, o alumnado terá as mesmas condicións que aquel alumnado coa materia pendente. Ademais realizarán un resumo e un comentario de texto de cada un dos temas da materia.
No presente curso non se contempla ningún alumno para cambio de modalidade.

**8.- RELACIÓN DA PROGRAMACIÓN DE 2ºBACHARELATO COA *AVALIACIÓN DE BACHARELATO PARA O ACCESO Á UNIVERSIDADE (ABAU).***

O profesorado atenderá puntualmente a todas aquelas indicacións que sobre estándares, tipo de probas e demais circunstancias, vaia proporcionando a *Comisión Interuniversitaria de Galicia (CIUG)* sobre a ABAU. De tal forma que, durante o curso, se lle dedicará especial atención á preparación destas probas.
Realizada a avaliación ordinaria en maio, o alumnado de segundo de bacharelato traballará na preparación das probas da ABAU e/ou da proba extraordinaria de xuño.

.

XH - IES GTB

# IV. MATERIAS DE LIBRE CONFIGURACIÓN

XH - IES GTB

# 1.PAISAXE E SUSTENTABILIDADE

## Materia de configuración autonómica

## 1ºESO

XH - IES GTB

## 1. INTRODUCIÓN.

> O Convenio Europeo da Paisaxe, ratificado polo Estado Español, reclama unha nova cultura territorial e paisaxística e sostén que a paisaxe contribúe á formación das culturas locais e é unha compoñente fundamental do seu **patrimonio** natural e cultural. O **Consello de Europa**, á luz destes principios, emitiu varios informes nos que **insiste na necesidade** de que os países aborden plans formativos e fixen os seus obxectivos e as súas metodoloxías en materia de educación en paisaxe nas etapas de educación primaria e secundaria. Uns informes que, ademais, poñen a énfase na especial relación entre a **educación en paisaxe e o desenvolvemento sustentable**. En **Galicia**, a **Lei** 7/**2008**, do 7 de xullo, de **protección da paisaxe de Galicia**, que comparte os principios do Convenio, **insta** "ao fomento e á incorporación da **materia de Paisaxe nos distintos ciclos educativos**". Este mandato explica a oferta desta nova materia sobre a paisaxe e a sustentabilidade para primeiro ou segundo de ESO como materia de libre configuración autonómica.

A paisaxe é, segundo a definición do **Convenio Europeo da Paisaxe (CEP)**, calquera parte do territorio, tal e como é percibida polas poboacións, cuxo carácter resulta da acción dos factores naturais e humanos e das súas interaccións. A paisaxe é un concepto complexo e rico en significados que aglutina as diferentes dimensións dun desenvolvemento sustentable, é dicir, a dimensión natural, cultural social e económica. É o noso contorno vital e a expresión formal da acción humana no medio natural ao longo da súa historia. O estudo da paisaxe lévanos a coñecer as manifestacións sensibles desa longa relación dialéctica entre o ser humano e o seu territorio, desvelando as chaves dun modelo de sociedade que sexa quen de manter o equilibrio ecolóxico e conservar o seu patrimonio natural e cultural.

**A materia de Paisaxe e Sustentabilidade contribuirá a traballar o sentido de pertenza do alumnado a unha comunidade**, a se sentir parte activa dunhas **paisaxes herdadas** e a entender que preservar este patrimonio entraña unha **responsabilidade** presente e futura. Pretende afondar nas claves do **desenvolvemento sustentable**, baseado no **equilibrio harmónico entre as necesidades sociais, a economía e o ambiente**, e tamén favorecer esta **sensibilización** mediante a adquisición de coñecementos básicos para a interpretación das paisaxes galegas, desenvolvendo unha **conciencia crítica** sobre os seus valores culturais, ambientais, sociais e económicos. E, finalmente, busca trasladarlle ao alumnado a idea da estreita relación entre a paisaxe e o benestar material, mental e espiritual da nosa sociedade; un feito que converteu a paisaxe nun dereito. O currículo incide nomeadamente na **aprendizaxe emocional**, achegándonos ás paisaxes a través da súa vivencia; invita, xa que logo, a traballar coa emotividade do alumnado nas súas paisaxes cotiás, **para tratar de entendernos a nós mesmos e os nosos vínculos co contorno**, inducindo comportamentos e hábitos que garanten unha mellor calidade de vida desde os principios da sustentabilidade. Pretende transmitir, á fin, a mensaxe de que **as paisaxes son un produto social en permanente construción**, suxeitas hoxe en día a inercias e dinámicas transformadoras que as poñen en perigo, polo que debemos **promover un compromiso persoal e colectivo** sobre este ben común. A materia procura sentar as bases para que o alumnado constrúa unha relación positiva e responsable cos lugares que conforman o seu espazo vital, cunha ollada adestrada e cun **espírito construtivo** que o prepare para participar na vida da súa propia comunidade.

A paisaxe como obxecto de ensino e aprendizaxe brinda sempre a oportunidade de repensar a nosa práctica docente. É unha excelente ocasión para a experimentación nas metodoloxías e na xestión de aula, a partir de **proxectos interdisciplinares** e tarefas pertinentes e contextualizadas. Baixo os postulados do desenvolvemento de competencias clave, aprender e facer son accións inseparables nesta materia. Por tanto, as metodoloxías recomendadas serán aquelas que requiran **mobilizar coñecementos, habilidades e actitudes** en situacións moi próximas á realidade vivida polo alumnado; propostas que estimulen a **creatividade** a partir de **traballos baseados en proxectos**, que partan do seu contexto próximo como estratexia para introducir aprendizaxes significativas na **vivencia** e na **valoración** das súas paisaxes; escenarios de aprendizaxe que integren de xeito natural as ferramentas das **tecnoloxías** da información e da comunicación.

Hoxe dispoñemos de múltiples recursos para achegarnos ás paisaxes a través das imaxes e da cartografía dixital. Trátase de ofrecerlle ao alumnado unhas follas de ruta que lle descubran o seu contorno, dotando, á súa vez, das ferramentas para coñecer e valorar calquera outra paisaxe lonxe do seu espazo e do seu tempo. A dimensión temporal nas paisaxes é unha boa porta de entrada para traballar na aula, empregando fotos, mapas ou relatos antigos. Trátase de desvelar os modos de vida, os recursos empregados e como se forxaron aquelas vellas paisaxes, das que hoxe só quedan as súas pegadas. E, tamén, o tempo futuro ofrécenos ricas posibilidades educativas. A paisaxe é, ante todo, cambio, e o desafío consiste en xestionar este cambio cara a unha paisaxe máis sustentable. A materia debe invitar a que o alumnado exprese as súas propias aspiracións e os seus desexos, e comece a asumir a súa responsabilidade cara á conservación e a xestión da paisaxe.

Para alcanzar estes obxectivos, o **traballo de campo** eríxese nun procedemento de referencia nesta materia. A paisaxe é un libro que se le cos pés. E a través del pódese despregar un axeitado traballo competencial. A paisaxe bríndalle ao alumnado a oportunidade de enfrontarse a aprendizaxes moi próximas á súa realidade cotiá, o que lles dará sentido aos contidos que se lle propoñan. O contorno é un "espazo educativo". A cidade, o rural, o conxunto dos escenarios dos que formamos parte contribúen á creación dunha cidadanía formada e comprometida.

A achega da materia ao desenvolvemento do conxunto das **competencias** chave que engloban destrezas, actitudes e coñecementos é moi importante. Aínda que cómpre salientar a súa achega á competencia **social e cívica**, sen esquecer

outras como a competencia **dixital**, a competencia de comunicación **lingüística**, a de **aprender a aprender**, e a competencia **matemáticas** e competencias básicas en **ciencia** e tecnoloxía. Este currículo, na súa abordaxe transdisciplinar, incide dun modo especial nos **apartados transversais** definidos ao longo da etapa e para todas as materias: **o desenvolvemento sustentable e o medio, a educación cívica e constitucional, as TIC e a comunicación audiovisual**. En definitiva, trátase dun currículo aberto a diferentes propostas metodolóxicas, aínda que se fai unha invitación ao profesorado a incidir nas potencialidades que nos ofrece o traballo fóra da aula para achegarse ás paisaxes próximas, co fin de ler nelas unha marabillosa narración, chea de suxestións sobre o noso medio natural, sobre a nosa cultura e sobre nós mesmos/as. Esta función hermenéutica das paisaxes permite lecturas complementarias que marcan un camiño que arranca na identificación e na caracterización dos elementos e as súas relacións espaciais, segundo o tipo de paisaxe e a escala de traballo elixida. É dicir, responder á pregunta: **como é a paisaxe?** Un segundo capítulo ábrese para invitar o alumnado á **procura de resposta sobre as relacións causais que explican as súas paisaxes**. E, por suposto, calquera paisaxe é unha **realidade dinámica**, cambiante a calquera escala. Por isto, haberá que tratar o cambio na paisaxe, como froito de dinámicas naturais e culturais que interactúan permanentemente. Unha coevolución que se fundamenta no mantemento dun equilibrio ecolóxico, na equidade social e nunha economía eficiente. Para rematar, cómpre insistir no emprego de **ferramentas de avaliación coherentes** coas metodoloxías recomendadas, sempre adaptadas ao nivel de desenvolvemento cognitivo do alumnado nestes primeiros cursos da ESO.

## 2. CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE. RELACIÓN COAS COMPETENCIAS E OS OBXECTIVOS.

| | Paisaxe e Sustentabilidade. 1º ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ | Bloque 1.As lecturas da paisaxe. As súas dimensións e tipoloxías | | | ▪ |
| b<br>g<br>h<br>n | B1.1. Dimensión perceptiva das paisaxes. As paisaxes a través dos sentidos. Paisaxes vividas: fotografadas, relatadas e as paisaxes sonoras. | B1.1. Recoñecer a capacidade das paisaxes de xerar emocións individuais e colectivas. | PSB1.1.1. Elabora bosquexos e debuxos sinxelos a partir da observación nunha saída polo contorno. | CAA |
| | | | PSB1.1.2. Expresa por escrito as sensacións experimentadas e o seu aprecio estético. | CCL<br>CCEC |
| b<br>f<br>h | B1.2. Fisonomía da paisaxe.<br>– Elementos visuais nas paisaxes: liñas, formas, volumes, texturas e cores.<br>– A súa composición escénica.<br>– Transcendencia da escala na análise. | B1.2. Identificar e describir os atributos visuais dos elementos presentes nunha escena paisaxística e os principais trazos da súa composición, segundo a escala. | PSB1.2.1. Describe as propiedades visuais (formas, cores, texturas e volumes) que caracterizan os principais obxectos dunha escena paisaxística, tendo en conta a escala. | CCL<br>CMCTT |
| b<br>e<br>f<br>h | B1.3. Paisaxe: manifestación formal das dinámicas antrópicas e naturais a diversas escalas espaciais e temporais.<br>– Elementos estruturais e texturais.<br>– Matriz biofísica: xeoformas, rede hidrográfica e cuberta vexetal.<br>– Usos do solo, formas e elementos: mosaico agrario, rede de asentamentos e redes de mobilidade.<br>– Paisaxe urbana. | B1.3. Recoñecer e caracterizar os elementos da matriz biofísica que conforman a estrutura dunha paisaxe, e aqueles outros de orixe antrópica e as funcións que estes desenvolven. | PSB1.3.1. Identifica, caracteriza formalmente e localiza no mapa as xeoformas, a rede hidrográfica e as formacións vexetais recoñecibles nunha paisaxe. | CSC<br>CMCTT<br>CD |
| | | | PSB1.3.2. Identifica, caracteriza formalmente e localiza no mapa, segundo a paisaxe en que viva, o parcelario agrario, os tipos de asentamentos e a rede de mobilidade. | CSC<br>CMCTT<br>CD |
| b<br>f<br>g | B1.4. Principios básicos da ecoloxía da paisaxe. Configuración espacial: matriz e teselas identificables nas paisaxes. | B1.4. Identificar e describir formalmente unidades homoxéneas na escena paisaxística e comprender algunhas das relacións espaciais e | PSB1.4.1. Localiza nun mapa da súa zona de estudo as principais manchas-unidades presentes, caracterízaas e explica de xeito sinxelo a súa funcionalidade ecolóxica. | CMCTT<br>CCL |

| | Paisaxe e Sustentabilidade. 1º ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| h<br>m | – As súas relacións espaciais e as súas funcións ecolóxicas.<br>– Necesaria conectividade nas paisaxes. Papel dos corredores ecolóxicos. | dinámicas ecolóxicas básicas que as explican. | PSB1.4.2. Identifica e caracteriza de xeito sinxelo os elementos naturais da paisaxe que cumpren a función de conectividade. | CMCTT<br>CCL |
| b<br>f<br>ñ | B1.5. Diversidade de paisaxes no territorio galego. Tipoloxías segundo dominancia de elementos e principais dinámicas (naturais e culturais).<br>– Espazos agroforestais. Espazos construídos: rede urbana e de comunicación.<br>– Grandes áreas da paisaxe galega.<br>– Principais tipos de paisaxes galegas. | B1.5. Recoñecer os principais tipos de paisaxes: segundo os elementos dominantes, as dinámicas e a funcionalidade (naturais, urbanas e rurais). | PSB1.5.1. Identifica a paisaxe natural, os seus elementos formais dominantes e as súas funcións. | CMCTT |
| | | | PSB1.5.2. Identifica a paisaxe agraria e rural, os seus elementos formais dominantes e as súas funcións. | CMCTT |
| | | | PSB1.5.3. Identifica a paisaxe urbana e periurbana, os seus elementos formais e as súas funcións. | CMCTT |
| ▪ | Bloque 2. A paisaxe como produto social. Dinámicas e cambios nas paisaxes. A súa evolución | | | ▪ |
| b<br>f<br>h<br>l<br>ñ | B2.1. Paisaxe: produto social. Respostas culturais e tecnolóxicas da sociedade na súa relación co medio ao longo do tempo. | B2.1. Comprender que a paisaxe é o resultado dunha complexa interacción de factores naturais e humanos, actuando nun sistema espacial diferenciado. | PSB2.1.1. Describe de xeito básico algunha das relacións causais entre os elementos construídos, as formas de explotación ou de asentamento, e as condicións impostas polo medio. | CSC<br>CMCTT<br>CCL |
| b<br>f<br>g<br>l<br>ñ | B2.2. Continuidade e cambio nas paisaxes. As paisaxes actuais e as súas dinámicas. Pegadas de procesos pretéritos. | B2.2. Comprender que a paisaxe é cambio a calquera escala espacial e temporal á que se analice. | PSB2.2.1. Recoñece e valora os cambios a diversas escalas espazo-temporais nas paisaxes do seu contorno. | CAA<br>CSC |
| b<br>e<br>f<br>g<br>l<br>ñ | B2.3. Procesos históricos que explican as nosas paisaxes. | B2.3. Identificar a evolución das paisaxes e as pegadas no presente de dinámicas pretéritas. | PSB2.3.1. Realiza procuras e pequenas investigacións en medios impresos e dixitais, referidas a procesos históricos ou acontecementos salientables na súa paisaxe próxima, e localiza páxinas e recursos da web directamente relacionados con eles. | CAA<br>CSC<br>CD |
| b<br>e<br>f<br>g<br>h<br>l | B2.4. Equilibrio ecolóxico, equidade social e eficiencia económica nas paisaxes.<br>– Fraxilidade das paisaxes. Necesario respecto ao equilibrio ecolóxico.<br>– Conflitos, impactos e ameazas sobre as paisaxes. | B2.4. Avaliar criticamente as accións do ser humano sobre a paisaxe e as súas consecuencias ambientais, identificando algúns destes problemas no contexto próximo. | PSB2.4.1. Utiliza tecnoloxías da información e da comunicación para elaborar documentos dixitais propios adecuados á súa idade, resultado da procura, a análise e a selección de información relevante referida a conflitos e impactos paisaxísticos na súa zona próxima, e expón e defende estes traballos. | CAA<br>CSC<br>CD<br>CMCTT<br>CCL |
| | Bloque 3. O carácter das paisaxes. Os seus valores tanxibles e intanxibles | | | ▪ |
| b<br>e<br>f<br>g<br>l<br>ñ | B3.1. Cualificación das paisaxes. Valores que a sociedade lles outorga ás súas paisaxes.<br>– Carácter das paisaxes: esencia dos lugares.<br>– A paisaxe como construción colectiva. | B3.1. Comprender que todas as paisaxes posúen un carácter que as singulariza, froito das súas formas e da súa organización, así como dos valores intanxibles e materiais que cada cultura nun momento da súa historia lles outorga. | PSB3.1.1. Realiza procuras e pequenas investigacións en medios impresos e dixitais referidas aos valores da paisaxe próxima, e localiza páxinas e recursos na web directamente relacionados con eles. | CAA<br>CSC<br>CMCTT<br>CD |
| b<br>f<br>l<br>m | B3.2. Valores ecolóxicos. Paisaxes sustentables. Rede de espazos de interese natural recoñecidos no contorno. | B3.2. Comprender que a calidade da paisaxe é un indicador dos seus equilibrios ecolóxicos e sociais e desenvolver unha actitude responsable cara ás condicións ambientais das paisaxes. | PSB3.2.1. Sitúa nun mapa, caracteriza de xeito básico e valora a importancia dos espazos naturais próximos ao seu contorno. | CSC<br>CMCTT |

| | Paisaxe e Sustentabilidade. 1º ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| b<br>e<br>f<br>l<br>ñ<br>▪ | B3.3. Valores históricos e patrimoniais das nosas paisaxes. Tipoloxías arquitectónicas propias das grandes áreas da paisaxe galega. | B3.3. Entender que a paisaxe é un recurso patrimonial, portador de valores que merecen ser preservados. | PSB3.3.1. Identifica e localiza nun mapa fitos, lugares de referencia ou conmemorativos nas paisaxes actuais que son herdanza do pasado. | CSC<br>CD<br>CCEC |
| b<br>e<br>f<br>g<br>h<br>l<br>ñ<br>o | B3.4. Sinais de identidade das paisaxes galegas.<br>– Toponimia. Nomes das paisaxes.<br>– Manifestacións culturais vinculadas ás paisaxes: festas, lendas, e feiras e mercados.<br>– Literatura e paisaxe. | B3.4. Recoñecer que as paisaxes contribúen intensamente na formación da nosa identidade individual e colectiva. | PSB3.4.1. Realiza unha pequena investigación e localiza nun mapa da súa paisaxe próxima topónimos ligados a feitos xeográficos ou ás actividades tradicionais, entre outras. | CAA<br>CSC<br>CCL<br>CD |
| b<br>f<br>g<br>l<br>m<br>ñ | B3.5. Actividades económicas baseadas nos valores culturais e naturais que singularizan o territorio. Fenómeno turístico. Paisaxes como principal activo. | B3.5. Considerar o valor económico das paisaxes, á vez que a súa fraxilidade como recurso, xa que depende dun desenvolvemento sustentable. | PSB3.5.1. Realiza unha pequena investigación sobre a importancia económica das actividades turísticas baseadas nas paisaxes galegas. | CAA<br>CSC<br>CMCCT |
| ▪ | Bloque 4. Paisaxe e calidade de vida. Un dereito da cidadanía | | | ▪ |
| b<br>f<br>g<br>m | B4.1. Paisaxe, saúde e calidade de vida. Influencia das paisaxes no benestar.<br>– Paisaxe e hábitos saudables.<br>– Benestar emocional e mellora da saúde nunha paisaxe de calidade. | B4.1. Entender que a paisaxe está relacionada co benestar e a calidade de vida.<br>▪ | PSB4.1.1. Coñece e valora as posibilidades que ofrece unha paisaxe de calidade para o benestar.<br>PSB4.1.2. Deseña un itinerario sinxelo na súa paisaxe que percorre espazos propicios para o desenvolvemento de actividades físicas e de lecer. | CAA<br>CSC<br>CMCCT |
| b<br>f<br>l<br>m<br>ñ | B4.2. Ordenación, xestión e protección das paisaxes galegas. Convenio Europeo da Paisaxe. | B4.2. Comprender a necesidade da ordenación e da xestión das paisaxes para a súa salvagarda, e formular actuacións sinxelas, encamiñadas á conservación da paisaxe. | PSB4.2.1. Realiza unha pequena investigación e suxire algunha actuación que mellore ou resolva algún impacto na súa paisaxe máis próxima. | CAA<br>CSC<br>CAA |
| a<br>b<br>f<br>g<br>h | B4.3. Participación social na xestión das paisaxes. Exercicio dun dereito. A paisaxe como ben común. | B4.3. Comprender que a paisaxe é un dereito da cidadanía e que require da nosa participación activa. | PSB4.3.1. Argumenta nun debate o seu punto de vista respecto a cuestións relacionadas coa calidade e a conservación da súa paisaxe cotiá. | CAA<br>CSC<br>CCL |

XH - IES GTB

## 3. SECUENCIA E TEMPORALIZACIÓN

Á hora de secuenciar a materia de Paisaxe e Sustentabilidade debemos ter moi presente a natureza complexa da propia paisaxe e as dificultades derivadas do nivel de madurez do alumnado de 1º de ESO. Ademais temos que lembrar que só contamos cunha sesión semanal. Tamén o feito de tratarse dunha asignatura de nova implantación dificulta o traballo, dado que con toda seguridade teremos que enfrontarnos con problemas que agora non podemos prever. Por último, o peso dado ó propio traballo do alumnado (de xeito individual ou grupal) ralentizará o avance, dada a frecuente falta de hábito neste tipo de dinámicas na aula. Polo tanto debemos ser conscientes de que a seguinte previsión é especialmente aberta e flexible, debéndose adaptar ós ritmos de aprendizaxe do alumnado.

A nosa previsión é a seguinte:

1ª avaliación: Bloque 2

2ª avaliación: Bloque 1
3ª avaliación: Bloques 3 e 4.

## 4. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Debido ao peso dos contidos e estándares procedementais, neste caso establecemos o seguinte peso dos distintos instrumentos de avaliación:

1. Probas escritas, centradas na reflexión do alumnado — máximo, 80%
2. Traballos individuais ou en grupo — mínimo, 15%
3. Participación e traballo na aula — máximo, 15%

## 5.- ESTÁNDARES BÁSICOS

O Departamento de Xeografía e Historia recolle os criterios de avaliación ou estándares de aprendizaxe que considera mínimos ou básicos para a superación desta materia da súa competencia no nivel de ESO no ANEXO II desta Programación Didáctica. Isto implica que ditos criterios e estándares haberán ser a base sobre a que se deseñarán as probas extraordinarias de xuño ou setembro e a atención ao alumnado con materias pendentes.
Nas páxinas do ANEXO II insírense a mesma táboa empregada nesta Programación Didáctica para relacionar obxectivos, contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe, pero iluminando con cor azul aqueles criterios e estándares que, como acabamos de explicar, consideramos básicos ou fundamentais para a superación da materia.

## 6. ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS, MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Desde o curso escolar 2018-19 a materia de Paisaxe e Sustentabilidade está integrada no noso centro no programa EDIXGAL. Tanto na metodoloxía como nos materiais empregados terán importante presencia as TICs e os recursos en internet (especialmente Google Earth, Google Maps, etc.). Tamén serán de utilidade os materiais elaborados polo COAG (nomeadamente, os recollidos baixo o título PAGUS).

Pola natureza repetidamente exposta desta materia resulta evidente que a metodoloxía ha ser activa, fomentando a participación e a aportación do alumnado. Así, propoñeranse exercicios e traballos individuais e en grupo e a presentación dos mesmos (exposicións orais).

XH - IES GTB

## 2. TÉCNICAS DE

## COMENTARIO DE TEXTOS HISTÓRICOS

## Materia de libre configuración de Centro

## 1º de Bacharelato

XH - IES GTB

## 1. Introdución

O comentario de textos históricos é esencial para o coñecemento e a comprensión do mundo actual. Non menos importante é o seu carácter formativo, xa que desenvolve capacidades e técnicas intelectuais propias do pensamento abstracto e formal, tales como a observación, a análise, a interpretación, a capacidade de comprensión e o sentido crítico. O coñecemento da Historia a través das fontes contribúe decisivamente á formación de cidadáns e cidadás responsables, conscientes dos seus dereitos e das súas obrigas, así como da herdanza recibida e do seu compromiso coas xeracións futuras.

A partir dos contidos, dos criterios de avaliación e dos estándares de aprendizaxe avaliables desta materia preténdese o desenvolvemento persoal, intelectual e social do alumnado. Todas as actividades propostas queren **favorecer a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo, para traballar en equipo e individualmente e para actuar con espírito crítico**. O seu estudo deberá contribuír a fomentar unha especial sensibilidade cara á sociedade do presente e a súa problemática, que anime a adoptar unha actitude responsable e solidaria coa defensa da liberdade, a igualdade entre homes e mulleres, os dereitos humanos, a non discriminación e os valores democráticos.

Débense desenvolver conceptos, pero fundamentalmente **procedementos do traballo práctico da disciplina**, cun **vocabulario** científico que requirirá **rigor** e espírito de traballo, exposicións, correcta ortografía e **expresión** que lle permitan ao alumnado establecer os seus **razoamentos e argumentacións**.

A través do comentario de textos de Historia, os/as estudantes deberán adquirir determinados valores e hábitos de comportamento, especialmente a **actitude crítica cara ás fontes**, o recoñecemento da diversidade ou a **valoración do patrimonio cultural e histórico recibido**.

A materia é rica en achegas ao **coñecemento competencial**. As competencias clave sociais e cívicas, e as de conciencia e expresións culturais reciben un tratamento moi específico relacionado cos contidos que son propios da Historia. Ademais, as competencias lingüística, dixital e de aprender a aprender están presentes de maneira constante na súa vertente máis instrumental e deben impregnar todo o que sexa posible o desenvolvemento curricular da materia.

O tratamento metodolóxico da materia débese axustar ao nivel competencial inicial do alumnado, respectando ritmos e estilos de aprendizaxe que teñan en conta a atención á diversidade.

A materia de **técnicas de comentario de textos históricos** profundiza precisamente nos aspectos máis prácticos e específicos do estudo da Historia, na **capacidade de relación, análise e síntese, reflexión**, etc. Baseámonos na **análise de diferentes fontes de información**, entre as que destacan os documentos escritos. Por iso é conveniente que o alumnado se achegue a estes materiais para traballar con eles aplicando as técnicas propias da ciencia da Historia, especialmente a análise/síntese e o comentario.

Ademáis esta materia ten unha **clara orientación propedéutica**, xa que proporciona ao alumnado ferramentas que poderá aplicar ao estudo de outras materias e especialmente ás de segundo de Bacharelato. A través dun comentario de texto é como mellor pode demostrar o alumnado a súa **madurez**.

O comentario é un traballo moi persoal; non existen receitas únicas para aplicar de modo mecánico, pero durante o curso proporcionaranse unha serie de técnicas e orientacións que faciliten o seu desenvolvemento.

## 2. Relación cos obxectivos do Bacharelato

Consideramos que esta materia está especialmente relacionada aos seguintes obxectivos do Bacharelato:

b) Consolidar unha madurez persoal e social que lles permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe, e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e mellora da súa contorna social.

j) Comprender os elementos e procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos.

k) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

**3. Relación coas competencias**

*Comunicación lingüística (CCL). Aprender a aprender (CAA).*

O traballo destas dúas competencias é evidentemente a base fundamental da materia. É básico desenvolver unha lectura comprensiva e eficaz, para marcar o camiño máis axeitado e poder despois desenvolver o comentario. O rigor e a claridade na exposición das ideas será primordial.

*Competencia dixital (CD).*

No século XXI non podemos deixar de lado esta competencia; fomentarase a procura de información así como a presentación da produción do alumnado en soporte dixital.

*Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).*

Tanto o traballo en equipo como o traballo individual requiren do desenvolvemento desta competencia; métodos de traballo ambos que deben basearse na responsabilidade individual e colectiva.

*Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)*
*Competencias sociais e cívicas (CSC)*
*Conciencia e expresións culturais (CCEC)*

Os contidos tratados nos documentos comentados e nalgúns casos o seu formato (táboas estatísticas, gráficas, obras arquitectónicas, pictóricas, escultóricas, musicais, cinematográficas, etc., que son auténticos documentos históricos…) favorecerán o tratamento das tres competencias aquí reunidas.

## 4. TÁBOA DE RELACIÓN ENTRE OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE

| | **Técnicas de comentario de textos históricos. 1º Bacharelato.** | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | **Bloque 1. O comentario de textos históricos: conceptos básicos** | | | |
| ▪ D<br>▪ e<br>▪ j | ▪ 1. Os pasos previos á redacción do comentario: lectura comprensiva, subliñado, realización de esquemas | ▪ Determinar os pasos previos necesarios para a realiza-ción do comentario<br>▪ Subliñar distintos textos de xeito eficaz<br>▪ Identificar o tema dos textos<br>▪ Discernir ideas principais e secundarias | ▪ C.T.1.1.1 Ordea os pasos previos necesarios para a realización do comentario de textos<br>▪ C.T.1.1.2 Subliña os textos de xeito eficaz<br>▪ C.T.1.1.3 Identifica o tema dos textos<br>▪ C.T.1.1.4 Discirne ideas principais e secundarias | ▪ CAA<br>▪ CCL |
| ▪ D<br>▪ e<br>▪ j | ▪ 2. Fases do comentario: introdución; ideas principais e secundarias e relación (contexto, procesos similares, causas ou consecuencias,…); conclusión | ▪ Diferenciar as fases que se deben completar para a realización do comentario | ▪ C.T.1.2.1 Diferencia as fases necesarias para completar un comentario | ▪ CAA<br>▪ CCL |
| ▪ D<br>▪ e<br>▪ j | ▪ 3. Os erros a evitar: repetir, parafrasear, empregar o texto como pretexto para a exposición teórica… | ▪ Identificar os erros a evitar: repeticións, paráfrases, em-prego do texto como pretex-to para a exposición teórica | ▪ C.T.1.3.1 Identifica os erros máis habituais nos comentarios: repetición, paráfrase, emprego do texto como pretexto para a exposición teórica | ▪ CAA<br>▪ CCL |
| | **Bloque 2. O comentario de textos históricos: a redacción do comentario** | | | |
| ▪ D<br>▪ e<br>▪ j | ▪ 1. A xerarquización e a análise das ideas reflectidas nos documentos | ▪ Analizar, xerarquizar e comentar as ideas reflectidas nos documentos | ▪ C.T.2.1.1 Xerarquiza correctamente as ideas reflectidas nos documentos<br>▪ C.T.2.1.2 Analiza as ideas reflectidas nos documentos e coméntaas, relacionándoas entre si | ▪ CAA<br>▪ CCL |
| ▪ B<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ j<br>▪ k | ▪ 2. O contexto | ▪ Obter, seleccionar e analizar información escrita e gráfica relevante, que permita explicar os procesos históricos reflectidos nos documentos, seleccionándoa das fontes primarias ou secundarias, bibliográficas ou online nas que se encontre dispoñible. | ▪ C.T.2.2.1 Obtén, selecciona e analiza información relevante sobre o contexto dos feitos ou procesos históricos reflectidos nos documentos<br>▪ C.T.2.2.2 Relaciona as ideas reflectidas nos documentos co seu contexto | ▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CD<br>▪ CSIEE |

| | Técnicas de comentario de textos históricos. 1º Bacharelato. | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ D<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ j | ▪ 3. A redacción e a expresión | ▪ Redactar o comentario con corrección, empregando un vocabulario rigoroso e unha expresión correcta | ▪ C.T.2.3.1 Redacta correctamente o comentario<br>▪ C.T.2.3.2 Emprega con rigor o vocabulario específico necesario<br>▪ C.T.2.3.3 Exprésase con corrección | ▪ CAA<br>▪ CCL |
| | **Bloque 3. O comentario de textos históricos: a presentación dos resultados** | | | |
| ▪ D<br>▪ j<br>▪ k | ▪ 1. A presentación en papel | ▪ Presentar o comentario con pulcritude e respectando os prazos fixados | ▪ C.T.3.1.1 Presenta o comentario con pulcritude e respecta os prazos fixados | ▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| ▪ D<br>▪ e<br>▪ j<br>▪ k | ▪ 2. A presentación en soporte dixital | ▪ Presentar o comentario en arquivo informático respectando as normas de uso habitual para os procesadores de texto | ▪ C.T.3.2.1 Presenta o comentario en arquivo informático respectando as normas de uso habitual para os procesadores de texto (xustificación, paxinación...) | ▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CSIEE |
| ▪ D<br>▪ e<br>▪ j<br>▪ k | ▪ 3. A presentación oral | ▪ Presentar o comentario oralmente<br>▪ Empregar elementos de apoio (encerado tradicional ou dixital, presentación en PowerPoint ou similar...) para a presentación oral dos resultados | ▪ Presenta o comentario oralmente con eficacia<br>▪ Emprega elementos de apoio (encerado tradicional ou dixital, presentación en PowerPoint ou similar...) para a presentación oral dos resultados | ▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CSIEE |
| | **Bloque 4. Avaliación** | | | |
| ▪ B<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ j<br>▪ k | ▪ 1. O portfolio | ▪ Organizar con eficacia un portfolio que recolla as aprendizaxes e os procesos realizados durante o curso<br>▪ Presentar axeitadamente as actividades ou traballos realizados | ▪ C.T.4.1.1 Realiza un portfolio en el que se recollen tanto as actividades ou traballos realizados como un diario de aula | ▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CSIEE |
| ▪ B<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ k | ▪ 2. A autoavaliación | ▪ Realizar unha autoavaliación reflexiva das aprendizaxes acadadas a nivel competencial | ▪ C.T.4.2.1 Realiza unha autoavaliación reflexiva das aprendizaxes individuais acadadas a nivel competencial | ▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CSIEE |

XH - IES GTB

## 5. SECUENCIA E TEMPORALIZACIÓN

Á hora de secuenciar esta materia debemos ter moi presentes a dificultade do nivel competencial que esixe a realización eficaz dun comentario de texto en relación co grao de madurez e de coñecementos teóricos do alumnado. Ademais temos que lembrar que só contamos cunha sesión semanal. Tamén o feito de tratarse dunha asignatura de nova implantación dificulta o traballo, dado que con toda seguridade teremos que enfrontarnos con problemas que agora non podemos prever. Por último, o peso dado ó propio traballo do alumnado (de xeito individual ou grupal) ralentizará o avance, dada a frecuente falta de hábito neste tipo de dinámicas na aula. Polo tanto debemos ser conscientes de que a seguinte previsión é especialmente aberta e flexible, debéndose adaptar ós ritmos de aprendizaxe do alumnado e á dinámica da aula.

A peculiaridade da materia fai que desde a primeira avaliación se toquen todos os bloques, profundizando neles paulatinamente. Somente reservaremos o apartado 3.2. para a 2ª avaliación e o 3.3. para a 3ª.

## 6. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Debido ao peso dos contidos e estándares procedementais, neste caso establecemos a seguinte correspondencia entre instrumentos de avaliación e criterios de calificación:

| | | |
|---|---|---|
| 1. | Exercicios prácticos | máximo, 50% |
| 2. | Traballos individuais ou en grupo; portfolio | mínimo, 50% |
| 3. | Participación e traballo na aula | máximo, 15% |

Para a avaliación destes aspectos empregaranse listas de control, rúbricas e diarios de observación.

## 7.- ESTÁNDARES BÁSICOS.

O Departamento de Xeografía e Historia recolle os criterios de avaliación ou estándares de aprendizaxe que considera mínimos ou básicos para a superación desta materia da súa competencia no nivel de Bacharelato no ANEXO II desta Programación Didáctica. Isto implica que ditos criterios e estándares haberán ser a base sobre a que se deseñarán as probas extraordinarias de xuño ou setembro e a atención ao alumnado con materias pendentes.

Nas páxinas do ANEXO II insírense a mesma táboa empregada nesta Programación Didáctica para relacionar obxectivos, contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe, pero iluminando con cor azul aqueles criterios e estándares que, como acabamos de explicar, consideramos básicos ou fundamentais para a superación da materia.

## 8. ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS, MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Pola natureza repetidamente exposta desta materia resulta evidente que a metodoloxía ha ser activa, fomentando a participación e a aportación do alumnado. Así, propoñeranse exercicios e traballos individuais e en grupo e a presentación dos mesmos (exposicións orais). Os materiais e recursos didácticos consistirán en sínteses teóricas sobre a técnica do comentario de textos e unha selección de textos para traballar que serán especificamente realizados polo

XH-IES GTB

# 3. AMPLIACIÓN DE HISTORIA DE ESPAÑA

## Materia de libre configuración de Centro

## 2º de Bacharelato

XH - IES GTB

## 1.- INTRODUCIÓN

A inclusión da materia de *Ampliación de Historia de España* na nosa oferta educativa responde ás necesidades plantexadas no desenvolvemento práctico da asignatura común da *Historia de España*, hoxe obrigatoria nas probas ABAU. Co este fin, o enfoque da asignatura terá, por conseguinte, un contido fundamentalmente práctico baseado no traballo da composición de texto.
Dende o punto de vista curricular incluiranse todos aqueles criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe da *Historia de España* que impliquen un traballo máis práctico (comentarios de texto, liñas do tempo, traballos de investigación...) por parte do alumnado.
Polo que se refire aos contidos que se traballarán, estes enfocaranse aos referidos nos bloque 5 a 12. Neste senso, cinquirémonos ás directrices da CIUG que centran a parte práctica do exame ABAU na composición de texto nos séculos XIX-XX.

## 2.- CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE. RELACIÓN COAS COMPETENCIAS E OS OBXECTIVOS (obxectivos do bacharelato, enunciados no apartado 2.- de 1º de bach.).

| Ampliación Historia de España. 2º de bacharelato | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 0: Como se escribe a Historia. Criterios comúns | | | |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ l, m | ▪ B0.1. Método histórico. Fontes e perspectivas. | ▪ B0.1. Localizar fontes primarias (históricas) e secundarias (historiográficas) en bibliotecas, internet, etc., e extraer información salientable sobre o tratado, valorando criticamente a súa fiabilidade. | ▪ HEB0.1.1. Procura información de interese (en libros e internet) sobre a importancia cultural e artística dun personaxe historicamente salientable, un feito ou un proceso histórico, e elabora unha breve exposición. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE<br>▪ CCEC |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B0.2. Análise e comentario de fontes. | ▪ B0.2. Elaborar mapas e liñas de tempo, localizando as fontes adecuadas, utilizando os datos proporcionados ou servíndose dos coñecementos xa adquiridos. | ▪ HEB0.2.1. Representa unha liña do tempo situando nunha ringleira os principais acontecementos relativos a determinados feitos ou procesos históricos. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| ▪ h<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B0.3. Utilidade das fontes. | ▪ B0.3. Comentar e interpretar fontes primarias (históricas) e secundarias (historiográficas), relacionando a súa información cos coñecementos previos. | ▪ HEB0.3.1. Responde a cuestións propostas a partir de fontes históricas e historiográficas. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| | Bloque 5. A crise do Antigo Réxime (1788-1833): Liberalismo fronte a Absolutismo | | | |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ p | ▪ B5.1. Impacto da Revolución Francesa: relacións entre España e Francia; Guerra da Independencia. | ▪ B5.1. Analizar as relacións entre España e Francia desde a Revolución Francesa ata a Guerra da Independencia, e especificar en cada fase os principais acontecementos e as súas repercusións para España. | ▪ HEB5.1.2. Describe a Guerra da Independencia: as súas causas, a composición dos bandos en conflito e o desenvolvemento dos acontecementos. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ p | ▪ B5.2. Primeiro intento de revolución liberal, Cortes de Cádiz e Constitución de 1812. | ▪ B5.2. Comentar o labor lexislador das Cortes de Cádiz, en relación co ideario do liberalismo. | ▪ HEB5.2.1. Compara as Cortes de Cádiz coas estamentais do Antigo Réxime. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HEB5.2.2. Comenta as características esenciais da Constitución de 1812. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CAA |

| Ampliación Historia de España. 2º de bacharelato | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ p | ▪ B5.3. Reinado de Fernando VII: restauración do absolutismo; trienio liberal; reacción absolutista. | ▪ B5.3. Describir as fases do reinado de Fernando VII, e explicar os principais feitos de cada unha. | ▪ HEB5.3.1. Detalla as fases do conflito entre liberais e absolutistas durante o reinado de Fernando VII. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB5.3.3. Representa unha liña do tempo desde 1788 ata 1833 e sitúa nela os principais acontecementos históricos. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| | Bloque 6. A conflitiva construción do Estado liberal (1833-1874) | | | |
| ▪ D<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ p | ▪ B6.1. O carlismo como derradeiro bastión absolutista: ideario e apoios sociais; as dúas primeiras guerras carlistas. | ▪ B6.1. Describir o fenómeno do carlismo como resistencia absolutista fronte á revolución liberal, analizando os seus compoñentes ideolóxicos, as súas bases sociais, a súa evolución no tempo e as súas consecuencias. | ▪ HEB6.1.1. Identifica o ámbito xeográfico do carlismo e explica o seu ideario e os seus apoios sociais. | ▪ CAA<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB6.1.3. Representa unha liña do tempo desde 1833 ata 1874 e sitúa nela os principais acontecementos históricos. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| ▪ D<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ p | ▪ B6.2. Triunfo e consolidación do liberalismo no reinado de Isabel II: primeiros partidos políticos; protagonismo político dos militares; lexislación económica de signo liberal; nova sociedade de clases. | ▪ B6.2. Analizar a transición definitiva do Antigo Réxime ao réxime liberal burgués durante o reinado de Isabel II, explicar o protagonismo dos militares e especificando os cambios políticos, económicos e sociais. | ▪ HEB6.2.1. Describe as características dos partidos políticos que xurdiron durante o reinado de Isabel II. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB6.2.2. Resume as etapas da evolución política do reinado de Isabel II desde a súa minoría de idade, e explica o papel dos militares. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ D<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i | ▪ B6.3. Proceso constitucional. | ▪ B6.3. Explicar o proceso constitucional durante o reinado de Isabel II, en relación coas correntes ideolóxicas dentro do liberalismo e a súa loita polo poder. | ▪ HEB6.3.1. Compara o Estatuto Real de 1834 e as Constitucións de 1837 e 1845. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ p | ▪ B6.4. Sexenio Democrático: revolución de 1868 e caída da monarquía isabelina; procura de alternativas políticas e monarquía de Amadeo I; primeira República; guerra de Cuba, terceira guerra carlista e insurrección cantonal. | ▪ B6.4. Explicar o Sexenio Democrático como período de procura de alternativas democráticas á monarquía isabelina, especificando os grandes conflitos internos e externos que desestabilizaron o país. | ▪ HEB6.4.1. Explica as etapas políticas do Sexenio Democrático. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB6.4.2. Describe as características esenciais da Constitución democrática de 1869. | ▪ CCL<br>▪ CSC |

| Ampliación Historia de España. 2º de bacharelato | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ p | ▪ B6.5. Inicios do movemento obreiro español: condicións de vida da poboación obreira e labrega; a Asociación Internacional de Traballadores e o xurdimento das correntes anarquista e socialista. | ▪ B6.5. Describir as condicións de vida das clases traballadoras e os inicios do movemento obreiro en España, en relación co desenvolvemento do movemento obreiro internacional. | ▪ HEB6.5.1. Relaciona a evolución do movemento obreiro español durante o Sexenio Democrático coa do movemento obreiro internacional. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| | Bloque 7. A Restauración Borbónica: implantación e afianzamento dun novo sistema político (1874-1902) | | | |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ p | ▪ B7.1. Teoría e realidade do sistema canovista: inspiración no modelo inglés; a Constitución de 1876 e o bipartidismo; quenda de partidos, caciquismo e fraude electoral. | ▪ B7.1. Explicar o sistema político da Restauración, distinguindo a súa teoría e o seu funcionamento real. | ▪ HEB7.1.1. Explica os elementos fundamentais do sistema político ideado por Cánovas. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB7.1.2. Especifica as características esenciais da Constitución de 1876. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB7.1.3. Describe o funcionamento real do sistema político da Restauración. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ p | ▪ B7.2. Oposición ao sistema: catalanismo, nacionalismo vasco, rexionalismo galego e movemento obreiro. | ▪ B7.2. Analizar os movementos políticos e sociais excluídos do sistema, especificando a súa evolución durante o período estudado. | ▪ HEB7.2.1. Resume a orixe e a evolución do catalanismo, o nacionalismo vasco e o rexionalismo galego. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ HEB7.2.2. Analiza as correntes ideolóxicas do movemento obreiro e labrego español, así como a súa evolución durante o derradeiro cuarto do século XIX. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i | ▪ B7.4. Perda das derradeiras colonias e crise de 1898: guerra de Cuba e con Estados Unidos; Tratado de París; rexeneracionismo. | ▪ B7.4. Explicar o desastre colonial e a crise do 98, identificando as súas causas e as súas consecuencias. | ▪ HEB7.4.2. Sinala os principais feitos do desastre colonial de 1898 e as consecuencias territoriais do Tratado de París. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB7.4.3. Especifica as consecuencias para España da crise do 98 nos ámbitos económico, político e ideolóxico. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| | Bloque 8. Continuidade e transformacións económicas no século XIX: un desenvolvemento insuficiente | | | |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B8.2. Economía española no XIX: agricultura protexida e estancada (efectos | ▪ B8.2. Analizar os sectores económicos e especificar a situación herdada, as transformacións de signo | ▪ HEB8.2.1. Explica os efectos económicos das desamortizacións de Mendizábal e Madoz. | ▪ CCL<br>▪ CSC |

| Ampliación Historia de España. 2º de bacharelato | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ i<br>▪ l<br>▪ p | das desamortizacións; baixos rendementos); deficiente industrialización (industria téxtil catalá, siderurxia e a minaría); dificultades dos transportes (condicionamentos xeográficos; rede de ferrocarrís); comercio (proteccionismo fronte a librecambismo); finanzas (a peseta como unidade monetaria; desenvolvemento da banca moderna; problemas da Facenda; investimentos estranxeiros. O caso galego. | liberal e as consecuencias que se derivan delas. | ▪ HEB8.2.2. Especifica as causas dos baixos rendementos da agricultura española do século XIX. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB8.2.3. Describe a evolución da industria téxtil catalá, a siderurxia e a minaría ao longo do século XIX. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB8.2.6. Explica os obxectivos da rede ferroviaria e as consecuencias da lei xeral de ferrocarrís de 1855. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | Bloque 9. A crise do sistema da Restauración e a caída da monarquía (1902-1931) | | | |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ p | ▪ B9.1. Intentos de modernización do sistema: revisionismo político dos primeiros gobernos de Afonso XIII; oposición de republicanos e nacionalistas cataláns, vascos, galegos e andaluces. | ▪ B9.1. Relacionar o rexeneracionismo xurdido da crise do 98 co revisionismo político dos primeiros gobernos, e especificar as súas actuacións máis importantes. | ▪ HEB9.1.1. Define en que consistiu o revisionismo político inicial do reinado de Afonso XIII, e as principais medidas adoptadas. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i | ▪ B9.2. Quebra do sistema: impacto dos acontecementos exteriores (intervención en Marrocos; I Guerra Mundial; Revolución Rusa); crecente axitación social (Semana Tráxica de Barcelona; crise xeral de 1917; "trienio bolchevique" en Andalucía). | ▪ B9.2. Analizar as causas da quebra do sistema político da Restauración e identificar os factores internos e os externos. | ▪ HEB9.2.1. Especifica a evolución das forzas políticas de oposición ao sistema: republicanos e nacionalistas. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB9.2.4. Analiza a crise xeral de 1917: as súas causas, manifestacións e consecuencias. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i | ▪ B9.3. Ditadura de Primo de Rivera: directorio militar e directorio civil; remate da guerra de | ▪ B9.3. Explicar a ditadura de Primo de Rivera como solución autoritaria á crise do sistema, e describir as súas características, etapas e | ▪ HEB9.3.2. Describe a evolución da ditadura de Primo de Rivera, desde o directorio militar ao directorio civil e o seu remate. | ▪ CCL<br>▪ CSC |

XH-IESGTB

| Ampliación Historia de España. 2º de bacharelato | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Marrocos; caída da ditadura; afundimento da monarquía. | actuacións. | | |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ p | ▪ B9.4. Crecemento económico e cambios demográficos no primeiro terzo do século: efectos da Guerra Mundial na economía española; intervencionismo estatal da ditadura; transición ao réxime demográfico moderno; movementos migratorios; transvasamento de poboación da agricultura á industria. | ▪ B9.4. Explicar a evolución económica e demográfica no primeiro terzo do século XX, en relación coa situación herdada do século XIX. | ▪ HEB9.4.1. Analiza os efectos da I Guerra Mundial sobre a economía española. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB9.4.2. Describe a política económica da ditadura de Primo de Rivera. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | Bloque 10. A II República. A Guerra Civil nun contexto de crise internacional (1931-1939) | | | |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i | ▪ B10.1. A II República como solución democrática ao afundimento do sistema da Restauración. | ▪ B10.1. Explicar a II República como solución democrática ao afundimento do sistema político da Restauración, enmarcándoa no contexto internacional de crise económica e conflitividade social. | ▪ HEB10.1.1. Explica as causas que levaron á proclamación da II República e relaciona as súas dificultades coa crise económica mundial dos anos 30. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB10.1.2. Diferencia as forzas de apoio e oposición á República nos seus comezos, e describe as súas razóns e as principais actuacións. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ p | ▪ B10.2. Evolución política durante a II República: bienio reformista (Constitución de 1931; política de reformas; Estatuto de Cataluña; forzas de oposición á República); bienio radical-cedista (política restauradora e radicalización popular; revolución de Asturias); Fronte Popular (primeiras actuacións do Goberno; preparación do golpe militar). | ▪ B10.2. Diferenciar as etapas da República ata o comezo da Guerra Civil, especificando os feitos e as actuacións principais en cada unha. | ▪ HEB10.2.1. Resume as reformas impulsadas durante o bienio reformista da República. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB10.2.2. Especifica as características esenciais da Constitución de 1931. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ b<br>▪ d | ▪ B10.3. Guerra Civil: sublevación e | ▪ B10.3. Analizar a Guerra Civil, identificando as súas causas e | ▪ HEB10.3.1. Especifica os antecedentes da Guerra Civil. | ▪ CCL<br>▪ CSC |

XH - IES GTB

| Ampliación Historia de España. 2º de bacharelato | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ p | desenvolvemento da guerra; dimensión internacional do conflito; evolución das dúas zonas; consecuencias da guerra. | as consecuencias, a intervención internacional e o curso dos acontecementos nas dúas zonas. | ▪ HEB10.3.2. Relaciona a Guerra Civil española co contexto internacional. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| | Bloque 11. A ditadura franquista (1939-1975) | | | |
| ▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ p | ▪ B11.1. Características e evolución do franquismo: postguerra (grupos ideolóxicos e apoios sociais do franquismo; oscilantes relacións co exterior; configuración política do novo Estado; represión política; autarquía económica); anos do "desenvolvemento" (plans de desenvolvemento e o crecemento económico; transformacións sociais; reafirmación política do réxime; política exterior; crecente oposición ao franquismo); fin do franquismo (inestabilidade política; dificultades exteriores; efectos da crise económica internacional de 1973). | ▪ B11.1. Analizar as características do franquismo e a súa evolución no tempo e especificar as transformacións políticas, económicas e sociais que se produciron, en relación coa cambiante situación internacional. | ▪ HEB11.1.1. Elabora un esquema cos grupos ideolóxicos e os apoios sociais do franquismo na súa etapa inicial. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB11.1.2. Diferencia etapas na evolución de España durante o franquismo, e resume os trazos esenciais de cada unha. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB11.1.3. Explica a organización política do Estado franquista. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB11.1.4. Explica as relacións exteriores, a evolución política e a situación económica de España desde o remate da Guerra Civil ata 1959. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB11.1.5. Explica as relacións exteriores, a evolución política e as transformacións económicas e sociais de España desde 1959 ata 1973. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB11.1.6. Especifica as causas da crise final do franquismo desde 1973. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB11.1.7. Relaciona a evolución política do réxime cos cambios que se producen no contexto internacional. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HEB11.1.8. Explica a política económica do franquismo nas súas etapas e a evolución económica do país. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB11.1.10. Especifica os grupos de oposición política ao réxime franquista e comenta a súa evolución no tempo. | ▪ CCL<br>▪ CSC |

| Ampliación Historia de España. 2º de bacharelato | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | ▪ HEB11.1.11. Representa unha liña do tempo desde 1939 ata 1975, e sitúa nela os principais acontecementos históricos. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| | Bloque 12. Normalización democrática de España e integración en Europa (desde 1975) | | | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ p | ▪ B12.1. Transición á democracia: crise económica mundial; alternativas políticas ao franquismo, continuísmo, reforma ou ruptura; o papel do Rei; a lei para a reforma política; primeiras eleccións democráticas. | ▪ B12.1. Describir as dificultades da transición á democracia desde o franquismo nun contexto de crise económica, e explicar as medidas que permitiron a celebración das primeiras eleccións democráticas. | ▪ HEB12.1.1. Explica as alternativas políticas que se propuñan tras a morte de Franco, e quen defendía cada unha. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HEB12.1.3. Describe as actuacións impulsadas polo presidente de Goberno Adolfo Suárez para a reforma política do réxime franquista: lei para a reforma política de 1976, lei de amnistía de 1977, etc. | ▪ CC<br>▪ CSC |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ p | ▪ B12.2. Período constituínte: Pactos da Moncloa; preautonomías de Cataluña e o País Vasco; Constitución de 1978 e Estado das autonomías. O caso de Galicia. | ▪ B12.2. Caracterizar o novo modelo de Estado democrático establecido na Constitución de 1978, especificando as actuacións previas encamiñadas a alcanzar o máis amplo acordo social e político. | ▪ HEB12.2.1. Explica o proceso de elaboración e aprobación da Constitución de 1978 e as súas características esenciais. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i | ▪ B12.3. Gobernos constitucionais: problema do terrorismo; golpe de Estado frustrado de 1981; ingreso na OTAN; plena integración en Europa. | ▪ B12.3. Analizar a evolución económica, social e política de España desde o primeiro Goberno constitucional de 1979 ata a aguda crise económica iniciada en 2008, sinalando as ameazas máis salientables ás que se enfronta e os efectos da plena integración en Europa. | ▪ HEB12.3.1. Elabora un esquema coas etapas políticas desde 1979 ata a actualidade, segundo o partido no poder, e sinala os principais acontecementos de cada unha delas. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC |

**3.- SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN.**

O traballo paulatino da composición de texto require unha aprendizaxe que vai dende un comentario sinxelo ata a adquisición de destrezas que permitan o desenvolvemento máis elaborado dunha composición de texto. Será o/a profesor/a quen determine o paso dun tipo de práctica ou procedemento a outro e virá determinado polos ritmos de aprendizaxe do alumnado e da propia dinámica da aula.

A secuenciación vincúlase à asignatura común de referencia o que implicará o traballo inicial do bloque 0 máis xenérico para continuar cos bloques 5 a 12 dos contidos dos séculos XIX e XX.

**4.- PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.**

Será obxecto de avaliación as producións propias:

- Elaboración e entrega de traballos de investigación, realización de comentarios-composicións de texto, estudos comparativos de épocas..
- Traballo diario na aula: participacións e intervencións

**5.- CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.**

A propia denominación de *Ampliación* implica que a materia se integre na *Historia de España* que, a efectos de cualificación, supoñerá ata un máximo dun 20% sobre a nota da asignatura común. A cualificación realizarase mediante valoración da tarea multifacética dun portfolio atendendo a unha rúbrica de contidos, expresión escrita..

**6.- CUESTIÓNS A CONSIDERAR.**

Tendo en conta que será este curso 2018/2019 no que se imparta por vez primeira esta materia, cara aos anos vindeiros, teremos que ir dando resposta e, en moitos casos subsanando, algunhas das cuestións que a posta en marcha e a propia práctica docente nos vaia proporcionando

XH - IES GTB

# V. INDICADORES DE LOGRO.

# MODIFICACIÓNS NA PROGRAMACIÓN

XH - IES GTB

## 1.- INDICADORES DE LOGRO: AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE E DA PROGRAMACIÓN

A análise e avaliación tanto da práctica docente como da programación son un paso fundamental na mellora do proceso de ensino-aprendizaxe. Este Departamento de Xeografía e Historia exercerá o control e a análise da súa programación nas reunións mantidas como mínimo cunha periodicidade mensual. Ademais, realizarase unha revisión máis extensa ao remate de cada avaliación, e as conclusións achegadas servirán para modificar a programación para o curso seguinte. Procurarase aplicar as táboas presentadas a continuación como elementos que provoquen unha reflexión máis extensa que a simple resposta 4/3/2/1 ás cuestións propostas.

Para analizar a práctica docente e avaliar a eficacia da programación empregaremos os seguintes indicadores:

### A. AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE

| Indicadores | | Escala | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | 4 | 3 | 2 | 1 |
| 1 | O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado | | | | |
| 2 | Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado | | | | |
| 3 | Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado | | | | |
| 4 | Mantívose un contacto periódico coa familia por pare do profesorado | | | | |
| 5 | Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE | | | | |
| 6 | Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE | | | | |
| 7 | Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado | | | | |
| 8 | Usáronse distintos instrumentos de avaliación | | | | |
| 9 | Dáse un peso real á observación do traballo na aula | | | | |
| 10 | Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo | | | | |
| 11 | Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado | | | | |
| 12 | Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa | | | | |
| 13 | Elabóranse e propóñense actividades atendendo á diversidade | | | | |
| 14 | Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE | | | | |
| 15 | Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar | | | | |
| 16 | Combínase o traballo individual e en grupo | | | | |
| 17 | Poténcianse estratexias de animación á lectura | | | | |
| 18 | Poténcianse estratexias de comprensión oral | | | | |
| 19 | Poténcianse estratexias de expresión oral | | | | |
| 20 | Poténcianse estratexias de comprensión escrita | | | | |
| 21 | Poténcianse estratexias de expresión escrita | | | | |
| 22 | Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino-aprendizaxe | | | | |
| 23 | Préstase atención aos elementos transversais vinculados aos estándares | | | | |
| 24 | Ofrécense ao alumnado os resultados das probas / traballos, etc., de forma rápida | | | | |
| 25 | Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc. | | | | |
| 26 | Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros | | | | |
| 27 | Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación | | | | |
| 28 | Aplicación e adecuación das ACS propostas e aprobadas | | | | |
| 29 | Vincúlanse claramente as medidas de apoio, reforzo, etc., aos estándares | | | | |
| 30 | Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación... | | | | |

*NOTA: 4 = sempre / moito; 3 = con frecuencia / bastante; 2 = en poucas ocasións / pouco; 1= nunca / nada.

XH-IESGTB

## B. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN

| Indicadores | | Escala | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | 4 | 3 | 2 | 1 |
| 1 | Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos aos elementos do currículo | | | | |
| 2 | Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos | | | | |
| 3 | O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e á temporalización previstas | | | | |
| 4 | Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos | | | | |
| 5 | Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar | | | | |
| 6 | Adecuación da asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación | | | | |
| 7 | Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación | | | | |
| 8 | Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver | | | | |
| 9 | Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o Departamento | | | | |
| 10 | Adecuación da secuencia de traballo na aula | | | | |
| 11 | Adecuación dos materiais didácticos empregados | | | | |
| 12 | Adecuación do libro de texto | | | | |
| 13 | Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado | | | | |
| 14 | Adecuación da proba de avaliación inicial, en relación coas competencias | | | | |
| 15 | Adecuación da proba de avaliación inicial, en relación cos estándares | | | | |
| 16 | Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua (probas, traballos...) | | | | |
| 17 | Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación parcial | | | | |
| 18 | Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final | | | | |
| 19 | Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria | | | | |
| 20 | Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento do alumnado con materias pendentes | | | | |
| 21 | Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación das materias pendentes | | | | |
| 22 | Adecuación das probas ao valor dos estándares | | | | |
| 23 | Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. aos estándares | | | | |
| 24 | Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE | | | | |
| 25 | Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas | | | | |
| 26 | Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre estándares, criterios e instrumentos de avaliación | | | | |
| 27 | Adecuación dos mecanismos de información ás familias sobre criterios de cualificación | | | | |
| 28 | Seguimento e revisión da programación ao longo do curso | | | | |
| 29 | Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro | | | | |
| 30 | Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia | | | | |

*NOTA: 4 = sempre / moito / moi bo; 3 = con frecuencia / bastante / bo; 2 = en poucas ocasións / pouco / regular; 1= nunca / nada / malo.

XH IES GTB

**2.- MODIFICACIÓNS NA PROGRAMACIÓN CON RESPECTO AO CURSO 2017-18.**

Con independencia dos cambios anuais que veñen obrigados pola dinámica da administración educativa, este Departamento introduce, curso a curso, modificacións concretas na programación, como resultado do contraste entre a programación proposta no inicio do curso e a realidade práctica no traballo da aula. En cada remate de curso, faise constar un resumo destas modificacións na memoria preceptiva, facendo referencia á inclusión dos cambios nas actas do Departamento.

Na presente programación as principais modificacións con respecto á de 2018-19 son:

1. Composición do Departamento
2. Secuencia e temporalización en 1º, 2º e 3ºESO e Historia de España de 2º de Bacharelato
3. Actividades complementarias e Extraescolares en ESO e Bacharelato
4. Criterios e instrumentos de avaliación e cualificación xerais de Bacharelato e particulares de Historia da Arte de 2º

XH - IES GTB

# VI.- APROBACIÓN DA PROGRAMACIÓN

XH - IES GTB

## 1.- APROBACIÓN DA PROGRAMACIÓN.

A presente Programación do Departamento Didáctico de Xeografía e Historia para o curso escolar 2019-2020 foi aprobada e ratificada en reunión do mesmo realizada en Pontevedra con data 20 de Setembro de 2018. O arquivo definitivo foi creado en formato .pdf con data 23 de Setembro ás 00:58 h.

Asdo.: Cristina Ogando Díaz

Asdo.: Montserrat García-Lastra Merino

Asdo.: Mª do Carme Carral Corbacho

Asdo.: Ana Martín Fernández

Asdo.: Alberto Veiga Puente

XH - IES GTB